



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 9 de maio de 2019

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez.
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.
D. Carlos López Font.
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego.
D^a. Olga Alonso Suárez.
M^a José Caride Estévez.

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte e cinco minutos do día nove de maio de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(372).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 3 de maio do 2019 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(373).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS SUBVENCÍONS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2019. EXPTE. 183199/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 23/04/19 e o informe de fiscalización do 30/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 23/04/19, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe de Área, a concelleira-delegada de Política Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro).

I.2. Mais especificamente, xa no eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador, constituíndose na principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación social e laboral.

I.3. En base ás competencias indicadas e co obxecto de mellorar a calidade de vida das persoas afectadas por graves discapacidades na súa mobilidade e evitar o risco de exclusión social por este motivo, o Concello de Vigo convoca a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, seguindo o procedemento que se indica nestas Bases e de acordo co marco xurídico configurado pola L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como os do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da L.38/2003.

I.4. O Concello de Vigo, a través da Concellería de Política Social e en base ás competencias indicadas nos parágrafos anteriores, considera necesario continuar co funcionamento do programa denominado “Bono-taxi”, que ten por obxecto establecer axudas económicas para posibilitar un medio de transporte alternativo a aquelas persoas que, por razón da grave dificultade de acceso, non poden utilizar o transporte colectivo.



Concello de Vigo

I.5. A mobilidade dentro das cidades é parte esencial da nosa vida cotiá: acceso ó lugar de traballo, hospitais, ambulatorios, relacións sociais, etc. A mobilidade dos individuos constitúe un elemento clave no desenvolvemento global e integrador na sociedade na que se enmarca. A medida que descende a capacidade de desprazamento das persoas maior é o seu afastamento dos elementos sociais nos que se desenvolve e, conseguintemente, maiores son os problemas de integración. É, polo tanto, unha necesidade para calquera cidadán poder desprazarse facilmente e con liberdade.

I.6. Con todo, o entorno non resulta igualmente accesible para todos. Existe un elevado número de persoas que por ter, temporal ou permanentemente, unha discapacidade ven a súa mobilidade reducida, necesitando a axuda doutra persoa para desprazarse ou sufrindo unha seria restrición do seu ámbito espacial de actuación.

Son, tamén, moitas persoas que, ó non dispor de vehículo propio dependen do transporte público e, precisamente, as que padecen algún problema de mobilidade son as que teñen unha maior dependencia deste tipo de transporte. Sen esquecer os custos económicos, sociais e medioambientais que o uso maioritario de transporte privado ocasiona tanto ó usuario como á sociedade en xeral.

Conclúese, pois, que o transporte é un elemento fundamental de integración na vida das persoas con discapacidade.

I.7. O taxi ten sido tradicionalmente o servizo público de transporte porta a porta, ten dispoñibilidade horaria e ás veces, hai unha atención personalizada do condutor. En contrapartida, é o sistema de transporte máis caro en superficie. Polo tanto, é un elemento clave no desprazamento de persoas con necesidades especiais de mobilidade, de ahí a importancia que ten a mellora da súa accesibilidade.

I.8. Polo anterior, a convocatoria das axudas individuais que se achega, ven a establecer o marco de actuación para o procedemento aplicable ó longo do ano 2019, respectando os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

I.9. O Concello de Vigo, na convocatoria das subvencións para o programa bono-taxi, prevé un contrato cunha entidade bancaria que emitirá unha tarxeta prepago. Trala carga do diñeiro na tarxeta por parte do Concello, o usuario da mesma pode realizar operacións ata consumir o saldo dispoñible ou ata a finalización do prazo establecido.

O titular da tarxeta prepago será o Concello de Vigo. A operatividade da tarxeta restrinxirase ó uso do sector de actividade da categoría comercial "taxis"; desta forma garántese que o usuario da tarxeta soamente poderá utilizala no servizo público de taxis de Vigo.

I.10. Para subvencionar ás persoas beneficiarias do programa “Bono-taxi” 2019 cóntase cunha partida específica por importe de 25.000,00 € (aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.11: “*Subvencións taxi discapacitados*”).

I.11. A lexislación aplicable é a que resulta da seguinte normativa configuradora do réxime xurídico das subvencións: Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polo Regulamento de Subvencións e polas propias bases da convocatoria e demais normas de desenvolvemento.

II. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras das subvencións destinadas a proporcionar, no exercicio de 2019, mediante a utilización do “*Bono-taxi*”, un medio alternativo de transporte adaptado a aquelas persoas con discapacidade, gravemente afectadas na súa mobilidade, que non poden utilizar con carácter xeral o transporte público colectivo.

SEGUNDO: Autorizar o gasto de 25.000€ (VINTECINCO MIL EUROS) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.11 dos orzamentos municipais (“*Subvencións taxi discapacitados*”).

TERCEIRO: Aprobar, para os efectos do disposto nos Arts. 17.3.b), 18, 20.8 e 23.2 da LXS, a convocatoria destas axudas e o seu extracto, que deberá ser publicado no BOP de Pontevedra por conduto da BDNS, con indicación do Boletín oficial no que se publiquen as Bases. Remítiranse tamén á BDNS os datos esenciais que permitan identificar as axudas convocadas (“*datos estruturados*”). Cando se rexistre a convocatoria na BDNS deberá especificarse que as concesións que se realicen con cargo á mesma non deben ser obxecto de publicación, de acordo co establecido na LO.1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

«BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2019»

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro).

Mais especificamente, xa no eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador, constituíndose na principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación social e laboral.

II

En base ás competencias indicadas e co obxecto de mellorar a calidade de vida das persoas afectadas por graves discapacidades na súa mobilidade e evitar o risco de exclusión social por este motivo, é intención do Concello de Vigo convocar, un ano máis, a concesión de subvencións en réxime de concorrencia, seguindo o procedemento que se indica nestas Bases e de acordo co marco xurídico configurado pola L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como os do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da L.38/2003.

BASES

PRIMEIRA.- Obxecto das bases reguladoras. Convocatoria.

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras para a concesión de axudas do programa denominado “Bono-taxi”. Trátase de axudas económicas de carácter

individual que concede o Concello de Vigo a persoas con discapacidade que, por ter gravemente afectada a súa mobilidade, non poden utilizar con carácter xeral o transporte público colectivo, co obxecto de proporcionarlles un servizo de desprazamento en taxi.

En cumprimento do disposto na L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e na demais normativa aplicable, as Bases reguladoras destas subvencións deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno Local e publicadas no BOP de Pontevedra. O extracto da convocatoria será publicada no mesmo diario oficial por conducto da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS).

SEGUNDA.- Finalidade das subvencións.

A finalidade destas axudas económicas é a de favorecer o desprazamento na cidade, mediante a utilización do servizo público de taxi, a aquelas persoas afectadas de graves dificultades de mobilidade e que non poden utilizar o transporte público colectivo.

TERCEIRA.- Financiamento.

O importe total das subvencións a conceder non excederá do límite de 25.000€ e financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.11 “*Subvención taxis discapacitados*”. Tendo en conta o crédito do que se dispoña no momento da convocatoria, concederanse as axudas ata que se esgote o orzamento.

CUARTA.- Contía das subvencións.

O importe destas axudas non poderá superar a cantidade anualmente presupostada para esta finalidade, repartíndose a contía mencionada no apartado anterior entre as persoas usuarias, segundo os tramos de ingresos que a continuación se sinalan, sendo a contía máxima por usuario de 300€ e a mínima de 100€.

Capacidade económica usuario/a	Importe da subvención bono-taxi
Entre 0 e 600,00€	300,00 €
Entre 600,01€ e 800,00€	200,00 €
Entre 800,01€ e 1.344,60€	100,00 €

Cando o Concello teña coñecemento, ata o 1 de outubro do 2019, de que un usuario non vaia a facer uso da tarxeta (por falecemento, traslado fora do termo municipal, etc.) e o saldo existente sexa superior a 100€ será adxudicado á seguinte persoa da lista de agarda.



Concello de Vigo

QUINTA.- Beneficiarios/as das subvencións.

Poderán ser beneficiarios/as destas axudas as persoas con discapacidade que teñan recoñecida unha discapacidade que afecte gravemente á súa mobilidade, impedíndolle a utilización dos transportes públicos colectivos, sempre que non se atopen comprendidas nalgunha das prohibicións para ser beneficiario de subvencións previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Concello de Vigo poderá denegar esta subvención a aquelas persoas das que teña constancia fidedigna de que a súa situación de dependencia lles impide o desprazamento en taxi.

SEXTA.- Requisitos dos/as solicitantes.

Poderán solicitar a subvención destinada a “bono-taxi” as persoas con discapacidade que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroadas no municipio de Vigo cunha antigüidade dun ano, anterior á apertura do prazo da convocatoria e permanecer de alta no Padrón Municipal mentres perciba a axuda.
- b) Ter catro anos de idade cumpridos antes da finalización do prazo para solicitar as axudas.
- c) Ter recoñecida a condición legal de discapacidade que afecte gravemente á súa mobilidade, non podendo utilizar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial de discapacidade, emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia (baremo Real Decreto 1971/1999 A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D,E,F,G,H).
- d) Non constar como titular de vehículo automóbil propio.
- e) Non dispor duns ingresos per cápita netos superiores a 2,5 do IPREM vixente (16.135,20 € anuais ou 1.344,60 € mensuais).
- f) Os recursos económicos teranse en conta para establecer a lista de concesión do “bono-taxi”, que será por orde inversa á contía mensual da persoa solicitante e para a asignación do importe da subvención.

Para o cómputo dos recursos económicos terase en conta a renda persoal neta do solicitante do último exercicio fiscal.

- No caso de que a persoa solicitante teña cónxuxe ou parella de feito, entenderase como renda persoal neta a metade da suma dos ingresos de ambos membros da parella.
- No caso de que a persoa solicitante careza de ingresos ou sexa menor de idade, valoraranse os ingresos da/s persoa/s da/s que dependa economicamente (pai, nai, titor, etc). Neste caso calcularase a renda per cápita e deberán achegar a declaración do IRPF.

A renda per cápita calcularase tendo en conta a totalidade dos rendementos netos derivados de:

- ➔ Rendementos do traballo
- ➔ Rendementos do capital mobiliario e inmobiliario
- ➔ Rendementos das actividades económicas
- ➔ Outros rendementos que consten na declaración.

g) Estar ó corrente nos pagamentos coa AEAT, Axencia Tributaria de Galicia, Concello de Vigo e Seguridade Social.

SÉTIMA.- Solicitude e documentación.

As axudas serán solicitadas polas persoas que pretendan ser usuarias ou por quen ostente a súa representación, nos supostos de menores de idade ou persoas con declaración de incapacidade. A solicitude, segundo modelo do Anexo, irá acompañada da seguinte documentación:

- 1) Fotocopia do DNI do solicitante e, no seu caso, DNI do representante legal e documentación acreditativa da patria potestade ou representante legal do menor (libro de familia ou resolución xudicial).
- 2) Fotocopia do certificado oficial de discapacidade expedido polo Equipo de Valoración e Orientación, no que conste na súa valoración de mobilidade que ten dificultade para a utilización do transporte público colectivo. Aquelas persoas que teñen a certificación definitiva do EVO e xa solicitasen a subvención en anos anteriores nona presentarán de novo.



Concello de Vigo

3) Declaración responsable segundo modelo Anexo na que se faga constar:

- Que o solicitante non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición enumeradas no artigo 13 da L.38/2003, xeral de subvencións e 10 da L.9/2007, de subvencións de Galicia e que non ten pendentes de pagamento débedas tributarias coa AEAT, Axencia Tributaria de Galicia, Concello de Vigo e Seguridade Social.
- Que non é titular de vehículo automóbil propio.
- Que acepta as actuacións de comprobación que acorde a Comisión de Valoración.
- Que se compromete a utilizar a axuda unicamente para desprazamentos dentro do termo municipal de Vigo.

4) Xustificación documental dos recursos económicos:

4.1) Teranse en conta os ingresos da persoa solicitante que achegará, en todo caso:

- Certificado anual dos ingresos percibidos no ano 2017, das pensións da seguridade social, subsidio de desemprego, pensións non contributivas, RISGA ou calquera outra prestación pública que se estea a percibir (*). Teranse en conta os ingresos anuais correspondentes o derradeiro exercicio do IRPF.
- Declaración de IRPF do último exercicio de todos os membros da unidade familiar (*).

(*). Só no caso de que o solicitante non autorice ó Concello de Vigo para obter doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver a solicitude, incluída a AEAT.

4.2) Se a persoa solicitante tivese cónxuxe ou parella de feito, entenderase como renda persoal a metade da suma dos ingresos netos da parella e terán que achegar a mesma documentación cá solicitante.

(*). Só no caso de que o solicitante non autorice ó Concello de Vigo para obter doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver a solicitude, incluída a AEAT.

4.3) Se o solicitante carece de ingresos ou é menor de idade, valoraranse os ingresos da/s persoa/s da/s que dependa economicamente (pai, nai, fillo, titores, etc.). Neste caso calcularase a renda per cápita familiar neta. Achegarase a declaración da renda das persoas das que dependa (*).

(*) Só no caso de que as persoas das que dependa o menor de idade non autoricen ó Concello de Vigo para obter doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver a solicitude, incluída a AEAT.

5) Cesión de datos de carácter persoal á entidade encargada de emitir as tarxetas “bono-taxi”, segundo modelo Anexo.

O Departamento de Benestar social poderá solicitar calquera outra documentación que se considere conveniente na instrución do procedemento.

OITAVA.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes deberán formularse mediante instancia asinada pola persoa solicitante ou representante legal que deberá axustarse ó modelo normalizado (Anexo).

O prazo de presentación das solicitudes será de 20 días naturais contados a partir do seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial de Pontevedra na forma e nos termos previstos na LXS (Arts. 17.3.b], 18 e 20.8.a]) en relación coa BDNS (Resolucións IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015). Así mesmo publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, nos centros de Servizos Sociais Municipais e na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>

As solicitudes acompañaranse da documentación a que fai referencia a base sétima.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, requirirase á persoa solicitante que a emende no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistida a súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas (LPACAP).

A solicitude implicará a autorización ó Concello de Vigo para que realice as actuacións de comprobación que resulten procedentes, ós efectos de verificar a información facilitada polas persoas solicitantes, a concorrencia dos requisitos esixidos e o cumprimento das obrigas da persoa beneficiaria derivadas da concesión.



Concello de Vigo

As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou nos demais rexistros e lugares previstos no artigo 16.4 da LPACAP.

NOVENA.- Instrución e resolución das subvencións.

O órgano competente para a instrución do procedemento das axudas será o Departamento de Benestar Social, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

O órgano instrutor incorporará informe no que se acredite que da documentación que ten no seu poder despréndese que todos os beneficiarios cumpren os requisitos estipulados

A proposta de resolución para a concesión das subvencións corresponderá o órgano instrutor previa avaliación da Comisión de Valoración formada polo Xefe de Área de Benestar social, a Xefa do Servizo e á técnica responsable do programa “bono-taxi”, ou persoas en que deleguen.

A Xunta de Goberno Local, por proposta da Comisión de valoración, acordará conceder ou desestimar as subvencións con cargo á partida e polo importe máximo sinalado na base terceira.

DÉCIMA.- Prazo de resolución e notificación.

A Xunta de Goberno Local resolverá, de xeito motivado, a concesión ou desestimación das axudas solicitadas no prazo de tres (3) meses, que se contará desde a data de terminación do prazo de presentación das solicitudes.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución, lexitima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

A resolución do procedemento notificaráselles ós interesados conforme co previsto no Art. 24 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo da publicidade que deste proceso se faga na web municipal www.vigo.org, no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nos Centros de Servizos Sociais e no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” <http://transparencia.vigo.org>. Publicarase a relación das persoas beneficiarias (só identificadas co número de documento da solicitude e o seu DNI/NIE/Pasaporte), axudas

concedidas ou desestimadas e a súa contía. Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos nacional de Subvencións (BDNS).

As persoas beneficiarias terán un prazo dun (1) mes para retirar a súa tarxeta, dende o día seguinte ó da notificación da concesión. De non facelo nese prazo, a tarxeta anularase e o seu importe concederáselle ás seguintes persoas da lista de agarda.

DECIMOPRIMEIRA.- Compatibilidade.

Esta subvención será compatible coa percepción doutras subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración pública ou entidade.

DECIMOSEGUNDA.- Pagamentos.

Esta subvención concrétase na concesión dunha axuda económica que será utilizada polas persoas beneficiarias nos seus desprazamentos persoais, facendo uso do servizo público de taxi dentro do termo municipal de Vigo. Os pagamentos serán efectuados a través dunha tarxeta prepago que se entregará a cada beneficiario da subvención.

DECIMOTERCEIRA.- Normas xerais de utilización.

- a) Os servizos de taxi serán persoais, tendo como finalidade favorecer os desprazamentos mediante a utilización dos taxis públicos de Vigo. As tarxetas serán de uso exclusivo no Termo Municipal de Vigo.
- b) Os beneficiarios contarán cunha tarxeta prepago na que se estamparán o seu nome e apelidos, sen custo ningún para o beneficiario.
- c) A contía da subvención cargarase na tarxeta prepago no momento da concesión e iranse descontando os importes dos servizos realizados ata a finalización da cantidade concedida ou do prazo establecido.
- d) A titularidade de cada tarxeta emitida recaerá no Concello de Vigo (Departamento de Benestar social). O Concello de Vigo cederá os datos de nome, apelidos e teléfono móbil, previa autorización do beneficiario para a realización das operacións e procesos relativos á activación e xestión da tarxeta prepago, incluíndo o envío ó número de teléfono móbil dunha mensaxe SMS informando do PIN asociado á tarxeta e do saldo inicial dispoñible con cargo a ela.
- e) A persoa titular deberá asinar a tarxeta e, no momento do pagamento, fixarse no importe que asina.
- f) A tarxeta prepago para “bono-taxi” estará operativa ata que sexa aprobada no próximo ano a convocatoria de solicitude destas axudas.



Concello de Vigo

- g) A tarxeta entregárase inactiva, será o Concello de Vigo quen propoña a súa activación a entidade bancaria colaboradora. Nun prazo máximo de 72 horas estará activada.
A persoa beneficiaria non tén que ir a entidade bancaria.
- h) Unha vez activada a tarxeta, será notificado ó/a beneficiario/a pola entidade bancaria colaboradora mediante SMS ó móbil que sinalou na súa solicitude. Se non achegou número de móbil a tarxeta actívase igualmente.
- i) O número secreto de PIN comunicáraselle ó beneficiario da axuda a través de SMS ó seu móbil. Para facer o pagamento no taxi non é necesario o PIN, se o taxista o pide nono poña, pulse a tecla verde no TPV.
- j) A finalidade do PIN é coñecer o saldo dispoñible da tarxeta que pode facelo a través da web <https://www.damemisaldo.com> ou na entidade bancaria colaboradora.
- k) No caso de extravío, subtracción ou deterioro da tarxeta, o beneficiario deberá comunicalo no teléfono 902.121.314 identificándose como beneficiario da tarxeta prepago do Concello de Vigo, ou comunicar o extravío no Concello.
- l) O uso indebido ou fraudulento da axuda poderá dar lugar, previa instrución do procedemento administrativo correspondente, á perda do dereito ó seu goce.
- m) Poderá utilizarse calquera taxi da cidade sempre que o taxista acepte pagamentos con este tipo de tarxeta e dispoña de conexión on-line cunha entidade financeira. É recomendable que o usuario poña en coñecemento do taxista, antes de comezar a carreira, que vai facer o pagamento da viaxe coa tarxeta prepago "bono-taxi", para asegurarse de que é posible o pagamento con tarxeta de banda magnética.
- n) Calquera anomalía que se observe na prestación do servizo será posta en coñecemento do Concello de Vigo.
- o) A operatividade da tarxeta restrinxirase ó uso do sector de actividade da categoría comercial "taxis"; desta forma garántese que o beneficiario da tarxeta soamente poderá utilizala no servizo público de taxis de Vigo.

DECIMOCUARTA.- Réxime de recursos.

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten en execución das mesmas poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano municipal autor do acto administrativo no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte da notificación ou, no seu caso, publicación ou, alternativamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses a partir do día seguinte ó da notificación/publicación do acto que se recorra. Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten en execución das mesmas poderán interporse, potestativamente, os seguintes recursos:

DECIMOQUINTA.- Tratamento de datos persoais.

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das persoas solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Cando se rexistre a convocatoria destas axudas na BDNS deberá especificarse que as concesións que se realicen con cargo á mesma non deben ser obxecto de publicación ó abeiro do establecido na LO.1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

DECIMO SEXTA.- Norma final.

En todo aquilo non previsto na presente convocatoria, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (artigo 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (artigo 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento (RD 887/2006, do 21 de xuño), a lexislación básica do Estado de Réxime local, a L.9/2007, de subvencións de Galicia, as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



Concello de Vigo



Concello de Vigo
C.I.F. P3605700H
Praza do Rei 1 - 36202
Tel: 986 810 100

IMPRESO DE SOLICITUDE

**SUBVENCIÓN DE
BONO-TAXI**

CONCELLERÍA
POLÍTICA SOCIAL

Selo rexistro

Solicita por primeira vez o BONO-TAXI? **Sí** **Non**

SEÑOR/A ALCALDE/SA-PRESIDENTE/A DO CONCELLO DE VIGO

SOLICITANTE	* DNI ou CIF	* Nome e apelidos				* Teléfono Fixo			* Telé- fno móvil (obrigato- rio)
	ENDEREZO FISCAL								
	* Nome da rúa, praza, etc				* Número	Portal	Escalera	* Piso	* Porta
Parroquia	* Municipio	* Data nacemento	* País nacemento		Correo electrónico				

REPRESENTANTE	DNI ou CIF	Nome e apelidos ou razón social				Teléfono 1		Teléfono 2	
	Nome da rúa, praza, etc			Número	Portal	Escalera	Piso	Porta	Cód. Postal
	Parroquia	Municipio	Provincia		Correo electrónico				

DATOS DO/A CÓNXUXE OU PARELLA COA QUE CONVIVE:

* DNI ou CIF	* Nome e apelidos	Data de nacemento	Teléfono 1
--------------	-------------------	-------------------	------------

*Campos que se deberán cubrir obrigatoriamente.

COMPOSICIÓN DA UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA / INGRESOS

* este apartado só se cubrirá se o/a **solicitante** carece de ingresos ou é menor de idade

Apelidos e Nome	Parentesco co solicitante	CONCEPTO INGRESOS (traballo, pensión, RISGA, desemprego)	SINATURA
Solicitante			

Nº EXPEDIENTE RELACIONADO (SE PROCEDE)	Pode consultar o estado da súa solicitude accedendo a Oficina Virtual do Concello na web www.vigo.org . Tamén pode recibir información adicional indicando o método	<input type="checkbox"/> Mensaxe (SMS) ao móbil: <input type="checkbox"/> Correo electrónico.
---	---	--

A persoas asinantes autorizan ao Concello de Vigo (Departamento de Benestar Social) a obter das Administracións públicas e organismos públicos e privados, os documentos e certificados necesarios para a tramitación desta solicitude.

O/A solicitante declara que os datos que figuran nesta solicitude son certos.

..... de de
Sinatura do solicitante ou representante legal

..... de de
Sinatura do cónxuxe ou parella

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da L.3/2018 de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos persoais das persoas solicitantes, dos seus representantes e do resto dos integrantes da unidade de convivencia serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións. Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e coxeados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso dos/as usuarios/as e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org



Concello de Vigo
C.I.F. P3605700H
Praza do Rei 1 - 36202
Tel: 986 810 100

SUBVENCIÓN DE BONO-TAXI

CONCELLERÍA POLÍTICA SOCIAL

- 1) Fotocopia do DNI do solicitante e, no seu caso, DNI do representante legal. Documentación acreditativa da patria potestade ou representante legal do menor (libro de familia ou resolución xudicial)
- 2) Fotocopia do certificado do grao de discapacidade, expedido polo Equipo de Valoración e Orientación, no que conste na súa valoración de mobilidade que ten difficultade para a utilización do transporte público colectivo (aquelas persoas que teñen a certificación definitiva e xa solicitaran a subvención en anos anteriores non a presentarán de novo).
- 3) Declaración responsable, Anexo II, na que se faga constar:
 - Que o solicitante non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición enumeradas no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, entre outros (non ter pendentes de pagamento débedas tributarias coa AEAT, co Concello de Vigo, coa Seguridade Social e coa Xunta).
 - Non ser titular de vehículo automóbil propio.
 - Aceptar as actuacións de comprobación que acorde a Comisión de Valoración.
 - Utilizar a axuda unicamente para desprazamentos dentro do termo municipal.
- 4) Xustificación documental dos recursos económicos:
 - 4.1) Teranse en conta os ingresos da persoa solicitante que achegará, en todo caso:



Concello de Vigo

- Certificado anual dos ingresos, das pensións da seguridade social, subsidio de desemprego, pensións non contributivas, RISGA ou calquera outra prestación pública que se estea a percibir. (terase en conta o ano do último exercicio do IRPF) (*)
- Declaración de IRPF do último exercicio de todos os membros da unidade familiar (*)

(*) só no caso de que o solicitante non autorice ó Concello de Vigo para obter doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver a solicitude, incluída a AEAT, segundo modelo que se anexa.

4.2) No caso de que a persoa solicitante tivese cónxuxe ou parella de feito, entenderase como renda persoal a metade da suma dos ingresos netos da parella e terán que achegar a mesma documentación có solicitante. (*)

(*) só no caso de que o cónxuxe ou parella de feito do solicitante non autorice ó Concello de Vigo para obter doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver a solicitude, incluída a AEAT, segundo modelo que se anexa.

4.3) Se o solicitante carece de ingresos ou é menor de idade, valoraranse os ingresos da/s persoa/s da/s que dependa economicamente (pai, nai, fillo, titores, etc.). Neste caso calcularase a renda per cápita familiar neta. Achegarase a declaración da renda das persoas das que dependa. (*)

(*) só no caso de que as persoas das que dependa o menor de idade non autoricen ó Concello de Vigo para obter doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver a solicitude, incluída a AEAT, segundo modelo que se anexa.

5) Anexo III- Cesión de datos de carácter persoal á entidade encargada de emitir as tarxetas "bono-taxi"

O Departamento de Benestar social poderá solicitar calquera outra documentación que se considere conveniente na instrución do procedemento.

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da L.3/2018 de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos persoais das persoas solicitantes, dos seus representantes e do resto dos integrantes da unidade de convivencia serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións. Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso dos/as usuarios/as e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade a sí como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpp.vigo@vigo.org

ANEXO II - DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/A SOLICITANTE DA AXUDA

Don/Dona _____, con DNI/NIF núm. _____

Representante legal:

Don/Dona _____, con DNI/NIF núm. _____

Declaro baixo a miña responsabilidade:

- Non estar incurso en ningunha das prohibicións para ser beneficiario de subvencións e, en particular, non ter pendentes de pagamento débedas tributarias coa AEAT, Axencia Tributaria de Galicia, Concello de Vigo e Seguridade Social.
- Non ser titular de vehículo automóbil propio.
- Aceptar as actuacións de comprobación que acorde a Comisión de Valoración.
- Utilizar a axuda para desprazamentos dentro do termo municipal de Vigo.

Vigo,dede 201_

Asdo:.....
(O/a solicitante ou representante legal)

ANEXO III - CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

“Eu, Don/Dona _____, con DNI/NIF
núm. _____,

Representante legal:

Don/Dona _____, con DNI/NIF
núm. _____,

Quedo informado/a de que, por virtude do contrato de servizos bancarios subscrito entre o CONCELLO DE VIGO e ABANCA esta última é a entidade financeira emisora das tarxetas prepago da marca VISA das que o CONCELLO DE VIGO dispón e ofrece no eido das axudas ós discapitados. En consecuencia, consinto que os datos do meu nome, apelidos e número de teléfono móbil sexan comunicados polo CONCELLO DE VIGO a ABANCA coa finalidade de que esta última poida tratalos e utilizalos para emitir ó meu favor, estampar e gravar a correspondente tarxeta, da que será titular o CONCELLO DE VIGO, así como para realizar as operacións e procesos relativos á súa activación e xestión, incluíndo o envío ó meu número de teléfono móbil dunha mensaxe SMS informándome do PIN asociado á tarxeta e do saldo inicial dispoñible con cargo a ela, así como doutras mensaxes SMS informándome das recargas que, no seu caso, o CONCELLO DE VIGO efectúe. Quedo así mesmo informado/a de que, en relación cos meus datos de carácter persoal comunicados polo CONCELLO DE VIGO á ABANCA, poderei exercitar, nos termos previstos na lexislación vixente, os dereitos de acceso,



Concello de Vigo

rectificación, cancelación e oposición, dirixíndome por escrito ó Servizo de Atención ó Cliente de ABANCA: Rúa de San Andrés 135-137, baixo (A Coruña, CP 15003) / atencioncliente@abanca.

Vigo,dede 201_

Asdo:.....
(O/a solicitante ou representante legal)

CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE «SUBVENCÍONS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSONAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2019»

Bases reguladoras

As Bases reguladoras das «SUBVENCÍONS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSONAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2019», aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº de

Crédito orzamentario.

O importe total das subvencións a conceder no excederá do límite de 25.000€ e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.11 (“Subvencións taxis discapacitados”).

Obxectivo, finalidade e destinatarios.

Trátase de axudas económicas de carácter individual que se conceden a aquelas persoas con discapacidade que, por ter gravemente afectada a súa mobilidade, non poden utilizar o transporte público colectivo. O obxectivo é proporcionarlles un servizo alternativo de desprazamento en taxi.

Réxime de concesión.

A concesión destas axudas realizarase en réxime de concorrencia, conforme ó procedemento establecido nas bases e de acordo cos principios de publicidade e obxectividade.

Requisitos.

Poderán solicitar as axudas de “bono-taxi” as persoas con discapacidade que cumpran os requisitos previstos na Base sexta.

Instrucción e resolución: órganos competentes.

O órgano competente para a instrucción do procedemento será o Departamento de Benestar social do Concello de Vigo. A proposta de resolución corresponderá ó órgano instructor previa avaliación da Comisión de Valoración. A Xunta de Goberno Local, por proposta desa Comisión, acordará estimar ou desestimar as solicitudes.

Presentación de solicitudes e prazo.

As solicitudes deberán formularse mediante instancia asinada pola persoa solicitante ou representante legal e axustarse ó modelo normalizado (Anexo I). Deberán ir acompañadas da documentación indicada na Base sétima e poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou nos demais rexistros e lugares previstos no artigo 16.4 da L.39/2015.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días naturais, contados desde o día seguinte da publicación oficial do extracto da convocatoria na forma e os termos previstos na LXS (Arts. 17.3.b], 18 e 20.8.a]) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións - BDNS (Resolucións IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015). Así mesmo publicárase no taboleiro oficial de anuncios do Concello de Vigo, nas Unidades de Traballo Social e na páxina web municipal www.vigo.org debendo inserirse tamén no seu "Portal de Transparencia e Bo Goberno" <http://transparencia.vigo.org>

Prazo de resolución e notificación.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres meses contados desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexitimará ós interesados para entendela desestimada por silencio administrativo.

Recursos.

Contra as bases e as resolucións administrativas que se adopten en execución das mesmas poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano municipal autor do acto no prazo dun mes a partir do día seguinte da notificación ou, de ser o caso, publicación do acto que se recorra ou, alternativamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ó da notificación/publicación do acto.

Criterios de valoración e distribución das axudas.

O importe destas axudas non poderá superar a cantidade anualmente presupostada para esta finalidade, 25.000€, repartíndose a contía mencionada entre as persoas beneficiarias segundo os tramos de ingresos que a seguir se sinalan, sendo a máxima por usuario de 300€ e a mínima de 100€ .



Concello de Vigo

Capacidade económica usuario/a	Importe da subvención bono-taxi
Entre 0 e 600,00€	300,00 €
Entre 600,01€ e 800,00€	200,00 €
Entre 800,01€ e 1,344,60€	100,00 €

Publicidade.

A resolución do procedemento notificaráselle ás persoas interesadas, sen prexuízo da publicidade que se faga na web municipal www.vigo.org, no taboleiro de anuncios do Concello, nas Unidades de Traballo Social e no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” <http://transparencia.vigo.org>. Publicarase a relación das persoas beneficiarias (só identificadas co número de documento da solicitude e o seu DNI/NIE/Pasaporte), axudas concedidas ou denegadas e a súa contía. Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Cando se rexistre a convocatoria destas axudas na BDNS deberá especificarse que as concesións que se realicen con cargo á mesma non deben ser obxecto de publicación ó abeiro do establecido na LO.1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE «SUBVENCIÓNS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE UTILIZACIÓN DO BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SUA MOVILIDADE – ANO 2019»

De conformidade co previsto nos arts. 17.3.b) e 20.8.a) da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o EXTRACTO DA CONVOCATORIA do Programa de axudas indicado. O seu texto íntegro pode consultarse na web da BDNS.

Obxectivo, finalidade e destinatarios.

Trátase de axudas económicas de carácter individual que se conceden a aquelas persoas con discapacidade que, por ter gravemente afectada a súa mobilidade, non poden utilizar o transporte público colectivo. O obxectivo é proporcionarlles un servizo alternativo de desprazamento en taxi.

Bases reguladoras

As Bases reguladoras das «SUBVENCIÓNS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DO BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOVILIDADE – ANO 2019», aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº de

Crédito orzamentario.

O importe total das subvencións a conceder non excederá do límite de 25.000€ e financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.11 (“*Subvención bono-taxis discapacitados*”).

Réxime de concesión.

A concesión destas axudas realizarase en réxime de concorrencia.

Requisitos.

Poderán solicitar as axudas de “bono-taxi” as persoas con discapacidade que cumpran os requisitos previstos na Base sexta.

Presentación de solicitudes e prazo.

As solicitudes deberán formularse mediante instancia asinada pola persoa solicitante ou representante legal e axustarse ao modelo normalizado (Anexo I). Deberán ir acompañadas da documentación indicada na Base sétima e poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello ou nos demais rexistros e lugares previstos no artigo 16.4 da L.39/2015. O prazo será de vinte (20) días naturais, contados desde o día seguinte da publicación oficial do extracto da convocatoria

Prazo de resolución e notificación.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres meses contados desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexitimará aos interesados para entendela desestimada por silencio administrativo.

3(374).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI”-SOGAPS PARA DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “VACACIÓNS EN PAZ 2019-2021”. EXPTE. 180641/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 09/04/19 e o informe de fiscalización do 30/04/19, dáse conta do informe-proposta de data, 09/04/19, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe de Área, a concelleira-delegada de Política Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. INFORME



Concello de Vigo

I.1. A asociación «Solidariedade Galega co Pobo Saharai» ten, entre os seus fins, promover o entendemento e desenvolvemento dos vínculos de amizade entre o pobo galego e o pobo saharai, auspiciar iniciativas que favorezan o intercambio cultural, social, económico e político entre ámbolos dous pobos e propiciar e desenvolver proxectos de asistencia humanitaria e programas de cooperación co pobo saharai.

I.2. Estes fins materialízanse no seu proxecto de acollemento familiar temporal “VACACIONS EN PAZ”, que posibilita o desprazamento de nenos e nenas saharais desde os campamentos de refuxiados de Tindouf á nosa cidade para seren acollidos por parte de familias viguesas durante os meses de xullo e agosto. Facilitarlles asistencia médica, ofertar unha alternativa de lecer e tempo libre así como sensibilizar sobre a situación do pobo saharai son algúns dos obxectivos que se pretenden con esta iniciativa.

I.3. Este proxecto desenvólvese desde hai máis de quince (15) anos, amosando unha capacidade de organización e responsabilidade notorias, contando cunha grande experiencia e unha ampla rede de solidariedade en Vigo. Enténdese que as Administracións Públicas deben apoiar, na medida das súas posibilidades, as actitudes solidarias destes cidadáns; apoio que se traduce en subvencionar o desprazamento destes nenos ata a nosa cidade.

I.4. Para a realización de canto antecede, no orzamento de Benestar Social do ano 2019 existe consignación de crédito na aplicación nº 2310.489.00.11 – *convenio saharais*-, por un importe de 60.000 €. A subvención que se propón está prevista, pois, no orzamento de Benestar Social polo que ten a consideración de subvención directa (nominativa) segundo o artigo 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As subvencións previstas para os exercicios posteriores de 2020 e 2021 (outros 60.000€/ano) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos.

I.5. A máis abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. A concesión desta subvención artículase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de execución do orzamento: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

I.6. Tendo en conta as características humanitarias do proxecto, enmarcable nas axudas de cooperación ó desenvolvemento, e as necesidades específicas da entidade promotora para

levalo a cabo, obrigada a efectuar o pagamento dos billetes de avión dos/as nenos/as ás liñas aéreas alxerianas nos primeiros meses do ano, realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención *“sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida”*.

I.7. Neste caso, o obxecto de subvención vai destinada a financiar os gastos do desprazamento, desde Tindouf ata Vigo, de menores refuxiados do Sáhara Occidental; nenos e nenas que sobreviven nunhas condicións de vida moi difíciles, con grandes carencias sanitarias e alimenticias, polo que a razón humanitaria está suficientemente xustificada.

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o Convenio de colaboración coa Asociación «Solidariedade Galega co Pobo Saharai» para a execución do proxecto de acollemento familiar temporal “VACACIONS EN PAZ” (anos 2019-2021).

I.8. Tal como se recolle expresamente na proposta de Convenio coa «Asociación Solidariedade galega co Pobo Saharai» sometida á aprobación da XGL, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que *«non se entenderá como exercicio de novas competencias»*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.9. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de tres (3) anos (2019, 2020 e 2021), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.



Concello de Vigo

En todo caso, como dixemos antes, as anualidades futuras quedarán necesariamente subordinadas ó crédito que se consigne no seu caso nos respectivos orzamentos de 2020 e 2021.

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ó texto do convenio de colaboración entre a Concellería de Política Social e a «Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai» (CIF G-15924558), para o desenvolvemento do proxecto de acollemento familiar temporal “Vacacións en paz” (2019-2021).

SEGUNDO.- Aprobar o gasto total de 180.000€, a razón de 60.000€/ano, con cargo no exercicio de 2019 á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.11 -*Convenio saharai*–, destinado a financiar os gastos de desprazamento de nenos/as saharais procedentes dos campamentos de refuxiados en Tindouf. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2020 e 2021) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “*convocatoria instrumental*” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACOLLEMENTO FAMILIAR TEMPORAL “VACACIONS EN PAZ” (2019-2021)»

En Vigo, na Casa do Concello, o de 2019

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido pola Secretaria de Goberno Local, D^a. M^a Concepción Campos Acuña.

Doutra parte,

D^a. María Isla Aviión, con DNI nº 35.544.300-P, Presidenta da «Asociación Solidariedade galega co Pobo Saharai» (SOGAPS), CIF nº G-15924558, con sede social na Avda. Gregorio Espino, nº 57, baixo, de Vigo.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D^a. María Isla Aviión, actuando en representación da Asociación «SOGAPS», segundo así resulta da certificación do acordo adoptado na súa Asemblea xeral extraordinaria do 08.10.2018 e dos seus estatutos, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. M^a Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a Asociación «SOGAPS» é unha ONG, inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia con número 2004/007037 que ten entre os seus fins promover o entendemento e desenvolvemento dos vínculos de amizade entre os Pobos galego e saharai, auspiciar iniciativas que favorezan o intercambio cultural, social, económico e político e propiciar e desenvolver proxectos de asistencia humanitaria e programas de cooperación co pobo saharai.



Concello de Vigo

II.- Que esta Asociación ven desenvolvendo co Concello de Vigo desde hai anos un importante labor coa realización do proxecto de acollemento familiar temporal denominado “Vacacións en Paz”, que posibilita o desprazamento de nenos e nenas saharauis desde os campamentos de refuxiados de Tindouf (Alxeria) ata a nosa cidade para seren acollidos por parte de familias viguesas durante os meses de xullo e agosto.

Facilitarlles asistencia médica e alimentación, evitar a súa estancia nos campamentos durante eses meses de verán nos que se acadan temperaturas de máis de 50°C no deserto, ofertarlles unha alternativa de lecer e tempo libre así como sensibilizar sobre a situación do Pobo saharai son algúns dos obxectivos que se pretenden con esta iniciativa.

A Asociación «SOGAPS» conta co recoñecemento do goberno saharai para a realización deste proxecto, sendo a única asociación autorizada para levalo a cabo en Galicia.

III.- Que o Concello de Vigo, tendo en conta as razóns de tipo humanitario e solidario implícitas neste proxecto de acollemento familiar temporal, xustifica e considera conveniente a concesión da subvención prevista. Ademais, os datos dispoñibles apuntan a un incremento da demanda de familias acolledoras, quedando mesmo familias sen esta posibilidade, polo que se entende que as Administracións públicas deben apoiar, na medida das súas posibilidades, as actitudes solidarias destes cidadáns; apoio que se traduce, no caso concreto, na concesión dunha subvención que faga posible o desprazamento destes nenos e nenas saharauis ata a nosa cidade.

IV.- Que a normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrència competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 22.2 e 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, en tanto que destinada a cofinanciar os gastos derivados dos desprazamentos de menores refuxiados do Sáhara occidental, nenos e nenas, nados no exilio, que sobreviven nunhas condicións de vida moi difíciles, con grandes carencias sanitarias e alimenticias, nun contorno de conflito armado e que precisan da axuda externa para sobrevivir.

VII.- Que o presente Convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Que en base ás precedentes consideracións e ó interese social e humanitario que para o Concello de Vigo representa a actividade da Asociación «SOGAPS», as partes intervintes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da precitada subvención de acordo coas seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Asociación Solidariedade galega co Pobo Saharai (SOGAPS)» para o desenvolvemento do proxecto de acollemento familiar temporal denominado “Vacacións en Paz”, que consiste no traslado a Vigo de nenos e nenas



Concello de Vigo

saharauis procedentes dos campamentos de refuxiados en Tindouf (Alxeria) para pasar dous meses de verán acollidos por familias viguesas. O número total de nenos/as beneficiarios/as estará en función do custo do traslado e da cantidade subvencionada.

SEGUNDA.- Para estes efectos, a Asociación «SOGAPS» comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social do Concello de Vigo nese traslado dos menores saharauis desde Alxeria ata Vigo para pasar o verán acollidos en familias da nosa cidade e, especificamente:

- A buscar e seleccionar ás posibles familias acolledoras.
- A asignar ós menores ás familias seleccionadas, así como a solicitarlles a documentación esixida tanto pola Subdirección do Menor da Xunta de Galicia como pola Subdelegación do Goberno. A Asociación comprométese tamén a facilitarlle ó Concello de Vigo o nome, enderezo e teléfono de contacto das familias acolledoras.
- A facer un exhaustivo seguimento do traslado dos menores desde Alxeria á nosa cidade, conxuntamente coa Delegación saharai para Galicia.
- A asegurarse de que as familias realizan as correspondentes revisións pediátricas ós menores por mor do convenio asinado coa Consellería de Sanidade e seguindo os criterios e parámetros marcados pola comisión médica da Asociación «SOGAPS».
- A dispor o necesario para subscribir as pólizas de seguros que garantan a cobertura de todos os aspectos da actividade.
- A cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- A someterse ás actuacións de comprobación que estime oportuno efectuar a entidade concedente, cumprindo todas as obrigas en canto á presentación da Memoria, xustificación dos gastos e cumprimento de obxectivos.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Asociación «SOGAPS» unha subvención para cada un dos exercicios de 2019, 2020 e 2021 por importe de 60.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 180.000€. O gasto correspondente a 2019 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.11 -convenio saharauis. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2020 e 2021) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por*

incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio».

CUARTA.- Tendo en conta as características humanitarias do proxecto, enmarcable nas axudas de cooperación ó desenvolvemento, e as necesidades específicas da entidade promotora para levalo a cabo, obrigada a efectuar con antelación o pagamento dos billetes de avión dos/as nenos/as ás liñas aéreas alxerianas, realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención “*sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida*”.

De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións e a propia Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, non será esixible a constitución de garantías.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

QUINTA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do Convenio.

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

SÉTIMA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.



Concello de Vigo

OITAVA.- No prazo de dous (2) meses desde o remate da actividade subvencionada e, en todo caso, antes do 01 de novembro de cada un dos tres exercicios (2019, 2020 e 2021) a beneficiaria comprométese a presentar a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e, de ser o caso, o importe, procedencia e aplicación doutras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

Así mesmo, deberá presentar unha Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e unha declaración responsable do perceptor acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
- Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

NOVENA.- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas, indicando o importe que se imputa á subvención (total/parcial).

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas, solicitará do servizo de Contabilidade o levantamento das ordes de pagamento e das facturas, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa desta, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, pero que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro na



Concello de Vigo

mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO CUARTA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de tres (3) anos (2019 – 2021), condicionado ó cumprimento dos obxectivos e á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios.

DÉCIMO QUINTA.- Calquera alteración do contido deste Convenio previsará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO SEXTA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccetes.).

DÉCIMO SÉTIMA.- Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do Convenio que estará composta por dous representantes da Asociación «SOGAPS» e dous representantes municipais e presidida pola Concelleira da Área de Política Social.

DÉCIMO OITAVA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO NOVENA.- Para o caso de que a entidade beneficiaria da subvención realice algún tipo de actividade publicitaria ou de difusión do proxecto subvencionado, deberá dar a axeitada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política Social.

VISÉXIMA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos

persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VISÉXIMO PRIMEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexeráse pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; polos pactos que se conteñen neste Convenio; as Bases de Execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

4(375).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE AXUDAS DE AMES (AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR) SOLICITADAS PARA COMEDOR CON CARÁCTER EXCEPCIONAL PARA O CURSO 2018-2019 EXPTE. 153042/301.



Concello de Vigo

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 3/05/19, asinado pola técnica responsable do Servizo de persoas maiores ,persoas con discapacidade e axudas municipais escolares, e pola concelleira-delegada da área de Política Social, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 03 de maio de 2018 acordou a aprobación das Bases reguladoras para a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor para alumnos/as de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria, do Concello de Vigo curso 2018-2019.

B.O.P nº 103 do 30.05.2018

Tal como indica a Base Cuarta:

“O programa de axudas para comedores escolares intégrase coas modalidades A) e B), que deben reunir os requisitos establecidos na Base sexta.

Modalidade A): Refírese a aquelas solicitudes presentadas no prazo ordinario establecido nestas Bases, tanto para as axudas municipais escolares de libros e material escolar como para as axudas de comedor, reunindo os requisitos establecidos na Base sexta.

Modalidade B): Con carácter excepcional, e co fin de dar protección ás situacións carenciais ou excepcionais do alumnado xurdidas unha vez pechado o prazo ordinario da presentación de solicitudes e resoltas as axudas, poderán solicitarse subvencións para o comedor con carácter excepcional a partir do 1 de outubro de 2018.

Terán que cumprir cos requisitos esixidos na Base sexta, achegar a documentación sinalada na Base sétima e sinalar a causa da excepcionalidade da solicitude.

A Base Décimo segunda apartado 6, indica que na Modalidade B) de comedor con carácter excepcional:

“ A Concelleira de Política Social resolverá a inclusión dos/as alumnos/as na lista da agarda ou a denegación por proposta da instrutora do procedemento e informe da Comisión de Valoración. Trimestralmente darase conta a Xunta de Goberno Local das axudas de comedor nesta modalidade B)”

Achegase Anexo para dar conta á Xunta de Goberno Local das solicitudes presentadas dende 01 de outubro do 2018, ca súa resolución de concedidas e denegadas(reseñando o motivo de denegación) de axudas excepcionais de comedor (Modalidade b)

Data resolución	Nº Exp. GEM	Nº Expediente	Estado comedor	Motivo denegación comedor	Importe comedor
03/03/2019	179569/301	3605725003707	Baja		0

Data resolución	Nº Exp. GEM	Nº Expediente	Estado comedor	Motivo denegación comedor	Importe comedor
03/01/2019	177264/301	3605703002559	Concedida		41
03/01/2019	179549/301	3605711004180	Concedida		41
03/01/2019	177236/301	3605706004214	Concedida		41
03/01/2019	177236/301	3605706004214	Concedida		41
03/01/2019	179562/301	3605711004173	Concedida		41
03/01/2019	179575/301	3605712003220	Concedida		41
03/01/2019	179529/301	3605715004971	Concedida		41
03/01/2019	179529/301	3605715004971	Concedida		41
03/01/2019	179538/301	3605712003621	Concedida		41
03/01/2019	179543/301	3605724003561	Concedida		41
03/01/2019	179548/301	3605713004204	Concedida		41
03/01/2019	179548/301	3605713004204	Concedida		41
03/01/2019	179557/301	3605723003990	Concedida		41
03/01/2019	179574/301	3605714004329	Concedida		41
03/01/2019	179574/301	3605714004329	Concedida		41
03/01/2019	179589/301	3605725003632	Concedida		41
03/01/2019	179600/301	3605725003708	Concedida		41
03/01/2019	180152/301	3605705002321	Concedida		41
03/01/2019	179552/301	3605721004251	Concedida		41
03/02/2019	179558/301	3605722003114	Concedida		41
03/02/2019	179554/301	3605713004286	Concedida		41
03/02/2019	179536/301	3605722003134	Concedida		41
03/02/2019	179815/301	3605702003554	Concedida		41
03/02/2019	179553/301	3605712003622	Concedida		41
03/02/2019	179560/301	3605715004785	Concedida		41
03/02/2019	179563/301	3605722003127	Concedida		41
03/02/2019	179563/301	3605722003127	Concedida		41
03/02/2019	179544/301	3605724003691	Concedida		41
03/02/2019	179551/301	3605705004036	Concedida		41
03/02/2019	180140/301	3605712003636	Concedida		41
03/02/2019	180140/301	3605712003636	Concedida		41



Concello de Vigo

Data resolución	Nº Exp. GEM	Nº Expediente	Estado comedor	Motivo denegación comedor	Importe comedor
03/02/2019	179566/301	3605715004973	Concedida		41
03/02/2019	179566/301	3605715004973	Concedida		41
03/02/2019	179559/301	3605723004978	Concedida		41
03/02/2019	179559/301	3605723004978	Concedida		41
03/02/2019	179542/301	3605713004291	Concedida		41
03/02/2019	179558/301	3605722003114	Concedida		41
03/02/2019	179558/301	3605722003114	Concedida		41
03/02/2019	177261/301	3605703003024	Concedida		41
03/02/2019	179546/301	3605703002683	Concedida		41
03/02/2019	179546/301	3605703002683	Concedida		41
03/02/2019	179550/301	3605715004976	Concedida		41
03/02/2019	179786/301	3605725003711	Concedida		41
03/02/2019	180104/301	3605715004974	Concedida		41
03/02/2019	179420/301	3605703002979	Concedida		41
03/02/2019	179556/301	3605713004274	Concedida		41
03/03/2019	179800/301	3605713004288	Concedida		41
03/03/2019	177247/301	3605724003646	Concedida		41
03/03/2019	181034/301	3605722003141	Concedida		41
03/03/2019	180157/301	3605725003716	Concedida		41
03/03/2019	180155/301	3605711004192	Concedida		41
03/03/2019	179561/301	3605714004258	Concedida		41
03/03/2019	179561/301	3605714004258	Concedida		41
03/03/2019	180586/301	3605711004204	Concedida		41
03/03/2019	180586/301	3605711004204	Concedida		41
03/03/2019	179689/301	3605711004130	Concedida		41
03/03/2019	179422/301	3605703002434	Concedida		41
03/03/2019	179803/301	3605722003133	Concedida		41
03/03/2019	179803/301	3605722003133	Concedida		41
03/03/2019	180766/301	3605715005030	Concedida		41
03/03/2019	180739/301	3605715005104	Concedida		41
03/03/2019	180766/301	3605715005030	Concedida		41

Data resolución	Nº Exp. GEM	Nº Expediente	Estado comedor	Motivo denegación comedor	Importe comedor
03/03/2019	181054/301	3605716004018	Concedida		41
03/04/2019	182228/301	3605702003605	Concedida		41
03/04/2019	180156/301	3605705004024	Concedida		41
03/01/2019	177255/301	3605721003805	Denegada	Unidad familiar no empadronada en el municipio	0
03/03/2019	181054/301	3605716004018	Denegada	O centro non conta con servizo de comedor	0
01/04/2019	180153/301	3605715004979	Denegada	No aportar documentación necesaria	0
03/04/2019	180585/301	3605723005001	Denegada	Incompatibilidade con Decreto 132/2013 do 1 de agosto	0
03/04/2019	179567/301	3605721004249	Denegada	Por no cumprimento del requisito de excepcionalidad	0
03/04/2019	179565/301	3605716001611	Denegada	Por no cumprimento del requisito de excepcionalidad	0
03/04/2019	180585/301	3605723005001	Denegada	Incompatibilidade con Decreto 132/2013 do 1 de agosto	0
03/04/2019	179573/301	3605715004977	Denegada	Por no cumprimento del requisito de excepcionalidad	0
03/04/2019	179421/301	3605712003346	Denegada	Por no cumprimento del requisito de excepcionalidad	0
03/04/2019	177265/301	3605705003404	Denegada	Por no cumprimento del requisito de excepcionalidad	0
03/04/2019	177251/301	3605715005106	Denegada	Por no cumprimento del requisito de excepcionalidad	0
03/04/2019	179582/301	3605713003539	Denegada	Por no cumprimento del requisito de excepcionalidad	0
03/04/2019	179539/301	3605714004420	Denegada	No aportar documentación necesaria	0
03/04/2019	179570/301	3605706003346	Denegada	Por no cumplimiento del requisito de excepcionalidad	0
03/04/2019	179871/301	3605724003651	Denegada	Por no cumplimiento del requisito de excepcionalidad	0
03/04/2019	180585/301	3605723005001	Denegada	Incompatibilidade con Decreto 132/2013 do 1 de agosto	0
03/04/2019	179530/301	3605715004972	Denegada	Por no cumplimiento del requisito de excepcionalidad	0
03/04/2019	179547/301	3605721004250	Denegada	Por no cumplimiento del requisito de excepcionalidad	0
03/04/2019	179564/301	3605703002495	Denegada	Por no cumplimiento del requisito de excepcionalidad	0



Concello de Vigo

Data resolución	Nº Exp. GEM	Nº Expediente	Estado comedor	Motivo denegación comedor	Importe comedor
03/04/2019	179533/301	3605723004294	Denegada	Por no cumprimento do requisito de excepcionalidade	0
03/04/2019	179533/301	3605723004294	Denegada	Por no cumprimento do requisito de excepcionalidade	0
03/04/2019	179532/301	3605713003957	Denegada	Por no cumprimento do requisito de excepcionalidade	0
04/04/2019	179537/301	3605724003390	Denegada	Por no cumprimento do requisito de excepcionalidade	0
04/04/2019	179537/301	3605724003390	Denegada	Por no cumprimento do requisito de excepcionalidade	0
04/04/2019	181035/301	3605721004274	Denegada	Incompatibilidade con Decreto 132/2013 do 1 de agosto	0
16/04/2019	179541/301	3605723003016	Denegada	Por no cumprimento do requisito de excepcionalidade	0

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

5(376).- PROPOSTA DE INICIO DO PROCEDEMENTO PARA A MODIFICACIÓN DO LOTE 1 DO CONTRATO PARA A XESTIÓN MEDIANTE CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DE USO MIXTO EN DIFERENTES LUGARES DA CIDADE. EXPTE. 279/441.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 03/05/19, asinado pola técnica e Administración Xeral e Contratación, e polo concelleiro-delegado de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- 1.Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (TRLCAP)
- 2.Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP)
- 3.Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais (RS)
- 4.Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- 5.Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

6. Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
7. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
8. Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 14 de agosto de 2006, acordou aprobar o expediente de contratación do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da Cidade (expte. 72.151-210), os pregos e o anteproxecto de explotación e das obras precisas no que se integra o documento denominado “Análises Económico Financeiro”, así como dispoñer da apertura do procedemento de adxudicación.

Segundo.- A Xunta de Goberno local, en sesión ordinaria de data 21 de maio de 2007, acordou a adxudicación do lote 1 do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro a favor da UTE Eloymar – Tranvías, segundo o prego de cláusulas técnicas e administrativas e os anteproxectos aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2006, formalizándose o contrato o 10 de outubro de 2007.

Terceiro.- A Xunta de Goberno local, en sesión do 27 de decembro de 2007, acordou:

“1º.- Aprobar os axustes na traza do aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz proposta pola UTE Eloymar-Tranvías en escrito de data 21 de novembro de 2007 consistentes en:

- A ampliación das beirarrúas nas zonas de ramplas 50 cm. a costa da beirarrúa oposta, mantendo a sección rodada.
- O desprazamento da saída rodada situada na rúa Pontevedra á beirarrúa oposta.
-

2º.- Condicionar esta aprobación a que non se modifique o ancho das ramplas de acceso e saída.”

Cuarto.- A Xunta de Goberno local, en sesión de 28 de decembro de 2007, acordou aprobar definitivamente o cambio de traza do aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz proposto pola UTE Eloymar-Tranvías, segundo os planos presentados e aprobar definitivamente a modificación do artigo 6.4 do Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006, que resultaría coa seguinte redacción:

“6.4.- Dado que o concurso se convoca para a construción e para a xestión (servizo público)



Concello de Vigo

de seis aparcadoiros e outro anexo un deles situados todos en diferentes zonas do núcleo urbano central da cidade, a realización das diferentes obras, ó obxecto de evitar problemas no tráfico, adecuarase á seguinte programación:

- En primeiro lugar executaranse os aparcadoiros localizados nas rúas Policarpo Sanz (Lote nº 1) e Genaro de la Fuente (Lote nº 2).
- Ó obxecto de evitar obras continuas en lugares cercanos contiguos os aparcadoiros das Rúas Pintor Colmeiro (Lote nº 1) e Rosalía de Castro e anexo (Lote nº 2) construíranse ó mesmo tempo que os Proxectos de Urbanización deses ámbitos a executar polas respectivas Xuntas de Compensación. Nestes supostos os Proxectos de Construción deberán ter en conta e coordinarse co previsto nos Proxectos de Urbanización. Non obstante o exposto ó órgano de contratación, xustificadamente, en virtude dos informes que neste senso se emitan, poderá autorizar o comezo das obras mencionadas sempre e cando tales informes indiquen que as obras de urbanización dos ámbitos urbanísticos concluíranse antes ou ó mesmo tempo que as dos aparcadoiros citados.
- Os aparcadoiros da rúa Areal (Lote nº 1) de da Avenida Castelao (Lote nº 2) construíranse, respectivamente, unha vez rematadas as obras dos aparcadoiros das rúas Policarpo Sanz (Lote nº 1) e Pintor Colmeiro (Lote nº 1) ou ben, cando ó xuízo do órgano de contratación, previo informe da Xefatura da Área de Tráfico e Mobilidade, se considere que o estado e fase das obras dos últimos aparcadoiros citados non afectan á fluidez do tráfico rodado no seu contorno”.

Quinto.- A Xunta de Goberno local, en sesión de 5 de maio de 2008, acordou aprobar os proxectos de construción dos aparcadoiros das rúas Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro presentados pola UTE Eloyamar-Tranvías en datas 13/12/2007 e 10/01/2008 e redactados polos arquitectos Salvador Fraga Rivas, Javier García-Quijada Romero e Manuel Portolés Sanjuán, visados polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en datas 10/12/2007 e 08/01/2008, condicionando a aprobación ao cumprimento dunha serie de condicións.

Sexto.- A Xunta de Goberno local, en sesión do 15 de setembro de 2008, acordou aprobar a modificación do artigo 92.1 do Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006, que resultaría coa seguinte redacción:

“92.1.- Al menos doce meses antes da posta en servizo do primeiro dos aparcadoiros obxecto do presente concurso, segundo a previsión que neste senso formule a Dirección Facultativa, o Concello de Vigo, a través de dous xornais dos de maior tirada no Municipio, no BOP e na súa páxina web dará publicidade da execución dos aparcadoiros, das condicións de adquisición do dereito de uso, e das datas a partir das cales se poden presentar as solicitudes”.

Sétimo.- A Xunta de Goberno local, en sesión de 21 de setembro de 2009, acordou aprobar definitivamente a modificación dos artigos 89, 90, 91 e 99 do prego de cláusulas técnicas e

administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006, que quedan coa seguinte redacción:

“Artigo 89.- INFORMACIÓN ÓS CESIONARIOS

O Concesionario facilitará os titulares dos contratos de cesión de uso cumprida información das datas e prazos que teñan incidencia sobre tales contratos.

Artigo 90.- CESIÓN DAS PRAZAS DE RESIDENTES.

Sendo o obxecto primordial do Concello de Vigo o facilitar o aparcamento dos vehículos en diversas zonas da cidade é polo que:

1.- O concesionario estará na obriga de ceder ás persoas físicas e xurídicas que así o soliciten durante o prazo fixado na convocatoria, mediante contrato, o dereito de uso das prazas a tal fin previstas, nas condicións prezos e prazos que fixa o presente prego.

2.- O prezo definitivo de cesión de uso da praza de estacionamento será o fixado polo licitador na súa proposición actualizado mediante a aplicación do IPC para Galicia á data de formalización do contrato.

Artigo 91.- TITULARES DO DEREITO DE USO DA PRAZA.

1.- Terán dereito á adquisición do uso das prazas, as persoas físicas ou xurídicas que dispoñan dun vehículo susceptible de utilizar o aparcadoiro.

2.- Reservarase o 2% do número de prazas de estacionamento para os residentes con minusvalía no aparello locomotor ou minusválidos ó seu cargo, tamén terán preferencia na elección da praza de estacionamento.

Artigo 99.- TRANSMISIÓN DO DEREITO DE USO.

1.- O titular do dereito de uso que desexe transmitilo debe solicitalo ó Concello de Vigo. Este informará dita solicitude e dará traslado ó concesionario para que a xestione de conformidade co sinalado neste Prego.

2.- A transmisión voluntaria do dereito de uso só pode efectuarse:



Concello de Vigo

a) *Entre familiares.*

Neste suposto, deberá acreditarse a relación de parentesco co transmitinte.

b) *Entre non familiares:*

Neste suposto a transmisión se efectuará a favor do primeiro da lista de espera, salvo no caso de transmisión de vivenda situada na área de influencia do aparcadoiro, caso no que se poderá transmitir a praza ó adquirente da vivenda, extremo que deberá acreditarse fehacientemente. No seu defecto, poderá transmitirse a calquera persoa que reúna os requisitos para poder optar ó dereito de uso dunha praza de aparcamento.

3.- *A transmisión do dereito de uso das prazas de estacionamento é obrigatoria no supostos de finamento do titular. Se rexerá polas mesmas regras ca transmisión voluntaria.*

4.- *Os prezos máximos a esixir polos titulares do dereito de uso ó transmitilo serán fixados polo Concello de Vigo, segundo indica o Artigo 101 de este Prego.*

5.- *Os cambios de titularidade que se realicen sen a autorización do Concello de Vigo consideraranse nulos, constituíndo falta grave que será sancionada coa perda do dereito de uso.*

6.- *No caso de que non existise ningunha persoa que reúna as condicións indicadas, o titular deberá seguir facendo fronte ós compromisos económicos concertados coa empresa concesionaria e ós gastos que ocasione o mantemento do aparcadoiro, podendo seguir utilizando por si mesmo a praza, sen que este facultado para ceder ou arrendar a praza”.*

Oitavo.- A Xunta de Goberno local, en sesión do 31 de xaneiro de 2011, acordou:

“Aprobar as modificacións do proxecto do aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz propostas pola UTE Eloymar-Tranvías, titular da concesión de construción e explotación do mesmo, en escritos de datas de 9 de abril e 13 de agosto de 2010, consistentes en:

- A reordenación dos colectores de recollida de lixo situándoos en superficie.
- O establecemento de prazas de aparcamento en superficie para motos.
- O aumento da sección viaria no cruce da rúa Alfonso XIII coa rúa García Barbón, deixando cinco carrís en vez de catro previstos no proxecto.

Noveno.- Con data do 22 de marzo de 2019 o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos municipal – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos municipal – FEDER Vigo Vertical e o xefe do Servizo Administrativo e

Control Orzamentario da Área de Fomento, coa conformidade do concelleiro delegado de Fomento, solicitan a modificación do contrato de concesión do aparcadoiro de Policarpo Sanz.

Décimo.- O 26 de abril de 2019 a xefa do Servizo de Transportes emite informe favorable en relación coa modificación proposta no escrito do 22 de marzo de 2019.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Legislación aplicable

A concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro outorgada por acordo da Xunta de Goberno local de data 21 de maio de 2007 á UTE Eloymar – Tranvías pode cualificarse como contrato de xestión de servizo público.

Segundo a disposición transitoria primeira da LCSP “os *contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor desta Lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior*”. En consecuencia, a normativa aplicable a este contrato é a seguinte:

- Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (TRLCAP)
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP)
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS)

Este contrato é definido polo TRLCAP como aquel mediante o cal as Administracións Públicas encomendan a unha persoa, natural o xurídica, a xestión dun servizo público (artigo 154.1).

A súa regulamentación específica recóllese no título II do libro II da TRLCAP e no Regulamento de servizos das corporacións locais. Tamén lle serán de aplicación os preceptos establecidos na TRLCAP para o contrato de concesión de obras públicas (título V do libro II), por imperativo do artigo 158.2 TRLCAP, por comprender tamén a execución de obras.

-II-

Obxecto da modificación

Con data do 22 de marzo de 2019 o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos municipal – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos municipal – FEDER Vigo Vertical e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario



Concello de Vigo

da Área de Fomento, coa conformidade do concelleiro delegado de Fomento, solicitan, mediante escrito que se transcribe a continuación, a modificación do contrato de concesión do aparcadoiro de Policarpo Sanz:

“O Concello de Vigo está desenvolvendo o proxecto de “Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria”.

A actuación contempla a execución dun túnel para o soterramento do tráfico no ámbito da Porta do Sol, con bocas para entrada e saída nas rúas de Policarpo Sanz e Elduayen. Ao retirar o tráfico rodado da superficie conséguese recuperar para o uso peonil a Porta do Sol. A fin de favorecer o seu uso como zona estancial e de lecer prevese a execución dun estrado ao inicio do ámbito, entre o Edificio “El Moderno” e o Edificio “Galoya”.

Para poder peonalizar toda a Porta do Sol (dende o edificio Galoya, o primeiro que pecha o ámbito polo oeste) necesítase que a estrutura soterrada cuberta chegue ata ese punto, e garantizando un gálibo mínimo de 4,20 metros para o tráfico rodado. Dende ese punto débese executar a rampla de acceso ao túnel, ata alcanzar a cota da rúa Policarpo Sanz.

Aínda forzando o trazado lonxitudinal de dita rampla de acceso (pendente do 12,7 %), dada a diferenza de cotas entre a rasante do túnel e a rasante da rúa Policarpo Sanz, resulta inevitable que o inicio da aliñación da rampla provoque unha afección ao parking de Policarpo Sanz, cuxa estrutura remata á altura do nº 3 da citada rúa.

Achéganse planos da actuación nos que se define gráficamente a afección ao aparcamento de Policarpo Sanz durante a execución das obras e na situación definitiva tralas obras.

A afección durante a execución das obras (periodo estimado de 4 meses), supón a perda de trece prazas no soto -1. A afección na situación definitiva tralas obras supón a perda de sete prazas de estacionamento e un retranqueo no peche do cuarto de instalacións do soto -1.

En base ao exposto, comúnicase aos efectos do inicio de correspondente expediente de modificación do contrato de concesión de aparcadoiro público”.

O 26 de abril de 2019, a xefa do Servizo de Transportes indica, en relación co anterior escrito:

“Polo que se desprende do anterior informe a afección é a seguinte :

----Durante a execución das obras cuxa duración prevese de catro meses veranse afectadas 13 prazas no soto 1.

----Finalizadas as obras veranse afectadas 7 prazas de forma definitiva no soto 1 así como o

peche do cuarto de contadores que debera retranquearse.

Dito aparcadoiro dispón de 590 prazas, polo que considerase que a supresión de 7 prazas con carácter definitivo, non afectará de forma significativa ao servizo público que se presta con dito aparcadoiro, polo que por este servizo pode informarse favorablemente a proposta de modificación do contrato formulada, e remitirse o expediente a Area de contratación por ser o servizo competente para a tramitación”.

-III-

Procedemento

A lexislación de contratos das Administracións Públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos sinalados (artigo 59.1 TRLCAP e 114.1 TRRL, con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este contrato no artigo 30.

O órgano de contratación poderá introducir libremente as modificacións que considere conveniente, previa audiencia do contratista e sen prexuízo das responsabilidades e indemnizacións que resulten procedentes no seu caso (artigo 114.2 TRRL), sempre que estas obedezan a razóns de interese público e se cumpran os seguintes requisitos:

1. Que non se formule oposición por parte do contratista.
2. Que a contía das modificacións, illada ou conxuntamente, sexa inferior a un 20% do prezo primitivo do contrato, sendo este igual ou superior a 6.010.121,04 euros.

En caso contrario, será preceptivo o informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da CCAA respectiva (artigos 59.3 e 249.2 TRLCAP e 114.2 e 3 TRRL).

Establece o artigo 101 da TRLCAP que unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións por razón de interese público nos elementos que o integran, sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, xustificándoo debidamente no expediente. As modificacións do contrato deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 54.

Nas modificacións dos contratos, aínda que foran sucesivas, que impliquen illada ou conxuntamente alteracións en contía igual ou superior ao 10 por 100 do prezo primitivo do contrato, sempre que este sexa igual ou superior a 6.010.121,04 euros con exclusión do IVE, será preceptivo, ademais do informe ao que se refire o apartado 2 do artigo 59 e da fiscalización previa nos termos do apartado 2, letra g), do artigo 11, o informe de contido orzamentario da Dirección Xeral de Orzamentos do Ministerio de Facenda.

A disposición adicional 9ª, apartado 4, da TRLCAP, establece para as entidades locais, que o importe de 6.010.121,04 euros se substituirá polo que corresponda co 20% dos seus recursos ordinarios, agás que o importe resultante sexa superior á citada contía (suposto no que se atopa o Concello de Vigo), suposto no que será esta de aplicación. A referencia á Dirección Xeral de Orzamentos do Ministerio de Facenda deberá entenderse feita á



Concello de Vigo

Comisión Especial de Contas nas Entidades locais en que existan.

Respecto dos requisitos específicos dos contratos de xestión de servizos públicos, o artigo 163 da TRLCAP prevé que *“A Administración poderá modificar, por razóns de interese público, as características do servizo contratado e as tarifas que han ser abonadas polos usuarios.*

Cando as modificacións afecten ao réxime financeiro do contrato, a Administración deberá compensar ao contratista de maneira que se manteña o equilibrio dos supostos económicos que foron considerados como básicos na adxudicación do contrato”. Nos mesmos termos se contempla esta previsión no prego, concretamente no artigo 29.

Concorren neste expediente razóns de interese público debidas a necesidades novas que xustifican a modificación do aparcadoiro de Policarpo Sanz do lote 1 do contrato, recollidas no escrito de data 22 de marzo de 2019, anteriormente transcrito, e informadas favorablemente polo Servizo de Transportes.

Agora ben, non é posible fixar a porcentaxe da modificación proposta por canto se descoñece o prezo do rendemento das prazas do aparcadoiro, polo que deberá solicitarse esta información ao concesionario para os efectos de cuantificar a modificación e poder determinar o cumprimento dos requisitos esixidos legalmente.

-IV-

Competencia

A competencia para acordar o inicio do procedemento de modificación correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no artigo 127.1.f LBRL.

Aprobado o inicio do expediente, deberá darse audiencia (artigo 82 Lei 39/2015) ao concesionario para os efectos de manifestar a súa conformidade coa modificación e para achegar os datos necesarios para cuantificala e así poder determinar o cumprimento dos requisitos esixidos legalmente.

Tras o trámite de audiencia, formularase a proposta de modificación, que deberá ser aprobada polo órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención xeral (artigo 114.3 TRRL e 59.2 da TRLCAP), debendo someterse o posterior acordo, se procede, a ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 101 TRLCAP).

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Iniciar o procedemento para a modificación do lote 1 do contrato para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da Cidade.

A modificación consiste nas seguintes afeccións ao aparcadoiro de Policarpo Sanz polas obras de "Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria":

- A afección durante a execución das obras (período estimado de 4 meses), supón a perda de 13 prazas no soto -1.*
- A afección na situación definitiva tras as obras supón a perda de 7 prazas de estacionamento e un retranqueo no peche do cuarto de instalacións do soto -1.*

2º.- Evacuar trámite de audiencia deste acordo á concesionaria, UTE Eloymar-Tranvías, por prazo de dez días hábiles para que manifieste a súa conformidade coa modificación proposta e achegue os datos necesarios para cuantificala"

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(377).- PROPOSTA DE INICIO DO PROCEDEMENTO PARA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE ZONAS VERDES DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 11945/446.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 06/05/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC).



Concello de Vigo

- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo (PPT).

ANTECEDENTES

En data 12 de marzo de 2019, o enxeñeiro municipal do servizo de Montes, Parques e Xardíns, informa da necesidade de proceder á modificación do contrato de servizo de conservación e reposición das zonas verdes da cidade de Vigo, por causa da modificacións nas superficie inventariadas (ampliación e/ou detracción) e incorporación de zonas verdes de nova creación.

É preciso comezar realizando unha relación fáctica, por orde cronolóxico, dos antecedentes máis relevantes deste procedemento de licitación:

Primeiro.- En data 26 de setembro de 2014, a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación de Servizos de Conservación e Reposición das Zonas Verdes da Cidade de Vigo, autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

Segundo.- En data 6 de agosto de 2015, a XGL acordou a adxudicación deste procedemento a ALTHENIA, S.L. O contrato formalizouse o día 28 de agosto de 2015, e comezou a súa execución o día 1 de setembro do mesmo ano.

Terceiro.- En data 19 de agosto de 2015, D. Pablo Pérez Serrano, en nome e representación de VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., interpón recurso especial en materia de contratación contra a resolución da Xunta de Goberno Local de 31 de xullo de 2015 na que se acorda excluír a súa representada do procedemento aberto para a contratación de servizos de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non xustifica-los mesmos.

En data 5 de outubro de 2015, o TACRC, en resolución nº 901/2015, acorda estimar o recurso.

Cuarto.- En data 30 de outubro de 2015, a mercantil CESPAS, S.A., presentou escrito de interposición de recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Vigo, contra o acordo da mesa de contratación de data 31 de xullo de 2015 e a resolución da XGL da mesma data, nas que exclúeselle do citado procedemento. Este recurso foi admitido a trámite por decreto de data 20 de novembro do mesmo ano e na actualidade está acumulado o recurso contencioso-administrativo que se relaciona no antecedente seguinte e pendente de resolución.

Quinto.- En data 11 de decembro de 2015, a XGL acordou “Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a resolución 901/2015 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, perante o Tribunal Superior de Xustiza, solicitando a adopción da medida cautelar de suspensión da execución da citada resolución”. No escrito anunciando o recurso solicitouse a adopción da medida cautelar de suspensión.

Interposto ó recurso, este é admitido a trámite en resolución do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 11 de xaneiro de 2016.

Sexto.- En data 7 de marzo de 2016, o TSJG acorda a denegación da medida cautelar de suspensión solicitada polo Concello (antecedente quinto).

En data 14 de marzo de 2016 deuse conta á Mesa de contratación desta resolución; e a efectos do seu cumprimento, e para determinar as actuacións a seguir, esta solicitou senllos informes ao xefe do servizo xestor, Montes, parques e xardíns, e á xefa do servizo de Contratación. Ambos informes foron evacuados en data 16 de marzo de 2016.

En data 16 de marzo de 2016, dáse conta á Mesa de contratación dos citados informes e procédese á retroacción do procedemento.

En data 16 de marzo de 2016, a Mesa de contratación acepta o informe do xefe do servizo de Montes, parques e xardíns, de valoración dos criterios valorables a través de fórmula.

Sétimo.- En data 15 de abril de 2016, a XGL adoptou o acordo de clasificación de ofertas neste procedemento e acordou requirirlle a documentación prevista no artigo 151 do TRLCSP ao primeiro clasificado, VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.

Oitavo.- En data 8 de xullo de 2016, a XGL acordou adxudicar a VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., o citado procedemento por un prezo de 17.237.394, 62 €. Acordo que foi notificado aos licitadores nesa mesma data.

Noveno.- En data 28 de xullo de 2016, D. Luís Sánchez-Pobre Murillo, en nome e representación de ALTHENIA, S.L., interpón recurso especial en materia de contratación contra a resolución da Xunta de Goberno Local de 31 de xullo de 2015 na que se acorda adxudicar a VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A, o procedemento aberto para a contratación de servizos de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo.

Décimo.- En data 14 de outubro de 2016, o TACRC, en resolución nº 813/2016, acordou desestimar o recurso citado no antecedente anterior.

Undécimo.- En data 2 de decembro de 2016, formalizouse o contrato con VALORIZA e comezou a súa execución en data 16 de decembro de 2016.



Concello de Vigo

Duodécimo.- En data 28 de febreiro de 2017, a XGL acordou a modificación do contrato nos seguintes termos:

“1º.- Modificar o contrato de servizo de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo nos termos reflectidos no informe do enxeñeiro municipal de data 13 de xaneiro de 2017. A modificación representa un 5,08 % do prezo primitivo do contrato, se ben so abonarase ao contratista o 0,08% da mesma, segundo o disposto no apartado 16.E da FEC do prego de cláusulas administrativas particulares.

2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación consonte ao seguinte cadro:

Ano de aplicación	Período	Importe	% adxudicación do prezo do contrato
Ano 2017	Do 1 de marzo a 31 de decembro	3.087,19 €	0,0179
Ano 2018	Do 1 de xaneiro a 31 de decembro	3.704,64 €	0,0214
Año 2019	Do 1 de xaneiro a 31 de decembro	3.704,64 €	0,0214
Año 2020	Do 1 de xaneiro a 15de decembro	3.550,27 €	0,0205
Total		14.046,75 €	0,0812

Este gasto imputarase a aplicación presupostaria 1710-2279901.

3º.- Reaxustar a garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.

4º.- Formalizar por escrito a presente modificación, incorporando o informe técnico do enxeñeiro municipal de data 13 de xaneiro de 2017, e os seus anexos que delimitan o seu alcance”.

Décimo terceiro.- En data 16 de marzo de 2017, o TSXG dita a sentenza nº 121/2017 resolvendo o recurso contencioso-administrativo citado no antecedente quinto, estimando o mesmo e anulando a citada resolución 901/2015 do TACRC, que queda sen efecto. A execución da mesma supuxo a retroacción do procedemento ao momento anterior ao cumprimento da resolución 901/2015 do TACRC, continuando ALTHENIA coa execución do contrato.

Décimo cuarto.- En data 26 de outubro de 2017 a XGL acordou unha modificación deste contrato. A mesma *representa un 6,0525 % do prezo primitivo do contrato*. Formalizouse o 31 de outubro de 2017, e fíxose efectiva o 1 de novembro do mesmo ano.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Legislación aplicable

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a esta modificación. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección ós requisitos e efectos sinalados na mesma (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación so poderá modificar os contratos cando así se previu nos pregos ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 (artigo 105 TRLCSP).

É dicir, a lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analizar os mesmos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ó redactar as mesmas. Así evítase conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación, principios que atópanse recollidos nos artigos 1 e 139 do TRLCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Por contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 106 TRLCSP):



Concello de Vigo

- Os supostos en que poderá modificarse o contrato. Deberán definirse con total concreción por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva.
- As condicións da eventual modificación deberán precisarse cun detalle suficiente para permitir aos licitadores a súa valoración a efectos de formular a súa oferta e ser tomadas en conta no que se refire á esixencia de condicións de aptitude aos licitadores e valoración das ofertas.
- O alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar.
- O procedemento que haxa de seguirse para a modificación.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato cando concorran as seguintes circunstancias (apartado 16.C da FEC):

- Alteracións producidas na superficie das zonas verdes.
- Incorporación de novas zonas.

Se concorresen estas circunstancias, poderán modificarse os seguintes aspectos do contrato (apartado 16.B da FEC):

- Diminución ou incremento das zonas verdes obxecto deste contrato.

Se ben se establece como límite á modificación que non poderá superar o 10% do prezo de adjudicación do contrato (apartado 16.D da FEC).

Respecto ó procedemento a seguir en caso de modificación, prevénse as seguintes especialidades (apartado 16.E da FEC):

- O incremento da superficie das zonas verdes cuxo mantemento é obxecto deste contrato inferior ó 5 % do prezo de adjudicación, non afectará ó prezo do contrato segundo o disposto no apartado 3.1 do prego de Bases Técnicas. Se os incrementos, illada ou conxuntamente, superan esta porcentaxe se incrementará en proporción o prezo do contrato pero excluindo sempre o 5% exento de pago.
- Para calcular o valor da modificación se aplicará á superficie da zona a incrementar ou diminuír o prezo unitario correspondente dos previstos no apartado 3.F desta FEC ó que se aplicará a porcentaxe de baixa do prezo ofertado polo adjudicatario respecto do prezo do contrato fixado no apartado 3.A.
- En caso de incremento de zonas verdes, poderá modificarse o contrato sen que o seu prezo experimente variación mediante a reorganización do servizo, variando outros aspectos tales como a frecuencia de mantemento, a intensidade, o cambio de tipoloxía da zona, etc.

No presente caso a modificación ven motivada porque producíronse modificacións nas superficies das zonas verdes cuxo mantemento está comprendido no obxecto do contrato, tanto incrementos como diminución das mesmas.

Informa ó respecto o enxeñeiro municipal do servizo de Montes, parques e xardíns, en data 12 de marzo de 2019, o seguinte:

“ (...) Con motivo de obra nova, ampliacións, humanizacións, reformas, recepcións de urbanizacións, adquisicións de todo tipo, ou calquera outro, as zonas verdes de actuación municipal están sometidas a cambios de forma continuada, sendo os **aspectos a modificar** a diminución ou incremento da superficie das zonas verdes incluíndo a totalidade dos elementos que as conforman, do número de xardineiras e do número de unidades de arborado obxecto do contrato.

As **circunstancias que determinan esta nova ampliación** son as alteracións na superficie das zonas verdes, no número e/ou superficie das xardineiras e no número de unidades de arborado, motivadas pola humanización dalgunhas rúas da cidade, desaparición dalgunhas zonas por mor de diferentes obras, a creación de parques infantís, áreas biosaudables, pistas deportivas, de skate... en superficies que anteriormente estaban ocupadas por zonas verdes, a retirada ou colocación de xardineiras,... Tendo en conta que, o contrato actual coa empresa adxudicataria non finaliza ata o 15 de xuño de 2020, todas estas circunstancias obrigan a unha nova actualización do inventario para poder manter aquelas zonas que na actualidade carecen de programa de mantemento, podendo sufrir deterioros importantes que dean lugar a unha merma do patrimonio municipal; e, polo tanto á tramitación dun novo expediente de ampliación que terá que aprobar a Xunta de Goberno Local.

1.1.- PROPOSTA DE VALORACIÓN ECONÓMICA DA TERCEIRA AMPLIACIÓN

As zonas ampliadas e/ou detraídas, respecto ao listado definitivo incluído no expediente da ampliación anterior (expediente 9772/446), detállanse a continuación:

Zonas Verdes	Superficies incluídas na adxudicación	Superficies totais trala ampliación Expte. 9772/446	Superficies totais trala nova ampliación (3ª ampliación)	Modificación das superficies (3ª ampliación)
Tipoloxía A (Has)	4,7047	4,7631	4,7631	0,0000
Tipoloxía B (Has)	53,1968	53,8063	53,5986	-0,2077
Tipoloxía C (Has)	76,5240	75,1463	76,1333	0,9870
Tipoloxía D (Has)	12,6446	12,0972	19,3569	7,2597
Tipoloxía E (Has)	14,0939	16,0512	16,8358	0,7846



Concello de Vigo

Zonas Verdes	Superficies incluídas na adxudicación	Superficies totais trala ampliación Expte. 9772/446	Superficies totais trala nova ampliación (3ª ampliación)	Modificación das superficies (3ª ampliación)
Tipoloxía R (Has) Rotondas e illas	8,3553	9,1454	9,1650	0,0196
Tipoloxía H (Has) Humedais e zonas de ribeira	14,1794	14,6880	16,4942	1,8062
Tipoloxía PF (Has) Parques Forestais	83,7814	85,7086	86,0429	0,3343
Arbolado. (unidades)	10.930,0000	11.157,0000	11.313,0000	156,0000
Xardiñeiras (m ²)	5.102,6700	8.241,1700	9.378,2000	1.137,0300
Xardiñeiras colgantes (unidades)	243,0000	160,0000	128,0000	-32,0000
Xardiñeiras individuais (unidades)	167,0000	185,0000	173,0000	-12,0000
Campos deportivos (m ²)	11.085,3400	0,0000	0,0000	0,0000

O cálculo do valor económico da terceira ampliación farase aplicando ao valor da superficie a ampliar ou detraer para cada tipoloxía, o prezo unitario correspondente segundo o previsto no apartado 3.F) das FEC; prezo sobre o que se aplicará a porcentaxe de baixa ofertada polo adxudicatario sobre o contido económico inicial do contrato, contemplado no apartado 3.A) das citadas FEC.

Os prezos unitarios ofertados pola mercantil Althenia S.L., e aprobados pola XGL na súa sesión de data 28 de agosto de 2015, supoñen unha baixa do 25,82% sobre o orzamento inicial. Estes prezos unitarios ofertados deben ser actualizados segundo a revisión de prezos en vigor trala aprobación da "**Memoria económica da revisión de prezos do contrato de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo**". Aplicando esta actualización, os importes correspondentes as superficies modificadas son:

Zonas Verdes	Superficies a ampliar / detraer na 3ª ampliación	Precio Unitario inicial (€/Ha. ano)	Precio Unitario actualizado (€/Ha. ano)	Importe anual (€)
Tipoloxía A (Has)	0,0000	22.254,00	23.422,39	0,0000
Tipoloxía B (Has)	-0,2077	18.545,00	19.518,65	-4.054,0236
Tipoloxía C (Has)	0,9870	13.129,86	13.819,21	13.639,5603
Tipoloxía D (Has)	7,2597	7.492,18	7.885,54	57.246,6547
Tipoloxía E (Has)	0,7846	7.937,26	8.353,98	6.554,5327
Tipoloxía R (Has) Rotondas e Illas	0,0196	22.254,00	23.422,39	459,0788
Tipoloxía H (Has) Humedais e zonas de ribeira	1,8062	7.937,26	8.353,98	15.088,9587
Tipoloxía PF (Has) Parques Forestais	0,3343	2.744,66	2.888,76	965,7125
Arbolado. (unidades)	156,0000	83,82	88,22	13.762,3200
Xardiñeiras (m ²)	1.137,0300	129,82	136,63	155.352,4089
Xardiñeiras colgantes (unidades)	-32,0000	111,27	117,11	-3.747,5200
Xardiñeiras individuais (unidades)	-12,0000	111,27	117,11	-1.405,3200
Importe total da terceira ampliación (€/ano)				253.862,3630

O importe económico resultado das modificacións de superficie desta terceira ampliación é de 253.862,3630 €/ano, sendo os importes imputables por períodos :



Concello de Vigo

Ano de aplicación	Período	Importe económico (€/ano)	% adxudicación do prezo do contrato
Ano 2019	Do 1 de maio a 31 de decembro	169.241,60	0,9411
Ano 2020	Do 1 de xaneiro a 15 xuño	116.353,60	0,6470
Total		285.595,20	1,5881

A porcentaxe desta terceira ampliación (1,59%) non supera o 5% do prezo do contrato, pero tendo en conta que nas ampliacións anteriores alcanzouse unha porcentaxe do 6,0525%, valor superior á % exenta de custe para as arcas municipais; a totalidade do importe desta terceira ampliación será imputable ao Concello, importe que supón un total anual de 253.862,36 € e, polo tanto, un incremento na certificación mensual de 21.155,20 €; cantidade que se aboará ao contratista a partir da data de entrada en vigor do contrato da presente ampliación, trala sinatura previa do mesmo polas partes.

Este importe anual pódese cargar á partida 1710 – 2279901.

O valor das ampliacións anteriores estimouse para a mercantil Althenia nun 6,0525% do prezo de adxudicación do contrato, que sumado á porcentaxe desta terceira ampliación (1,5881%) alcánzase unha porcentaxe do prezo de adxudicación do 7,64%, superando nun 2,64% o valor exento de custe para o Concello, sen superar a porcentaxe máxima de ampliación (10% do prezo do contrato) prevista no prego.

(...) Do exposto despréndese que a modificación proposta acada o 7,64% do prezo do contrato, e atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación do mesmo, que é do 10% do seu prezo, segundo o disposto no apartado 16.D da FEC.

(...) Para calcular o valor da modificación, de acordo co apartado 16.E da FEC, aplícase á superficie da zona a incrementar ou diminuír o prezo unitario correspondente dos previstos no apartado 3.F desta FEC, previa aplicación ó mesmo da porcentaxe de baixa do prezo ofertado polo adxudicatario respecto do prezo do contrato fixado no apartado 3.A.

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración o ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Limites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigos 108.2 e 211.1 TRLCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 211.3.b TRLCSP). No caso de modificacións

previstas no prego deberá seguirse o procedemento de modificación regulado no mesmo.

- Limites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Limites económicos: a obriga da Administración de compensar ó contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso evacuar trámite de audiencia ó contratista. Non é preciso solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto a suma desta modificación as xa efectuadas arroxa un total dun 7,64 % do prezo primitivo do contrato.

Respecto dos límites materiais, ponse de releve que a modificación obedece a unha razón de interese público: prover o mantemento das zonas verdes de nova creación, ou cuxa superficie resultou incrementada. O mantemento das zonas verdes e os parques forestais é unha competencia municipal obrigatoria en virtude do disposto nos artigos 25.2.b e 26.1.b da LBRL e 80.2.d e 81.b da LALGA.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar o contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. A Administración ten que compensar o contratista pola modificación proposta cun total anual de 253.862,36 € e, polo tanto, un incremento na certificación mensual de 21.155,20 .

Unha vez evacuado o trámite de audiencia, formularase proposta sobre a presente modificación ó órgano de contratación. A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 35.1.a LPAC) e será precisa a súa formalización.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 211.4 TRLCSP e 114.3 TRRL).

-IV-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ó que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, que é un municipio de gran poboación rexido polo Título X LBRL, hai que entendelas feitas ó titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición



Concello de Vigo

adicional 8ª apartado e do TRLCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas ós secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-V-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Iniciar procedemento para a modificación do contrato de servizo de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo. As modificacións están reflectidas no informe do enxeñeiro municipal de data 12 de marzo de 2019, e consisten tanto en ampliacións como detracción da superficie das zonas verdes obxecto deste contrato como na incorporación de novas zonas verdes ao mesmo.

2º.- A modificación representa un 1,5881 do prezo primitivo do contrato.

3º.- Evacuar trámite de audiencia do presente acordo ó contratista, por prazo de dez días, para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(378).- RECURSO ESPECIAL INTERPOSTO NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA O CONTRATO DO SERVIZO PÚBLICO MUNICIPAL DE AMPLIACIÓN, SUBSTITUCIÓN, MANTEMENTO, CONSERVACIÓN, REPARACIÓN, SUBMINISTRACIÓN, INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE REGULACIÓN, CONTROL E INFORMACIÓN DE TRÁFICO DE VEHÍCULOS E CIRCULACIÓN DE PEÓNS NA REDE VIARIA DO CONCELLO DE VIGO . EXPTE. 105916/210.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 07/05/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Regulamento (CE) nº 213/2008 da Comisión do 28 de novembro de 2007 polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se aproba o vocabulario común para contratos públicos (CPV)), e as Directivas 2004/17 / CE e 2004/18 / CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre os procedementos para os contratos públicos, con respecto á revisión do CPV.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo público municipal de ampliación, substitución, mantemento, conservación, reparación, subministración, instalación e explotación das instalacións de regulación, control e información de tráfico de vehículos e circulación de peóns na rede viaria do Concello de Vigo.
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo servizo público municipal de ampliación, substitución, mantemento, conservación, reparación, subministración, instalación e explotación das instalacións de regulación, control e información de tráfico de vehículos e circulación de peóns na rede viaria do Concello de Vigo.

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 26 de marzo de 2019, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), entre outros asuntos, acordou a aprobación do expediente de contratación do servizo público municipal de ampliación, substitución, mantemento, conservación, reparación,



Concello de Vigo

subministración, instalación e explotación das instalacións de regulación, control e información de tráfico de vehículos e circulación de peóns na rede viaria do Concello de Vigo (expediente 105916-210), autorización do gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- En data 29 de marzo de 2019 publicouse o anuncio de licitación no Diario Oficial da UE e no perfil de contratante do Concello de Vigo. Durante o prazo de presentación de ofertas presentou oferta un único licitador, a UTE Equipos Señalización y Control, S.A e ETRA I+D.

Terceiro.- En data 23 de abril de 2019, D. Daniel Tosca Martínez, en nome e representación de 89 PLUS, S.L., mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Concello de Vigo (documento nº 190059442), interpón recurso especial en materia de contratación contra o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo público municipal de ampliación, substitución, mantemento, conservación, reparación, subministración, instalación e explotación das instalacións de regulación, control e información de tráfico de vehículos e circulación de peóns na rede viaria do Concello de Vigo.

Cuarto.- Interposto o recurso especial, o servizo de Contratación solicitou informe sobre o seu contido ao servizo xestor. Este foi evacuado en data 6 de maio de 2019.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo público municipal de ampliación, substitución, mantemento, conservación, reparación, subministración, instalación e explotación das instalacións de regulación, control e información de tráfico de vehículos e circulación de peóns na rede viaria do Concello de Vigo aprobado por acordo da XGL de 26-03-2019.

-II-

Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando éstas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018,



Concello de Vigo

procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das suas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos dictados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, o prego de cláusulas administrativas particulares é un acto susceptible deste recurso.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.

- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpre as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais, segundo a cal os licitadores ostentan lexitimación activa para recurrir.

Sen embargo, no caso que nos ocupa, a mercantil recorrente non podería ser licitadora e por ende adxudicataria do contrato que nos ocupa. Ilo é así por canto non reúne as condicións de aptitude esixidas nos artigos 65 e 66 da LCSP. O primeiro deles fixa a regra xeral de que poderán contratar co sector público “as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou extranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional”. O segundo engade un requisito para as persoas xurídicas “so poderán ser adxudicatarias de contratos cuías prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a teor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios”. E para comprobar a capacidade de obrar dos empresarios persoas xurídicas deberá acudirse a escritura o documento de constitución, os estatutos ou a acta fundacional, tal e como prescribe o artigo 84 da LCSP ao regular a acreditación da mesma.

Se ben, tal e como determina a doutrina dos tribunais especiais en materia de contratación, a coincidencia entre o obxecto do contrato e o obxecto social debe interpretarse nun sentido amplo. Neste senso, podemos citar a Resolución nº 464/2017 del TRIBUNAL ADMINISTRATIVO CENTRAL DE RECURSOS CONTRACTUALES “*El problema surge cuando los términos de tal objeto social plantean dudas sobre las prestaciones amparadas por el mismo, porque lo que no se aborda en la legislación de contratos es el alcance o grado de amplitud con que debe estar definido el objeto social, así como la necesidad o no de equivalencia o identidad entre el mismo y las prestaciones objeto del contrato; o bien el suficiente encaje de tales prestaciones dentro de un objeto social definido en términos amplios. En este punto, la ley no exige esa identidad o equiparación de la definición de las prestaciones propias con las del objeto contractual, de modo que entendemos que basta con la simple valoración de hallarse incluidas tales prestaciones en el objeto social. Este criterio ha sido así expresado en el informe 11/2008, de la Junta Consultiva del Gobierno de las Islas Baleares (...). Criterio coindidente co da Resolución nº 369/2017 del Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad De Madrid, de 4 de Diciembre de 2017, que cita o mesmo informe do órgano consultivo de Baleares “Así el informe 11/2008, de la Junta Consultiva de las Islas Baleares afirma que “cabe interpretar el artículo 46.1 LCSP (actual artículo 57 TRLCSP) en un sentido amplio, es decir, que las prestaciones objeto del contrato deben estar comprendidas en los fines, objeto o ámbito de actividad de la empresa, sin que sea necesaria la coincidencia literal entre el objeto social y el objeto del contrato. Así, es suficiente que se pueda interpretar que las prestaciones objeto del contrato encajan o quedan amparadas o englobadas en estos fines, objeto o ámbito de actividad”. La redacción del objeto social en los estatutos de la licitadora*



Concello de Vigo

no es preciso que sea en idénticos términos a los que definen las prestaciones objeto del contrato, bastando con que se encuentren dentro del "ámbito de actividad" de aquélla. El artículo 57.1 del TRLCSP no cita solo fines u objeto sino también el "ámbito de actividad" y está claro que las prestaciones del contrato licitado por el Ayuntamiento forman parte del ámbito de actividad de la Cooperativa. La finalidad de la Ley en esta materia reside en evitar que pueda resultar adjudicatario de un contrato público una empresa cuya actividad no tenga relación con las prestaciones a desempeñar, pero en este caso se aprecia que la Sociedad cooperativa tiene capacidad para licitar a este contrato ya que su objeto social coincide mayoritariamente con las prestaciones que constituyen el objeto del contrato (_)".

Segundo o apartado 2.a das Follas de especificacións do contrato (FEC) do PCAP o obxecto deste contrato é "o servizo de xestión integral e mantemento de todas as instalacións e sistemas relacionados coa xestión da rede semafórica das vías públicas, do Sistema Centralizado de Control de Tráfico de Vigo, dos Sistemas ITS dos túneles urbanos e pasos inferiores, os controis de acceso ao determinadas zonas da cidade así como os demais sistemas de información de tráfico detallados no PPT". Continúa este artigo definindo as prestacións que abarca o obxecto definido. A codificación que corresponde a este contrato no vocabulario común europeo de contratos (CPV), aprobado polo Regulamento (CE) nº 213/2008 é 50232000-0 (Servizos de mantemento de instalacións de alumeadado público e semáforos).

Pois ben, o obxecto social do recorrente, segundo consta na escritura de constitución achegada co recurso é "la prestación de servicios de consultoría y gestión de proyectos técnicos de ingeniería en general, tanto industriales como de construcción de obra civil. Para el logro de su objeto social, optará ante las administraciones públicas y entidades privadas a su presentación en concursos, atención a pliegos, presentación de ofertas y los encuentros para su contratación". A CPV correspondente a este obxecto social poderían ser "71311000-1 Servizos de consultoría en enxeñería civil" e "71330000-0 Servizos diversos de enxeñería" ou "71336000-2 Servizos complementarios de enxeñería".

A xuízo da informante, aínda que fagamos unha interpretación extensa do obxecto social da empresa recorrente, tal e como propugna a citada doutrina, o certo é que a consultoría e xestión de proxectos técnicos de enxeñería non teñen relación coa xestión integral e mantemento de todas as instalacións e sistemas relacionados coa xestión da rede semafórica das vías públicas e outros sistemas de control da mobilidade na cidade. Reforza este argumento o dato de que, tal e como se relatou, as CPV correspondentes a estes servizos son diferentes.

Se o recorrente carece de aptitude para licitar no presente procedemento, consecuentemente, carecería de lexitimación activa para recorrer os pregos que o rexen por canto, como se ten dito, a LCSP non establece unha acción pública para presentar o recurso especial en materia de contratación, esixindo vinculación entre o recorrente e a cuestión obxecto do recurso.

C) Como requisitos formais a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O escrito de interposición do recurso deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.

- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recurra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional decimoquinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente que presentou o recurso no Rexistro Xeral deste Concello.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- a) Cando se interpoña contra o anuncio de licitación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación no perfil de contratante.
- b) Cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o cómputo iniciarase a partir do día seguinte a aquel en que se publicou no perfil de contratante o anuncio de licitación, sempre que neste se indicase a forma en que os interesados poden acceder a eles. Cando non se fixese esta indicación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se lle entregaron ao interesado ou este puidese acceder ao seu contido a través do perfil de contratante.

Os pregos e o resto da documentación contractual publicáronse no perfil do contratante do Concello de Vigo o 29 de marzo de 2019. O prazo de quince días hábiles para a interposición do recurso remataba o 23 de abril de 2019. Dado que o recorrente presentou o recurso nesta data, foi presentado dentro do prazo conferido ao efecto.



Concello de Vigo

Podemos concluir, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a inadmisión do presente recurso especial, por falla de lexitimación activa do recorrente.

No entanto, e por se o Tribunal acordase a admisión do recurso, nos fundamentos xurídicos seguintes trataranse as alegacións formuladas polo recorrente.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

O recurso estruturase en dúas partes, alegacións e fundamentos xurídicos.

A parte relativa as alegacións inclúe o relato fáctico, tanto de determinados extremos do contrato, como do recurso (alegacións primeira a quinta), o obxecto do recurso (alegación sexta) e as alegacións propiamente ditas (alegacións sétima a décima) que se acompañan da fundamentación xurídica que, a xuízo do recorrente, as apoia.

Os fundamentos xurídicos se limitan a reproducir preceptos da lei relativos aos requisitos de admisibilidade do recurso (fundamentos I, III e IV actos obxecto de recurso, prazo para recorrer e lexitimación activa respectivamente); ao órgano competente para resolver (fundamento II); criterios de adxudicación (fundamento V); división en lotes (fundamento VI); duración do contrato (fundamento VII); informe de probas (fundamento VIII); prescricións técnicas (fundamento IX) e principios da contratación pública (fundamento X).

Así, tal e como se dixo, as alegacións propiamente ditas serían as contidas nas alegacións sétima a décima do escrito de recurso, que podemos sintetizar nas seguintes:

1. Vulneración do artigo 99.3 da LCSP por falta de división do contrato en lotes (alegación sétima).
2. Vulneración do artigo 29.4 da LCSP relativo ao prazo de duración dos contratos (alegación oitava).
3. Vulneración dos artigos 1.1 e 126 da LCSP cos requisitos esixidos na proba de compatibilidade necesaria para acreditar a solvencia técnica (alegacións novena e décima).

Nos fundamentos xurídicos seguintes deste informe, VI a VIII, nos referiremos a estes motivos esgrimidos polo recorrente para a estimación do recurso nas súas alegacións.

-VI-

Vulneración do artigo 99.3 da LCSP por falta de división do contrato en lotes

Comeza as súas alegacións o recorrente afirmando que dado que o presente contrato ten por obxecto diversas prestacións, na súa opinión divisibles, a teor do disposto no artigo 99.3 da LCSP, debería dividirse en lotes, e incluso propón unha sorte de división en tres lotes. Considera que esta falta de división en lotes limita a concorrência por canto, polo elevado importe do contrato, os requirimentos de solvencia so poden ser cumpridos por un reducido número de licitadores. Asemade, vota en falta a xustificación da non división en lotes.

É preciso aclarar, en primeiro lugar, que consta no expediente a xustificación da non división do contrato en lotes.

O artigo 116 da LCSP regula o expediente de contratación. Entre as xustificacións que obrigatoriamente deben constar no mesmo atopáse a da decisión de non dividir en lotes o obxecto do contrato, de ser o caso (artigo 116.4.g).

En cumprimento deste requisito, o servizo xestor incorporou á Memoria Xustificativa do Contrato a xustificación da no división en lotes do contrato. E por imperativo do artigo 63 da LCSP esta memoria xustificativa debe publicarse no perfil do contratante. Este artigo regula precisamente o perfil do contratante. Define o mesmo como “elemento que agrupa a información e os documentos relativos á actividade contractual do órgano de contratación, co obxecto de asegurar a transparencia e o acceso público a eles”. Regula a forma de acceso ao mesmo, esixindo que esta deberase facer constar nos pregos e documentos equivalentes, así como nos anuncios de licitación en todos os casos. E fixa o contido mínimo do perfil.

Entre o contido mínimo do perfil, o apartado 3.a inclúe a memoria xustificativa do contrato.

Cumprindo as súas obrigas legais, esta Administración publicou no perfil do contratante, o día 29 de marzo, xunto co anuncio de licitación, os pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas, o acordo de aprobación do expediente, o informe de necesidade e idoneidade do contrato e o de insuficiencia de medios.

Consecuentemente, o recurrente tivo acceso a esta memoria xustificativa onde se explican os motivos da non división en lotes.

Informa ao respecto o servizo xestor, no informe solicitado con ocasión da interposición deste recurso que (apartados III, IV e V):

“No apartado 3.2 da Memoria Xustificativa do Contrato publicada no perfil do contratante xustifícase en sentido técnico e de xeito cabal a non división en lotes ao advertir sobre a complexidade do obxecto do contrato, e das dificultades intrínsecas derivadas da natural diversidade da programación e execución dos mantementos contratados por separado (art. 99.3 letra b da Lei 9/17 de Contratos do Sector Público).

A non división en lotes responde estrita e exclusivamente á concepción dun servizo de prestacións necesariamente xerarquizadas en concepción, diseño, xestión e resolución por razóns imperiosas de seguridade viaria.

A actual organización do servizo, posta en marcha hai 16 anos polo Concello e perfeccionada constantemente desde entón, implica que as tarefas de explotación da Sala de Control do Tráfico estean indisolublemente conectadas coas tarefas de



Concello de Vigo

mantemento, preventivo e correctivo, dos elementos esenciais do sistema no seu conxunto.

Así, á Sala de Control do Tráfico lle corresponde xunto á mera actividade de explotación, tarefas de mantemento preventivo (Rede Troncal de fibra óptica pola que centralízase os diferentes elementos e dispositivos no sistema de xestión; postes SOS dos túneles urbanos; sistemas automáticos de acceso a lugares de circulación restrinxida; copia de seguridade dos sistemas e da programación das interseccións; control dos servidores de seguridade redundantes; comprobación dos sistemas dos reguladores).

Á Sala de Tráfico lle corresponden tamén unha posición de superioridade xerárquica sobre as actividades de mantemento, preventivo e correctivo, que operan sobre o conxunto dos demais elementos e sistemas de xestión do tráfico na vía pública.

As novas instalacións se realizan polo persoal de mantemento na rúa, previa verificación polo persoal da Sala de Control.

Todos os equipamentos funcionan en modo local e en modo centralizado. Por isto non é asumible a xestión das posibles discordancias que, conforme a experiencia común, haberán de producirse entre estruturas horizontais con incidencia actual, real e grave, sobre a disponibilidade efectiva das instalacións empregadas a diario por dúzias de miles de peóns e preto de cen mil conductores.

A concepción xerárquica obedece ao feito indudable da visión xeral ou global que a Sala ostenta respecto da propia da prestación de mantemento na rúa.

O extraordinario nivel de automatización da xestión do tráfico actualmente acadado tras tantos anos de inversións e axustes e reaxustes constantes do sistema non deben levar á confusión sobre a persistencia dos riscos inherentes: a división en lotes implicaría unha organización horizontal da contratación das prestacións en detrimento da natureza esencialmente xerárquica dos problemas que a súa xestión presenta, o que resulta inaceptable en termos de seguridade viaria dos peóns e os vehículos e demais usuarios da vía pública.

(...)

Igualmente infundada resulta a queixa sobre Plataforma C-ITS.

No mesmo apartado 3.2 da Memoria xustificativa do contrato advírtese da imposibilidade de licitar o sistema cooperativo de información do tráfico (Plataforma C-ITS) por separado con invocación expresa do estado da arte segundo modelo da curva "S".

(...)



Concello de Vigo

O investimento total supón un 15,7 por cento do custo total do servizo e proxéctase sobre os 102 meses propostos pola capacidade tractora da Plataforma sobre o conxunto da infraestrutura actual (reguladores de tráfico, cámaras, sensores (bluetooth, expiras), paneis de mensaxe variable, equipamento da Sala de Xestión da Mobilidade e rede de comunicacións, etc.

ii) Trátanse en todo caso de investimentos directamente vinculados á realización do obxecto do contrato, con cesión á Administración á conclusión do mesmo, e cuxa vida útil estímase garantida para os próximos 9-10 anos.

O prazo de oito anos e medio resulta así adecuado para executar a prestación en termos de eficiencia, eficacia e libre mercado, para á súa conclusión procurar un novo impulso da man da I+D+i resultante.

A táboa baixo estas liñas reflicte a distribución dos investimentos na duración do contrato”.

DISTRIBUCIÓN DAS INVERSIÓNS NA DURACIÓN DO CONTRATO

PERIODO	2º SEM. 2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025	2026	2027
IMPORTE QUE INVERTIRÁ O ADXUDICATARIO		923.454,24 €	923.454,24 €	1.230.354,24 €	205.977,12 €	205.977,12 €	204.600,00 €	204.600,00 €	204.600,00 €
ACUMULADO		923.454,24 €	1.846.908,49 €	3.077.262,73 €	3.283.239,85 €	3.489.216,97 €	3.693.816,97 €	3.898.416,97 €	4.103.016,97 €
IMPORTE QUE PAGARÁ O CONCELLO		512.877,12 €	512.877,12 €	512.877,12 €	512.877,12 €	512.877,12 €	512.877,12 €	512.877,12 €	512.877,12 €
ACUMULADO		512.877,12 €	1.025.754,24 €	1.538.631,36 €	2.051.508,48 €	2.564.385,60 €	3.077.262,72 €	3.590.139,84 €	4.103.016,96 €
IMPORTE ESTIMADO DO CONTRATO	1.492.216,91 €	3.497.310,94 €	3.497.310,94 €	3.497.310,94 €	3.497.310,94 €	3.497.310,94 €	3.497.310,94 €	3.497.310,94 €	3.497.310,94 €
ACUMULADO	1.492.216,91 €	4.989.527,85 €	8.486.838,79 €	11.984.149,73 €	15.481.460,67 €	18.978.771,61 €	22.476.082,55 €	25.973.393,49 €	29.470.704,43 €

Contra o que se dí no escrito do recurso, non soamente se especifican os motivos en termos de inversións que se estenden durante toda a execución do contrato, senon que poidendo optar por unha duración maior en función do limiar da amortización tecnolóxica das inversións, se opta polo prazo máis curto favorecedor da nova concurrencia”.

A xuízo da que subscribe, procede, polas razóns expostas, desestimar a que hemos numerado como alegación segunda do escrito de recurso.

-VIII-

Vulneración dos artigos 1.1 e 126 da LCSP nos requisitos esixidos na proba de compatibilidade necesaria para acreditar a solvencia técnica

O recurrente, nas alegacións novena e décima do seu escrito argumenta que a proba de compatibilidade esixida como requisito de solvencia no apartado 6 da FEC é discriminatoria e contraria, tanto ao artigo 1.1 da LCSP, por ser restrictiva dos principios de igualdade e libre concorrência, como ao artículo 126, que regula as regras para establecer as prescricións técnicas particulares. Con relación a este último extremo, a informante no alcanza a ver a relación entre un requisito de solvencia e as prescricións técnicas que rexen a execución do contrato.

Con respecto a vulneración dos principios de igualdade e libre concorrência que rexen a contratación do sector público co establecemento dunha proba de compatibilidade, é preciso aclarar que esta proba é admisible conforme ao previsto no artigo 90 da LCSP. Establece esta norma no seu apartado 1 que nos contratos de servizos, a solvencia técnica ou profesional dos empresarios deberase apreciar tendo en conta os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade, o que se deberá acreditar, segundo o obxecto do contrato, por un ou varios dos medios que enumera, á elección do órgano de contratación, entre os cales prevé, no subapartado d un control sobre a capacidade técnica do empresario. Efectivamente, prevé o artigo 90.1.d que *“Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou, en nome deste, por un organismo oficial ou homologado competente do Estado en que estea establecido o empresario, sempre que medie acordo do dito organismo. O control versará sobre a capacidade técnica do empresario e, se fose necesario, sobre os medios de estudo e de investigación de que dispoña e sobre as medidas de control da calidade”*.

Xustifica este extremo o servizo xestor no informe de 6 de maio no apartado VI dicindo que:

“No apartado 5 letra C das follas de especificacións do contrato (FEC) establécese como criterio de solvencia técnica a “Acreditación da compatibilidade do regulador de cruzamento proposto polos licitadores co Sistema de Xestión e Control de Tráfico Urbano da cidade de Vigo, consonte ao previsto no Anexo VII do PPT”.

O reproche en que se concreta o motivo de oposición ao PCAP radica no entendemento de que este esixe “aportar un certificado conforme se cumpre con la Norma UNE 133401-5 de equipamientos para la señalización viaria. Actualmente, no existe en España ningún laboratorio homologado que pueda certificar el cumplimiento de la Norma UNE 133401-5, por tanto, en estos momento -sic- si una empresa cumple con los requisitos exigidos no tiene posibilidad de obtener el certificado exigido para realizar la prueba”.

O Anexo 7 do Prego de Prescricións Técnicas reitoras da licitación dí neste particular o seguinte:

“Así mesmo, e co fin de verificar a compatibilidade das comunicacións con centrais e servidor central, o licitador deberá entregar no acto certificado do fabricante do equipo regulador de cruzamento conforme cumpre a norma UNE 135401-5 de Equipamentos para a sinalización viaria. Reguladores de tráfico. Parte 5: Protocolo de comunicacións. Tipo V”.



Concello de Vigo

Segundo viuse, o motivo descansa na mera suposición da esixencia dun certificado expedido por laboratorio homologado. Pero a cláusula técnica invocada non ampara tal comprensión (arts. 1281 e 1284 do Código Civil). O que dí e esixe e outra cousa distinta: unha certificación do fabricante de que o seu regulador cumpre os requisitos fixados na norma UNE 135401-5 de Equipamentos para a sinalización viaria.

Non consta polo demáis que o asinante do escrito do recurso teña feito uso da facultade que aos interesados na licitación lles outorga o art. 138.3 da Lei 9/17 e a Cláusula 11.3 do PCAP”.

E con relación a vulneración do artigo 126 da LCSP o apartado VII do informe técnico di que:

“Compre comenzar advertindo que nos termos en que aparece exposto o motivo non supera o limiar da crítica razonada que merece a oposición a un acto da administración no que concorre a presunción de legalidade (arts. 39.1 e 115.1 letra b da Lei 39/2015 do PAC das AAPP).

O contido da proba responde estritamente a unha concepción estándar de regulador de cruce, sen desviación de ninguha clase en favor do que actualmente ten a cidade de Vigo.

O recorrente non concreta o reproche de xeito mínimamente individualizado respecto do contido da proba.

Non se trata, polo demáis, dunha comprobación de funcionamento centralizado para o que simplemente se pide a certificación do fabricante con vistas á execución do contrato.

O cumprimento do Protocolo V de comunicacións responde á pura lóxica da súa implantación na cidade de Vigo en número actual de 175 reguladores centralizados e 85 non centralizados.

Semella inevitable que o contratista adxudicatario poda facerse cargo de todas as instalacións desde o día 01 de xullo de 2019 sen solución de continuidade, e a isto se orienta a realización da proba e o seu contido.

Este protocolo tamén está implantado en outras cidades en España, entre outras: Valencia (1.100), Murcia (248), L’Hospitalet (255), Elche (275) Lleida (110), Burgos (165), Cartagena (135), Cádiz (100), Alcoy (60), Gandía (24), Mallorca (220), Córdoba (125), Tenerife (180), Las Palmas (100).

A libre concorrència á licitación en condicións de plena igualdade está plenamente garantida.

A certificación do fabricante de que o seu regulador cumpre a norma UNE 135401-5 de Equipamentos para a sinalización viaria opera na execución do contrato. E o seu cumprimento resulta facilmente accesible a todos en canto non require máis que unha adecuada programación do regulador.

Non hai xa que logo barreiras técnicas nin económicas, senon pura visión empresarial do negocio”.

-IX-

Conclusiones

Á vista do exposto ó longo deste informe, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a inadmisión do recurso.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, nos fundamentos xurídicos VI a VIII deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación dos pregos que rexen a presente licitación, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas nos citados fundamentos xurídicos.

-X-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento.

No caso que nos ocupa o recorrente non solicitou ningunha. O presente recurso ten por obxecto a impugnación dos pregos. De continuar coa tramitación non se producirían danos de difícil ou imposible reparación por canto é improbable que o contrato poida adxudicarse e formalizarse antes de que se resolva o presente recurso. Máxime tendo en conta que este é un procedemento armonizado e suxeito a recurso especial, polo que unha vez adxudicado non pode formalizarse antes do transcurso do prazo de interposición do mesmo.

Á vista do exposto solicítase do Tribunal a non adopción de medidas cautelares.

-XI-

Acordo

En mérito ao exposto, se propon á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

8(379).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DOS EXPEDIENTES CONTRADITORIOS PARA DETERMINAR SE EXISTE, OU NON, UN CONFLITO DE INTERESES NOS EXPEDIENTES 8235/320 E 8269/320. EXPTE. 6309/241.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 07/05/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

9.Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

10.Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

11.Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.

12.Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

13.Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

14.Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas (LPAC).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 27 de decembro de 2018, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), na súa calidade de órgano de contratación, aprobou o expediente de contratación relativo ao "PROCEDIMENTO ABERTO DE SERVIZOS DE FORMACIÓN CIDADÁ EN NOVAS TECNOLOXÍAS E O USO DE INTERNET NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO" (expediente 8235-320), e acordou a apertura da licitación.

O anuncio de licitación publicouse no perfil de contratante do Concello de Vigo en data 9 de xaneiro de 2019, finalizando o prazo de presentación de ofertas o día 24 do mesmo mes. Presentaron ofertas, tal e como consta no certificado do Rexistro Xeral, os seguintes licitadores:

1. FORMAZIONA.
2. APLICACIONES DE INFORMÁTICA DE AEVIGO, S.L.
3. METODO DE ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U.
4. NORFORMACIÓN, S.L.
5. CIP
6. ARA FORMACIÓN, S.L.

En data 29 de xaneiro a Mesa de Contratación do Concello de Vigo (en adiante, Mesa), procedeu a apertura do sobre A “documentación persoal” das ofertas presentadas, e acordou admitir no procedemento a todos os licitadores, excepto a ARA NEGOCIOS, S.L., mercantil á que se concedeu un prazo de enmenda da citada documentación de tres días. Durante o mesmo achegou a documentación solicitada, DEUC, polo que a a Mesa acordou admitila no procedemento na sesión de 4 de febreiro. Nesta última sesión procedeuse a apertura do Sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos. Tras a apertura a Mesa acordou:

1. Excluir a ARA NEGOCIOS S.L. por incluír a súa proposición avaliable a través de fórmula no sobre B, motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2B do prego de cláusulas administrativas particulares (“*A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC*”).
2. Solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

Este informe foi elaborado polo xefe do servizo, D. Francisco Gutierrez Orúe, en data 5 de febreiro de 2019, e aceptado pola Mesa na sesión de 7 de febreiro. Nesta sesión procedeuse a apertura do sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula”. A súa valoración foi realizada polo citado xefe do servizo en data 8 de febreiro e aceptada pola Mesa, que acordou propoñer a clasificación de licitadores ao órgano de contratación, na sesión de 12 de febreiro.

A XGL acordou, en data 21 de febreiro, aprobar a clasificación de licitadores e solicitar a documentación do artigo 140 da LCSP ao primeiro clasificado, APLICACIONES DE INFORMÁTICA DE AEVIGO, S.L.

Segundo.- En data 21 de febreiro de 2019, a XGL aprobou o expediente de contratación por procedemento aberto do servizo de “MANTEMENTO E ACTUALIZACIÓN DOS APLICATIVOS DE XESTIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN CIDADÁ, DO BANCO DE TEMPO, Da INFORMACIÓN DIXITAL E do CONTROL DE ACCESOS NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO” (expediente 8269-320), e acordou a apertura da licitación.

O anuncio de licitación publicouse no perfil de contratante do Concello de Vigo en data 25 de febreiro de 2019, finalizando o prazo de presentación de ofertas o día 12 de marzo.

Durante o prazo de presentación de ofertas o único licitador presentado, segundo o certificado do Rexistro Xeral, é APLICACIONES DE INFORMÁTICA DE AEVIGO, S.L., sendo así que o servizo xestor do expediente é Participación Cidadá, e na elaboración da documentación contractual participou D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe.

Terceiro.- En data 7 de marzo de 2019, na sesión da Mesa de Contratación do Concello de Vigo, o membro da mesma D. Miguel Fidalgo Iglesias puxo de manifesto a posible existencia dun conflito de intereses no procedemento aberto para a contratación de servizos para a formación cidadá en novas tecnoloxías e o uso de Internet nos centros municipais de



Concello de Vigo

distrito, na persoa do funcionario e xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe con relación á mercantil APLICACIONES DE INFORMÁTICA DE AEVIGO, S.L., primeira clasificada neste procedemento.

Cuarto.- En data 14 de marzo de 2019, a Mesa acordou *“Poñer en coñecemento do órgano de contratación do Concello de Vigo, Xunta de Goberno Local, que no expediente de contratación número 8235/320 puidera existir un posible conflito de intereses na persoa do funcionario e xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe”*.

Quinto.- En data 22 de marzo de 2019, a Xunta de Goberno Local, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Dar traslado do expediente 8235-320 ao servizo de Contratación aos efectos de incoar expediente contradictorio para determinar si existe ou non un conflito de intereses na persoa do funcionario e xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe con relación á mercantil APLICACIONES DE INFORMÁTICA DE AEVIGO, S.L., primeira clasificada neste procedemento. (...)”

“(...) 3º.- Dar traslado do expediente 8269-320 ao servizo de Contratación aos efectos de incoar expediente contradictorio para determinar si existe ou non un conflito de intereses na persoa do funcionario e xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe con relación á mercantil APLICACIONES DE INFORMÁTICA DE AEVIGO, S.L., único licitador presentado neste procedemento”.

Sexto.- En data 2 de abril de 2019, o concelleiro delegado de Contratación, acordou incoar sendos expedientes contradictorios para a determinación da posible existencia de conflito de intereses nos citados procedementos de contratación.

Sétimo.- En data 2 de abril de 2019 evacuouse trámite de audiencia aos interesados, D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe APLICACIONES DE INFORMÁTICA DE AEVIGO, S.L., que presentaron alegacións en datas de 8 e 14 de abril respectivamente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Da acumulación de expedientes

En primeiro lugar compre por de manifesto que, tal e como se deduce dos antecedentes, se están tramitando dous conflitos de intereses que afectan ao mesmo funcionario e a mesma empresa, polo que por razóns de economía procedimental, parece convinte acumular os expedientes e dar unha mesma solución os dous.

A acumulación de expedientes está regulada na actualidade no artigo 57 da LPAC que determina que o órgano que inicie ou tramite un procedemento poderá dispor, de oficio ou a instancia de parte, a súa acumulación con outro u outros cos que garde identidade substancial ou íntima conexión. O único requisito que se esixe é que sexa o mesmo órgano o competente para tramitar ou resolver ambos procedementos.

Dado que a acumulación de procedementos é un acto de trámite, contra o acordo que a adopte non cabe recurso, se ben esta circunstancia non impide a impugnación do acto que poña fin ao expediente unificado, e incluso que un dos motivos de impugnación que se fagan valer sexa precisamente a indebida acumulación de procedementos.

-II-

Do concepto e requisitos do conflito de intereses

Nos casos que nos ocupan púxose de releve a participación no procedemento dun funcionario no que podería concorrer un conflito de intereses tanto na fase de elaboración da documentación contractual, en ambos casos, como na Mesa de Contratación e na valoración das ofertas nun deles.

Por elaboración da documentación contractual enténdese tanto a confección dos pregos de prescricións técnicas particulares como da memoria xustificativa do contrato, documento no que se determinan os aspectos substanciais relativos ao contrato tales como o prezo, a solvencia requirida aos futuros licitadores ou os criterios de adxudicación, e que despois son recollidos no prego de cláusulas administrativas particulares.

Con carácter previo á determinación da circunstancia de se nos presentes procedementos existe ou non conflito de intereses, é preciso comezar por definir este concepto.

Encontramos una primeira definición na sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, STJUE de 12 de marzo de 2015 (asunto C-538/13), que indica que *“un conflicto de intereses implica el riesgo de que el poder adjudicador se deje guiar por consideraciones ajenas al contrato en cuestión, y se dé preferencia a un licitador por ese mero hecho; y que el poder adjudicador está obligado, en cualquier caso, a comprobar la existencia de conflictos de intereses y adoptar las medidas adecuadas para prevenir, detectar y poner remedio a los mismos”*.

Encontramos tamén unha definición do conflito de intereses no expediente 11/18 da Junta Consultiva de Contratación Pública del Estado, que sinala que *“4. La figura del conflicto de intereses (...) es un concepto de carácter independiente y autónomo —más amplio que el de la estricta prohibición de contratar— que se puede definir como la existencia de vinculaciones personales y reales susceptibles de poner en peligro el componente de imparcialidad en las actuaciones llevadas a cabo por el órgano de contratación y por ende, el cumplimiento con los principios de no discriminación e igualdad de trato entre licitadores y de integridad que debe regir la contratación pública”*.



Concello de Vigo

O conflito de intereses na actualidade está regulado no artigo 24 da Directiva 2014/24/UE sobre contratación pública. O mesmo, tras impoñer aos Estados membros a obriga de medidas adecuadas para previr, detectar e solucionar de modo efectivo os conflitos de intereses que poidan xurdir nos procedementos de contratación a fin de evitar calquera falseamento da competencia e garantir a igualdade de trato dos operadores económicos, define o conflito, no segundo apartado como “cualquier situación en la que los miembros del personal del poder adjudicador, o de un proveedor de servicios de contratación que actúe en nombre del poder adjudicador, que participen en el desarrollo del procedimiento de contratación o puedan influir en el resultado de dicho procedimiento tengan, directa o indirectamente, un interés financiero, económico o personal que pudiera parecer que compromete su imparcialidad e independencia en el contexto del procedimiento de contratación”.

Nesta liña, a vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, regula o conflito de intereses no artigo 64 nos seguintes termos:

“1. Os órganos de contratación deberán tomar as medidas adecuadas para loitar contra a fraude, o favoritismo e a corrupción, e previr, detectar e solucionar de modo efectivo os conflitos de intereses que poidan xurdir nos procedementos de licitación co fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.

2. A estes efectos o concepto de conflito de intereses abarcará, polo menos, calquera situación na que o persoal ao servizo do órgano de contratación, que ademais participe no desenvolvemento do procedemento de licitación ou poida influír no resultado do mesmo, teña directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que puidese parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de licitación.

Aquelas persoas ou entidades que teñan coñecemento dun posible conflito de interese deberán poñelo inmediateamente en coñecemento do órgano de contratación”.

Das diferentes definicións transcritas e da regulación legal do conflito de intereses podemos extraer as seguintes conclusións:

- O conflito de intereses é unha situación obxectiva que se produce cando algunha persoa ao servizo do órgano de contratación ten unha vinculación persoal con algún dos potenciais operadores económicos que poidan participar na licitación.
- Esta participación debe ter incidencia directa no procedemento de licitación, podendo supor unha infracción dos principios da contratación pública, ao ser susceptible de alterar a concorrência e a competencia entre os licitadores.
- Non é necesario que esta persoa tiña beneficiado directamente ao licitador. É suficiente con que haxa tido a posibilidade de facelo pola súa intervención no procedemento, pois de facelo xa non estaríamos falando de conflito de intereses senón dun fenómeno de corrupción e, por ende, dun ilícito penal.

É dicir, para que conorra un conflito de interese, son necesarios unicamente dous requisitos:

- Un requisito subxectivo: unha persoa ao servizo do órgano de contratación que interveña nun procedemento de contratación e teña capacidade para influír no mesmo.
- Un requisito obxectivo: esta persoa debe ter un interese no procedemento, ben sexa de carácter económico, persoal ou doutra índole.

Pois, tal e como resalta a doutrina o conflito de intereses ten unha natureza obxectiva, que fai irrelevante a intención da persoa afectada polo conflito de cara a súa cualificación como tal. Así, Javier Miranzo¹, sinala que non é necesario “que la persona tenga la intención de sacar alguna ventaja de dicha situación irregular, sino que basta con su propia existencia objetiva”.

A citada Junta Consultiva de Contratación Pública del Estado, no seu informe 27/15, de 6 de novembro de 2017, trata sobre un posible conflito de intereses na persoa que redacta a documentación técnica contractual. Determina ao respecto que “la participación en el proceso de preparación de un contrato, concretamente en la redacción de los pliegos, que es uno de los elementos fundamentales para la delimitación de los candidatos y de su valoración posterior, de un funcionario del Ayuntamiento que es cónyuge del Director Gerente de una de las empresas que se han presentado a la licitación, sí que podría generar una situación de riesgo o de puesta en duda de la transparencia y objetividad del procedimiento de contratación. Se produciría así un riesgo de conflicto de intereses por contraposición del interés público y el privado, entre la entidad pública municipal de que se trata, y el mencionado funcionario, lo que podría impedir el estricto cumplimiento de los deberes de la función pública y comprometer la imparcialidad de la actuación”. Esta mesma argumentación sería de aplicación á intervención do funcionario en calquera outra fase do procedemento, como a Mesa de Contratación e, sinaladamente, a valoración das ofertas.

Esta Administración, seguindo as recomendacións recollidas no documento da Oficina europea de loita contra o fraude (OLAF), de la Comisión Europea, titulado “Detección de conflictos de intereses nos procedementos de contratación pública no marco das accións estruturais. Guía práctica para os responsables da xestión”, solicita aos empregados públicos que participan nos procedementos de contratación a firma de declaracións de ausencia de conflito de intereses. Así:

- Con carácter previo a axuntar ao expediente electrónico o prego de prescricións técnicas é preciso facer unha declaración de neutralidade técnica do mesmo, é dicir, que non favorece a ningún licitador e que, polo tanto, non compromete a concorrencia de futuros licitadores ao mesmo.
- Con carácter previo ao tratamento de calquera punto da orde do día na Mesa de Contratación, a Secretaria da mesma pregunta aos vocais asistentes se teñen algún

1 MIRANZO DÍAZ, JAVIER, “La ley 9/2017 y la prevención de conflictos de intereses: consideraciones y propuestas de aplicación”, en Contratación Administrativa número enero 2019 (páxinas 20-28)



Concello de Vigo

conflicto de intereses tanto con relación ao procedemento como con relación aos operadores económicos participantes na licitación.

No entanto, a pesar desta circunstancia, a realidade é que se cuestiona a existencia dun conflito de intereses nos procedementos que nos ocupan na persoa dun funcionario. Esta circunstancia deriva do feito de que o seu fillo ten unha relación directa cun dos licitadores nos citados procedementos, APLICACIONES DE INFORMÁTICA DE AEVIGO, S.L., ao ser socios dunha mesma sociedade mercantil, PRISMA MECHATRONICS, S.L. E este dato é irrefutable, por canto esta Administración solicitou certificado das escrituras de constitución destas sociedades ao Rexistro Mercantil, resultando que o socio e administrador único da primeira, D. Alberto Buceta Santana, e socio da outra xunto con D. Pablo Gutiérrez Alfaro, fillo de D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe, e ambos administradores solidarios da mercantil.

O feito de que PRISMA MECHATRONICS, S.L., tal e como alegan os interesados, non tivera actividade, non empece a existencia de relación persoal entre ambos socios. Tampouco cambia este feito o dato alegado polo sr. Buceta de que a día de hoxe se haxa modificado a súa composición social e que o sr. Gutiérrez Alfaro xa non forme parte da mesma ao venderlle a súa participación social. O relevante, aos efectos que nos ocupan é que no momento de iniciarse os procedementos esta relación existía.

As alegacións do sr. Gutiérrez se limitan a xustificar a non existencia de causas de abstención e non xustifican a inexistencia de conflito de intereses na súa persoa.

Examinando estas circunstancias ao fío dos requisitos esixidos para apreciar un conflito de intereses podemos concluír que este existe, por canto:

- Concorre o requisito subxectivo: o sr. Gutiérrez Orúe é persoal ao servizo da Administración contratante e pertence o servizo xestor dos expedientes, polo que ten capacidade para influír nos procedementos.
- Concorre o requisito obxectivo: esta persoa ten unha relación de carácter persoal, senón directamente, a través dun familiar directo, en primeiro grado de consanguinidade, cun dos licitadores.

Dado que como se ten dito, o conflito de intereses é unha circunstancia obxectiva, a mera concorrencia destes requisitos é suficiente para apreciála, con independencia de que o sr. Gutiérrez Orúe non tivera intención de beneficiar a APLICACIONES DE INFORMÁTICA DE AEVIGO, S.L. Tal e como di o autor citado, MIRIANZO DÍAZ, “En un conflito de intereses es en cierto modo irrelevante si realmente se pone en riesgo la integridad; lo realmente trascendental es si parece que la integridad está en entredicho. (...) Un conflicto de interés, en definitiva, siempre es una mera cuestión de apariencia”.

-III-

Desistencia

Unha vez constatada a existencia dun conflito de intereses nos procedementos de

contratación 8235-320 e 8269-320, é preciso desistir dos mesmos.

A nosa lexislación contractual permite ao órgano de contratación desistir do procedemento, sempre que se cumpran os seguintes requisitos (artigo 152 LCSP):

1. Que se acorde polo órgano de contratación antes da formalización.
2. Que estea fundado nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación.
3. Que se xustifique no expediente a concorrencia da causa.

Analizaremos a continuación a concorrencia dos mesmos nos supostos que nos ocupan:

- Ningún dos contratos está formalizado. O procedemento 8235-320 interrompeuse antes da adxudicación e no procedemento 8269-320 non se abriron as ofertas.
- A desistencia ven determinada por unha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato. Efectivamente, non resulta correcta a preparación da documentación contractual por unha persoa na que conorra un conflito de interese cun potencial licitador.
- Coa exposición da concorrencia destas causas se cumpriría o derradeiro dos requisitos legais para poder desistir dun procedemento de contratación.

A lexislación contractual impón a administración contratante a obriga de notificar o desestimento do procedemento ós candidatos ou licitadores participantes no mesmo (artigo 152.1 LCSP).

O desestimento non impedirá a iniciación inmediata dun novo procedemento de licitación (artigo 152.4 LCSP).

-IV-

Competencia para a resolución do conflito de intereses

A competencia para a resolución do expediente contradictorio para a determinación dun conflito de intereses, é da Xunta de Goberno Local (artigos 64 e disposición adicional 2ª da LCSP).

ACORDO

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:



Concello de Vigo

1º.- Acumular os expedientes 6309-241 e 6310-241, expedientes contraditorios para determinar se existe, ou non, un conflito de intereses na persoa do funcionario e xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe con relación á mercantil APLICACIONES DE INFORMÁTICA DE AEVIGO, S.L., nos expedientes 8235-320 e 8269-320.

2º.- Desestimar as alegacións formuladas polos interesados polas razóns expostas no fundamento xurídico deste informe.

3º.- Declarar a existencia dun conflito de intereses na persoa do funcionario e xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe con relación á mercantil APLICACIONES DE INFORMÁTICA DE AEVIGO, S.L., polas razóns expostas no fundamento xurídico segundo do presente informe, nos seguintes procedementos:

- Procedemento aberto de servizos de formación cidadá en novas tecnoloxías e o uso de internet nos centros municipais de distrito" (expediente 8235-320).*
- Procedemento aberto do servizo de "mantemento e actualización dos aplicativos de xestión do Servizo de atención cidadá, do Banco de tempo, da información dixital e do control de accesos nos centros municipais de distrito" (expediente 8269-320).*

4º.- Desistir, polas razóns expostas no fundamento xurídico terceiro do presente informe, dos seguintes procedementos contractuais:

- Procedemento aberto de servizos de formación cidadá en novas tecnoloxías e o uso de internet nos centros municipais de distrito" (expediente 8235-320).*
- Procedemento aberto do servizo de "mantemento e actualización dos aplicativos de xestión do Servizo de atención cidadá, do Banco de tempo, da información dixital e do control de accesos nos centros municipais de distrito" (expediente 8269-320).*

5º.- Notificar a desistencia dos citados procedementos aos licitadores que presentaron ofertas nos mesmos."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(380).- DAR CONTA DA RELACIÓN DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE EDUCACIÓN NO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2019. EXPTE. 18809/332.

Dáse conta do informe-proposta de data 27/04/19, asinado pola xefa do Servizo de Educación, e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2019, a concelleira-delegada de Educación, D^a Olga Alonso Suárez, da conta á Xunta de goberno Local dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Educación no primeiro trimestre de 2019, e que son os que deseguido se relacionan.

EXPTES.	SERVIZO EDUCACIÓN	DATA	IMPORTE €
23021-332	ASISTENCIA TÉCNICA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS TAREFAS DE RENOVACIÓN DOS COMPOÑENTES DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO (CEMV) DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA EDUCATIVO MUNICIPAL "VIGO CIDADE AMIGA DA INFANCIA"	22-01-2019	13.996,55
23023-332	DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA EDUCATIVO MUNICIPAL "VIGO CIDADE AMIGA DA INFANCIA"	24-01-2019	16.782,70
23025-332	REPARACIÓN DE FACHADAS DE EDIFICIOS NO CEIP LOPE DE VEGA	29-01-2019	20.973,99
23028-332	SUBMINISTRO TABOLEIRO PARA A AULA DA UNED SITA NO EDIF. DO AUDITORIO MAR DE VIGO	04-02-2019	1.686,74
23030-332	MANTEMENTO INTEGRAL DOS ASCENSORES DOS COLEXIOS PUBLICOS	01-02-2019	6.479,55
23032-332	MANTEMENTO EQUIPOS INFORMÁTICOS DURANTE O ANO 2019 DA SALA DE ESTUDOS E DA AULA DA UNED EN VIGO NO EDIFICIO MAR DE VIGO	07-02-2019	4.961,00
23034-332	ACONDICIONAMENTO DE PATIO DE XOGOS INFANTIL NA E.E.I. CRISTO DA VICTORIA	06-02-2019	30.141,10



Concello de Vigo

EXPTES.	SERVIZO EDUCACIÓN	DATA	IMPORTE €
23038-332	TRABALLOS TÉCNICOS DE ADECUACIÓN E ACTUALIZACIÓN DAS APLICACIÓNS INFORMÁTICAS ESPECÍFICAS E FERRAMENTAS ONLINE DO SERVIZO DE EDUCACIÓN NO ANO 2019	07-02-2019	4.870,25
23044-332	DESENVOLVEMENTO PROGRAMA EDUCATIVO PARA ESCOLARES "VIGO NO TEMPO"	07-02-2019	16.540,70
23053-332	SERVIZO DE TRANSPORTE DE MATERIAIS PARA AS ESCOLAS MUNICIPAIS DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS NO ANO 2019	13-02-2019	1.415,70
23068-332	TRANSPORTES DE MERCADURÍAS DO SERVIZO DE EDUCACIÓN	15-02-2019	1.000,00
23069-332	SUBMINISTRO DE COLUMPIO ADAPTADO PARA O CEIP FONTE ESCURA	17-02-2019	4.598,00
23070-332	CONTRATO MENOR SERV. MANTEMENTO ASCENSORES RÚA SAN VICENTE ESQ. MENDEZ NUÑEZ	25-02-2019	1.343,68
23078-332	SUBMINISTRO GASOLEO NOS COLEXIOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E ESCOLAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO	21-02-2019	13.958,20
23106-332	MANTEMENTO ANUAL SISTEMAS DE ALARMA DE ROBO EN CENTROS EDUCATIVOS	06-02-2019	10.890,00
23109-332	MANTEMENTO ANUAL DE SISTEMAS DE DETECCIÓN DE INCENDIOS EN CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS	06-03-2019	3.388,00
23118-332	CONEXIÓNS DOS SISTEMAS DE ROUBO A CENTRAL RECEPTORA DE ALARMAS NOS CENTROS EDUCATIVOS	13-03-2019	11.250,40
23331-332	TRATAMENTO OBRIGATORIO CONTRA A LEXIONELA NAS INSTALACIÓNS DE ACS NOS CENTROS ESCOLARES	22-03-2019	14.399,00
23011-332	REPARACIÓN MURO PECHE NO CEIP VALLADARES SOBREIRA	22-01-2019	2.521,64

EXPTES.	SERVIZO EDUCACIÓN	DATA	IMPORTE €
23012-332	DERRIBO, TALA E TRANSPORTE DE 9 ÁRBORES PERIGOSOS NO CEIP MATAMÁ OTERO PEDRAIO	16-01-2019	8.167,50
23013-332	APEO, TALA E TRANSPORTE DE ÁRBORE PERIGOSO EN GRADAS DO CEIP LOPE DE VEGA	23-01-2019	1.996,50
23014-332	REPARACIÓN EN GRADAS E CUBERTA DE PATIO NO CEIP LOPE DE VEGA	21-01-2019	3.314,92
23017-332	IMPERMEABILIZACIÓN DE FORXADO DE XIMNASIO NO CEIP CABRAL SELLO	23-01-2019	9.000,00
23026-332	OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E SEGURIDADE NO PATIO DO CEIP FONTESCURA	29-01-2019	4.162,40
23027-332	TRANSPORTE ESCOLAR CEIP PARAIXAL TEIS FEBREIRO-SETEMBRO 2019	29-01-2019	10.191,50
23031-332	SOLICITUDE ANPA TRANSPORTE ESCOLAR CEIP MOSTEIRO BEMBRIVE PERIODO FEBREIRO-OUTUBRO 2019	01-02-2019	14.938,66
23033-332	REPARACIÓN DE FENDAS E IMPERMEABILIZACIÓN DE CANALETA DE PISTA POLIDEPORTIVA NO CEIP GARCÍA BARBÓN	01-02-2019	3.326,29
23035-332	REPARACIÓN DE PECHE DE RECINTO NO CEIP BEMBRIVE MOSTEIRO	05-02-2019	5.159,44
23036-332	SUBMINISTRO DE MATERIAL NON INVENTARIABLE PARA PEQUENOS MANTEMENTOS NO IME	17-02-2019	989,07
23054-332	CAMBIO DE CUBERTA DO COMEDOR NO CEIP COUTADA BEADE	14-02-2019	17.303,00
23056-332	REPARACIÓN DE PARAMENTOS DE TIRO DE ESCALEIRAS NO CEIP MATAMÁ JOSEFA ALONSO	13-02-2019	1.317,69
23063-332	SUBMINISTRO DE TERRA VEXETAL PARA XARDÍNS NO IES ROSALES II	13-02-2019	929,28
23064-332	TALA E RETIRADA DE 7 ARBORES PERIGOSAS NO CEIP CORUXO TINTUREIRA	13-02-2019	1.089,00



Concello de Vigo

EXPTES.	SERVIZO EDUCACIÓN	DATA	IMPORTE €
23065-332	APLICACIÓN DE RESINA ACRÍLICA NA PISTA POLIDEPORTIVA DO CEIP ILLAS CIES	15-02-2019	18.851,80
23094-332	SUSBTITUCIÓN DE REVESTIMENTO NO PAVILLÓN DEPORTIVO DO CEIP VALADARES IGREXA	27-02-2019	15.362,77
23107-332	SUBSTITUCIÓN PAVIMENTO AULA MATINAL NO CEIP CELSO EMILIO FERREIRO	04-03-2019	2.781,91
23119-332	EDICIÓNS SOPORTES DIVULGATIVOS PROGRAMAS SERVICIO EDUCACIÓN	18-03-2019	4.997,30
23130-332	REPARACIÓN DE FENDAS EN FORXADOS E TEITOS DE SEGUNDA PLANTA NO CEIP LOPE DE VEGA	21-03-2019	11.416,92
23337-332	DINAMIZACIÓN E CONTRATACIÓN MONITORAXE ESPECIALIZADO PARA O PROGRAMA IMATXINA XV EDICIÓN	18-03-2019	3.500,01
23339-332	DESPRAZAMENTOS DE ESCOLARES	18-03-2019	9.800,00
23340-332	FUNDACION IGUAL ARTE	20-03-2019	1.000,00

EXPTES	ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS	DATA	IMPORTE
631/613	MANTEMENTO ASCENSOR SCHINDLER (xaneiro-xuño)	21-01-2019	1.383,91
632/613	MANTEMENTO ASCENSOR ENOR (xaneiro-xuño)	24-01-2019	625,02
633/613	MANTEMENTO SISTEMA INTRUSIÓN ALARMA TECHCO (xaneiro-xuño)	29-01-2019	1.923,90
634/613	MENSAXERÍA EXPOSICIÓN "CURTIDAS" NO ESPAZO EMAO	25-01-2019	723,28
635/613	ROTULACIÓN EXPOSICIÓN "CURTIDAS" NO ESPAZO EMAO	23-01-2019	865,17
636/613	REPARACIÓN DE ACUMULADORES ESTÁTICOS EMAO	25-01-2019	146,29

EXPTES	ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS	DATA	IMPORTE
637/613	MATERIAL PARA MONOGRÁFICO TALLA E ESCULTURA E ENCADERNACIÓN "LIBRO ILUSTRADO:GRVADO COMA IMAXE"	24-01-2019	349,21
638/613	SUBMINISTROS PARA PEQUENOS MANTEMENTOS NA EMAO	24-01-2019	531,10
639/613	MANTEMENTO ANUAL SISTEMA INSTALACIÓN GAS AULA OURIVARÍA	24-01-2019	201,67
640/613	AFIADO DE COITELAS CEPILLADORA AULA CAIM ZANFONA	04-02-2019	35,94
641/613	MANTEMENTO EQUIPOS INFORMÁTICOS DA EMAO	22-02-2019	989,97
642/613	MONTAXE,RESTAURACIÓN BÁSICA, TRANSPORTE E COLOCACIÓN DE SERRA DE CINTA HISTÓRICA PARA A EXPOSICIÓN "EMAO 130 ANOS DE HISTORIA"	29-01-2019	5.935,05
643/613	ADQUISICIÓN COMPRESOR PARA AULA DE CERÁMICA	25-01-2019	163,35
645/613	SUBSCRIPCIÓN PARA HEMEROTECA DA EMAO	28-01-2019	1.487,20
647-613	SEGURO EXPO. ARTESANÍA EN COIRO "CUTIDAS" NO ESPAZO EMAO	28-01-2019	318,96
649-613	REPARACIÓN DE DOUS ACUMULADORES DOS CATRO EXISTENTES NA AULA DE PINTURA DA EMAO	04-02-2019	146,29
654-613	REPARACIÓN DE XERADOR DE VAPOR CON CALDEIRA DA PLANCHA INDUSTRIAL NA AULA DE MODA E CONFECCIÓN	02-02-2019	423,50
659-613	ADQUISICIÓN 2 ARMARIOS PORTACHAVES	27-02-2019	132,00
661-613	REPARACIÓN/REPOSICIÓN DIFERENCIAL CONEXIADO FORNO DA AULA DE CERÁMICA	22-02-2019	362,33
662-613	IMPRESIÓN MATERIAL DIVULGATIVO EXPOSICIÓN EMAO E DIPLOMAS FIN DE ESTUDOS	25-02-2019	744,00



Concello de Vigo

EXPTES	ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS	DATA	IMPORTE
669-613	SUBSCRIPCIÓN ANUAL REVISTA FUERA DE MARGEN (ILUSTRACIÓN DEBUXO ARTÍSTICO)	14-03-2019	23,00
671-613	ADQUISICIÓN BATIDORA PARA A ESPECIALIDADE DE PINTURA	08-03-2019	54,90
672-613	ADQUISICIÓN MATERIAIS IMPRIMACIÓNS PARA ESPECIALIDADE DE PINTURA	08-03-2019	72,32
678-613	TRANSPORTE MONTAXE STAND DA EMAO AUDITORIO MAR DE VIGO	26-03-2019	1.647,32
630/613	ADQUISICIÓN EXTRACTORES DE GASES TALLER OURIVARÍA	18-03-2019	5.741,45

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

10(381).- DAR CONTA DE 4 RENUNCIAS DE BOLSEIROS/AS INGLÉS CORRESPONDENTES ÁS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” DE ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO (EOIV) NO ANO 2019. EXPTE. 22697/332.

Dáse conta do informe-proposta de data 29/04/19, asinado polo técnico do Servizo de Educación, a xefa do Servizo de Educación, a concelleira-delegada de Educación, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 07 de Febreiro de 2019, adoptou o seguinte acordo: “Adxudicación e denegación das Bolsas “Concello de Vigo” de estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo, ano 2019. (Expte 22697/332)”.

A base décimo segunda da devandita convocatoria no seu apartado de “aceptación da axuda”, recolle que o alumnado beneficiario das bolsas deberá presentar asinado no Servizo de Educación do Concello de Vigo, unha aceptación ou renuncia expresa da bolsa segundo modelo do Anexo III nun prazo de dez días, contados a partires do día seguinte ao da súa notificación ás persoas beneficiarias ou da data da publicación na páxina web municipal da concesión das bolsas.

Requerida a documentación citada na base décimo segunda, de todos e cada un dos 96 beneficiarios/as propostos das bolsas “Concello de Vigo”, resulta que todos/as aceptan

expresamente a bolsa municipal coa presentación positiva do anexo III, agás os seguintes catro bolseiros/as de inglés que teñen presentado a súa renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa por razóns de índole persoal:

OS CATRO BOLSEIROS/AS PROPOSTOS PARA O IDIOMA DE INGLÉS QUE PRESENTAN A SÚA RENUNCIA VOLUNTARIA, SON AS SEGUINTE:

EXPTE	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF ALUMNO/A	PUNTOS
IN-014	Fernández Aparicio	Elvira	3602****	10,00
IN-027	Fernández Gallego	Patricia	****7275	8,75
IN-031	Vila Riveiro	José Manuel	****8497	7,50
IN-047	Crespo Crespo	Miguel Angel	****8139	5,50

Verificadas e acreditadas documentalmente as catro casuísticas particulares anteriormente expostas, achegando o anexo III con renuncia expresa e voluntaria á bolsa municipal concedida, incorpórase toda esta documentación requerida aos seus respectivos expedientes que figuran arquivados nas dependencias do Servizo de Educación como órgano xestor da referida iniciativa municipal.

Continuando o proceso, e segundo recolle a base novena “criterios de valoración” da convocatoria, que indica que para o caso de que unha vez adxudicadas as prazas, existan prazas vacantes por renuncia, éstas serán ofertadas ao alumnado en lista de agarda por chamamento directo, de conformidade coa orde establecida polo resultado da aplicación dos criterios de baremación; resulta que non existe lista de agarda en ningún idioma para poder cubrir estas vacantes xeradas polas renuncias presentadas.

En consecuencia e consonte ao anteriormente exposto, é obxecto do presente informe dar conta das catro renuncias voluntarias e ningunha alta que se teñen producido nos beneficiarios/as das bolsas “Concello de Vigo” para alumnado da EOIV ano 2019, as cales non implican modificación do compromiso económico adoitado polo órgano competente.

Por elo, **proponse** á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

1. Dar conta da renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa “Concello de Vigo” para alumnado EOIV ano 2019, da beneficiaria de Inglés, Elvira Fernández Aparicio co DNI 3602****, e en consecuencia, aprobar a anulación do documento contable D 201900012269 por importe de 1.700.-€ para pago de custe da beca municipal “Concello de Vigo 2019” para estancia lingüística no estranxeiro , outorgada a favor de Elvira Fernández Aparicio.
2. Dar conta da renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa “Concello de Vigo” para alumnado EOIV ano 2019, da beneficiaria de Inglés, Patricia Fernández Gallego co DNI ****7275, e en consecuencia, aprobar a anulación do documento contable D 201900012285 por importe de 1.700.-€ para pago de custe da beca municipal



Concello de Vigo

“Concello de Vigo 2019” para estancia lingüística no estranxeiro , outorgada a favor de Patricia Fernández Gallego.

3. Dar conta da renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa “Concello de Vigo” para alumnado EOIV ano 2019, do beneficiario de Inglés, José Manuel Vila Riveiro co DNI ****8497, e en consecuencia, aprobar a anulación do documento contable D 201900012302 por importe de 1.700.-€ para pago de custe da beca municipal “Concello de Vigo 2019” para estancia lingüística no estranxeiro, outorgada a favor de José Manuel Vila Riveiro.
4. Dar conta da renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa “Concello de Vigo” para alumnado EOIV ano 2019, do beneficiario de Inglés, Miguel Angel Crespo Crespo co DNI ****8139, e en consecuencia, aprobar a anulación do documento contable D 201900012335 por importe de 1.700.-€ para pago de custe da beca municipal “Concello de Vigo 2019” para estancia lingüística no estranxeiro, outorgada a favor de Miguel Angel Crespo Crespo.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

11(382).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS AUXILIARES PARA O FUNCIONAMENTO DA AULA DE ESTUDIO, DA AULA DA UNED E OUTROS ESPAZOS NO EDIFICIO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS. EXPTE. 23062/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 26/04/19 e o informe de fiscalización do 02/05/19, dáse conta do informe-proposta de data 09/04/19, asinado pola xefa do Servizo de Educación, a concelleira-delegada de Educación, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 5 de marzo de 2019, a Concelleira de Educación resolveu “autorizar a tramitación dun contrato maior de servizos para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos auxiliares da aula de estudo, da aula da UNED de Vigo e outros espazos no edificio Auditorio - Pazo de Congressos, na Avenida de Beiramar, en Vigo.”

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación de data 04/03/201-98.
- Resolución da Concelleira de Educación de 05/03/19 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.

- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 03/04/19, redactado polo servizo de Educación.
- Memoria xustificativa de data 03/04/19.
- Informe de data 04/04/19 da xefa do Servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 08/04/19, redactado polo servizo de Contratación.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: O obxecto do presente contrato é a prestación dos servizos auxiliares de conserxería, atención ao público, control de accesos, información e pequenas reparacións, necesarios para o funcionamento da Aula de estudo e outros espazos adicados a usos culturais e educativos sitos no edificio Auditorio-Pazo de Congresos na Avda de Beiramar (Vigo), e de acordo cos requisitos contidos no prego de cláusulas administrativas particulares e no de prescricións técnicas.

Duración: Dous (2) anos, máis tres posibles prórrogas de un ano de duración cada unha.

Prezo: O prezo do contrato e de 169.338,14 euros (139.948,88 € , máis 29.389,26 € de IVE a soportar pola administración).

Aplicación orzamentaria: 3231.22.799.02 – Funcionamento aula estudos Av. Beiramar (e bolsa de vinculación).

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP). A resolución segundo o artigo 117 da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria para a prestación dos servizos auxiliares para o funcionamento da Aula de Estudo, da Aula da Uned e outros espazos no Edificio auditorio-Pazo de Congresos, na Avda. de Beiramar en Vigo.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 03/04/19 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de



Concello de Vigo

data 08/04/19 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para a contratación dos servizos auxiliares para o funcionamento da Aula de Estudo, da Aula da Uned e outros espazos no Edificio Auditorio-Pazo de Congressos, na Avda. de Beiramar en Vigo. por procedemento aberto.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 169.338,14 euros (16.237,90 € na anualidade de 2019; 84.669,07 € na anualidade de 2020 e 68.431,17 € na anualidade de 2021, para a contratación dos servizos auxiliares da Aula de Estudo, da Aula da Uned e outros espazos no Edificio auditorio-Pazo de Congressos, na Avda. de Beiramar en Vigo, por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3231.22.799.02 – Funcionamento aula estudos Av. Beiramar, e bolsa de vinculación. O valor estimado do contrato estipulase en 377.861,98 €

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(383).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE FESTAS NO MES DE ABRIL DE 2019. EXPTE. 7925/335.

Dáse conta do informe-proposta de data 02/05/19, asinado polo técnico de Xestión e pola concelleira-delegada de Festas, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na Base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2019, aprobadas polo Pleno con data 26/12/2018, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de **gasto menor** no Servizo de Festas, autorizados pola concelleira delegada de Festas, o mes de abril de 2019.

Expte: 7911/335. CONTRATACIÓN DA ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES INFANTÍS PARA O PARQUE FAMILIAR IFEVI

Decreto concelleira data: 09/04/2019

Informe Intervención: ADM 26648

Adxudicatario: MANTESIL SLU

Importe total: 18.143,95 EUROS

Expte: 7913/335. CONTRATACIÓN DA ACTUALIZACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN PARA OS ESPECTÁCULOS E CONCERTOS DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2019” NO AUDITORIO DE CASTRELOS

Decreto concelleira data: 10/04/2019

Informe Intervención: ADM 27810

Adxudicatario: PEDRO MURCIEGO DELGADO

Importe total: 9.498,50 EUROS

Expte: 7919/335. CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO POLO CONCERTO DE MELENDI NO IFEVI (PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2019)

Decreto concelleira data: 12/04/2019

Informe Intervención: ADM 27824

Adxudicatario: EMOTIONAL EVENTS PRODUCCIONES SL

Importe total: 18.000,00 EUROS

Expte: 7917/335. CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A COMPROBACIÓN DE CARGAS A APLICAR NA CUBERTA DO AUDITORIO DE CASTRELOS CON MOTIVO DOS ESPECTÁCULOS DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2019

Decreto concelleira data: 15/04/2019

Informe Intervención: ADM 27585

Adxudicatario: NAM ARQUITECTOS SLP

Importe total: 8.167,50 EUROS

Expte: 7921/335. CONTRATACIÓN DA ORGANIZACIÓN DO EVENTO “A FESTA DAS NENAS E DOS NENOS 2019”

Decreto concelleira data: 17/04/2019

Informe Intervención: ADM 27990

Adxudicatario: MUNDO OCIO GALICIA SL

Importe total: 15.945,00 EUROS

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.



Concello de Vigo

13(384).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO SERVIZO DE IGUALDADE, NO MES DE ABRIL DO ANO 2019. EXPTE. 9296/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 03/05/19, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de abril do ano 2019.

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
9107-224	CMSU	Adquisición de 4.000 diplomas para entregar ao alumnado participante do programa "Camiña con nós pola igualdade" do presente curso escolar.	Obradoiro Gráfico SL	23112279903	12/04/2019	332,75 €
9175-224	CMSE	Traballos de limpeza e mantemento das sinais e placas identificativas que integran o roteiro feminino "Sons de mulleres"	Van Divulgación Cultural SL	23112279901	29/04/2019	229,90 €
9216-224	CMSE	Traballos técnicos e de asesoría en xénero que requiren as tarefas de negociación e de elaboración do Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo	Eclos Consulting Group, S L	23112270601	24/04/2019	5.445,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

14(385).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS A XUSTIFICAR ANO 2019- 1º. EXPTE. 102716/140.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 06/05/19, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Fiscalización, o interventor Xeral, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable:

- Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.
- Base 23 das de Execución do Orzamento de 2019.

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

<i>Habilitado</i>	<i>Nºpagamento</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Importe librado</i>	<i>Importe xustificado</i>	<i>Data de pagamento</i>	<i>Data Real xustificación</i>	<i>Data legal de xustificación</i>	<i>Reintegro</i>	<i>S/ a favor</i>
Abalde Comesaña Raquel	201800098365	9121.2310000	600,00	314,15	19/12/18	02/01/19	31/12/18	285,85	0,00
Abalde Comesaña Raquel	201800098366	9120.2269900	500,00	0,00	19/12/18	02/01/19	31/12/18	500,00	0,00
Abalde Comesaña Raquel	201800100640	9121.2200100	500,00	341,20	19/12/18	02/01/19	31/12/18	158,80	0,00
Abalde Comesaña Raquel	201900003377	9120.2260100	2.000,00	2.089,50	16/01/19	27/03/19	16/04/19	0,00	89,50
Abalde Comesaña Raquel	201900003379	9121.2310000	1.000,00	110,00	16/01/19	21/01/19	16/04/19	890,00	0,00
Abalde Comesaña Raquel	201900006244	9120.2310000	700,00	746,56	25/01/19	27/03/19	25/04/19	0,00	46,56
Berros Pérez Alfonso	201900017100	9202.2250200	200,00	213,00	07/03/19	04/04/19	07/06/19	0,00	13,00



Concello de Vigo

Espada Recarey Luis	201900008140	9250.2269901	337,00	337,00	30/01/19	20/03/19	30/04/19	0,00	0,00
Fernández Fernández Paz	201900011405	2310.4810000	450.829,00	450.828,50	18/02/19	26/02/19	18/05/19	0,50	0,00
García Álvarez Luis	201900006322	9200.2219901	191,81	191,81	25/01/19	01/03/19	25/04/19	0,00	0,00
García Álvarez Luis	201900023017	9200.2219901	150,00	150,00	27/03/19	05/04/19	27/06/19	0,00	0,00
Magdalena Vila Jesús M. ^a	201900007696	9310.2312000	400,00	291,22	25/01/19	31/01/19	25/04/19	108,78	0,00
Núñez-Torrón López Jesús	201800066672	2310.2279900	2.500,00	1.830,00	22/08/18	11/01/19	22/11/18	670,00	0,00
Vieites Alén José Manuel	201900003314	9200.2260300	3.000,00	1.784,42	16/01/19	15/03/19	16/04/19	1.215,58	0,00
Vieites Alén José Manuel	201900011416	9200.2090000	6.400,00	6.400,00	18/02/19	25/02/19	18/05/19	0,00	0,00
TOTAL			469.307,81	465.627,36				3.829,51	149,06

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido a excepción das ordes de pago a xustificar n.º 201800098365, 201800098366 e 201800100640 de Abalde Comesaña Raquel e 201800066672 de Núñez-Torrón López Jesús.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobranse.	✓	

Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
	As ordes de pago a xustificar n.º 201800098365, 201800098366 e 201800100640 de Abalde Comesaña Raquel e 201800066672 de Núñez-Torrón López Jesús non se renderon dentro do prazo legal de xustificación	

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

PROPOSTA

En base á Resolución da Alcaldía de data 19 de xuño de 2015, na que se delega na Xunta de Goberno Local a aprobación das contas xustificativas rendidas polos seus perceptores, propónse a aprobación das seguintes:

Habilitado	Nº pagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Abalde Comesaña Raquel	201800098365	9121.2310000	600,00	314,15	19/12/18	02/01/19	31/12/18	285,85	0,00
Abalde Comesaña Raquel	201800098366	9120.2269900	500,00	0,00	19/12/18	02/01/19	31/12/18	500,00	0,00
Abalde Comesaña Raquel	201800100640	9121.2200100	500,00	341,20	19/12/18	02/01/19	31/12/18	158,80	0,00
Abalde Comesaña Raquel	201900003377	9120.2260100	2.000,00	2.089,50	16/01/19	27/03/19	16/04/19	0,00	89,50
Abalde Comesaña Raquel	201900003379	9121.2310000	1.000,00	110,00	16/01/19	21/01/19	16/04/19	890,00	0,00
Abalde Comesaña Raquel	201900006244	9120.2310000	700,00	746,56	25/01/19	27/03/19	25/04/19	0,00	46,56



Concello de Vigo

Berros Pérez Alfonso	201900017100	9202.2250200	200,00	213,00	07/03/19	04/04/19	07/06/19	0,00	13,00
Espada Recarey Luis	201900008140	9250.2269901	337,00	337,00	30/01/19	20/03/19	30/04/19	0,00	0,00
Fernández Fernández Paz	201900011405	2310.4810000	450.829,00	450.828,50	18/02/19	26/02/19	18/05/19	0,50	0,00
García Álvarez Luis	201900006322	9200.2219901	191,81	191,81	25/01/19	01/03/19	25/04/19	0,00	0,00
García Álvarez Luis	201900023017	9200.2219901	150,00	150,00	27/03/19	05/04/19	27/06/19	0,00	0,00
Magdalena Vila M. ^a Jesús	201900007696	9310.2312000	400,00	291,22	25/01/19	31/01/19	25/04/19	108,78	0,00
Núñez-Torrón López Jesús	201800066672	2310.2279900	2.500,00	1.830,00	22/08/18	11/01/19	22/11/18	670,00	0,00
Vieites Alén José Manuel	201900003314	9200.2260300	3.000,00	1.784,42	16/01/19	15/03/19	16/04/19	1.215,58	0,00
Vieites Alén José Manuel	201900011416	9200.2090000	6.400,00	6.400,00	18/02/19	25/02/19	18/05/19	0,00	0,00
TOTAL			469.307,81	465.627,36				3.829,51	149,06

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(386).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO INFORME-PROPOSTA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN E, CONSECUENTEMENTE, NO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 29/03/2019 DE NOMEAMENTO INTERINO DE 3 SUBALTERNOS/AS CON CARGO ÁS TRES PRAZAS VACANTES INCLUÍDAS NA OEP 2018. EXPTE. 33460/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 02/05/19, dáse conta do informe-proposta de data 24/04/19, asinado pola técnica de Admón. xeral, a xefa da área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

I. Antecedentes

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 29 de marzo de 2019, adoptou acordo para o nomeamento interino de tres subalternas/os con cargo ás prazas vacantes da mesma denominación correspondentes á oferta de emprego público 2018 (art. 10.1.a) do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público.

No apartado primeiro da proposta de acordo establecíase: *“O custo de dito nomeamento imputarase a aplicación orzamentaria 920.0 do orzamento do exercicio económico 2019, partidas 120.05.00 (soldo base), 121.00.05 (complemento de destino), 121.01.05 (complemento específico e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa).”*

Detectado erro material no senso de que faise referencia unicamente á aplicación orzamentaria 920.0 (Conserxería), cando os datos correctos son *“Os custos de ditos nomeamentos imputaranse ás aplicacións orzamentarias 320.0 (IME), 333.0 (Museos) e 920.0 (Conserxería) do orzamento do exercicio económico 2019, partidas 120.05.00 (soldo base), 121.00.05 (complemento de destino), 121.01.05 (complemento específico e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa).”*, procede rectificar o mesmo.

II. Lexislación aplicable

Segundo establece o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, *“as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”*.

III. Competencia

En consecuencia, e ao abeiro das competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo contempladas no artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local; e nos termos e condicións, alcance e contido do



Concello de Vigo

informe de fiscalización que pola Intervención Xeral municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Rectificar, ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, o erro detectado na proposta da Área de Recursos Humanos e Formación, de data 11/03/2019 e, consecuentemente, o apartado primeiro do acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/03/2019 de nomeamento interino de tres subalternos/as con cargo ás prazas vacantes da mesma denominación correspondentes á oferta de emprego público 2018, que pasa a contar coa seguinte redacción:

*“Os custos de ditos nomeamentos imputaranse ás **aplicacións orzamentarias 320.0 (IME), 333.0 (Museos) e 920.0 (Conserxería)** do orzamento do exercicio económico 2019, partidas 120.05.00 (soldo base), 121.00.05 (complemento de destino), 121.01.05 (complemento específico e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa).”*

Segundo.- Notificar o presente acordo aos/ás aspirantes nomeados/as, á Xefa da Área de Réxime interior, á Xefa de subalternos, á Xefa do Servizo de Educación, ao Servizo de Cultura, á Intervención Xeral, ao Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(387).- ATRIBUCIÓN PROVISIONAL DE FUNCÍONS DO POSTO DE CONSERVADOR AO EMPREGADO MUNICIPAL NP 83261 DE VIGOZOO. EXPTE. 33861/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 02/05/19, asinado pola técnica de Formación e Avaliación da Área de Recursos Humanos, a xefa da área de Recursos

Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Mediante instrucción de servizo de data de sinatura electrónica, a vista da solicitude recibida na Area de Recursos Humanos e Formación en data 26/03/2019, asinada polo Director de Réxime Interior, o xefe de servizo de Medio Ambiente e a Concelleira Delegada da Area, o Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal ordea á Área de Recursos Humanos e Formación a realización dos tramites administrativos necesarios para a realización de atribución de desempeño temporal de funcións do posto vacante de Veterinario Vigozoo, ao empregado municipal D. A. Acuña Rodríguez, con número de persoal 83.261, que ocupa o posto e praza de veterinario de VigoZoo.

MARCO LEGAL DA DESEMPEÑO TEMPORAL DE FUNCIÓNS DISTINTAS ÁS PROPIAS DO POSTO DE TRABALLO DOS FUNCIONARIOS PÚBLICOS.

O artigo 73.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen, e sen merma das retribucións.

Pola súa natureza e configuración, o desempeño temporal de funcións constitúe un instrumento de xestión de recursos humanos, de carácter estritamente provisional, de xeito tal que permita dar solucións provisionais a situacións transitorias. No presente suposto, a atribución temporal de desempeño proposto ten por obxecto permitir a normal xestión técnica do servizo Vigozoo, e a súa duración será ata a cobertura do posto de "Conservador Zoo" toda vez que na sesión ordinaria do 29 de marzo de 2019, aprobaronse as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego que permita o nomeamento interno como conservador, dacordo ao previsto no art 10.1 do RDL 5/2015 (Expte 33524-220, publicado no BOP n.º 72 de data 12/04/2019). pendente de execucion.

MOTIVACIÓN DA ATRIBUCIÓN TEMPORAL DE DESEMPEÑO DE FUNCIÓNS OBXECTO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO.

Na vixente relacións de postos de traballo do Concello de Vigo no servizo de VigoZoo (612) figura o posto "Conservador-Zoo", actualmente en situación de vacante, e incluído na Oferta de Emprego Público 2017.

Por outra banda, a Lei 31/2003, de 27 de outubro, de conservación da fauna silvestre nos parques zoolóxicos establece no seu artigo 5 (persoal especializado e medios materiais) que " Los parques zoológicos deben disponer del personal necesario especializado y de los medios materiales adecuados para la ejecución de las medidas de bienestar, profilácticas, ambientales y de seguridad indicadas en el artículo 3, así como para el desarrollo y cumplimiento de los programas señalados en el artículo 4 de esta ley."

Así mesmo, no seu artigo 13 (Infraccións) dispón que " 3. A los efectos de esta ley se consideran infracciones graves: b) La carencia del personal especializado o los medios materiales exigidos en esta ley ...".



Concello de Vigo

O órgano competente para velar pola correcta aplicación desta lei é, no ámbito da nosa comunidade, a Xunta de Galicia, que na última inspección realizada ao parque zoolóxico indicaba no requirimento presentado neste Concello o pasado 17/08/18 (doc. Núm. 180138053) a obriga de “ ... asegurar unha cobertura continua do posto de conservador, ao longo de 2017 o posto de conservador do parque permaneceu sen cubrir durante varios meses, o que supón unha carencia importante, tendo en conta a relevancia deste posto...”

As principais funcións do conservador é a xestión da colección zoolóxica, a distribución espacial dos animais nos correspondentes recintos e propoñer as reformas das instalacións que contribúan á mellora da saúde e benestar das especies que as ocupan.

Dado que a cobertura definitiva producírase cando remate a convocatoria da oferta pública de emprego do ano 2017 e a cobertura provisional unha vez que exista unha lista de aspirantes en función da bolsa que estase a tramitar na actualidade ((Expte 33524-220, publicado no BOP n.º 72 de data 12/04/2019)., é necesario que, entanto, sexan realizadas as funcións do conservador de VigoZoo.

Na relación de postos de traballo de VigoZoo existe un posto de carácter técnico, veterinario, que dado seu perfil técnico e os requirimentos de titulación, podería desempeñar provisionalmente as funcións de conservador acumulándoas ás súas propias.

O desempeño das funcións do posto de conservador/a suporá a asunción das funcións e responsabilidades do mesmo, polo que o grao de cumprimento das funcións encomendadas, será estimado mediante informe de avaliación, no que se especificará as tarefas levadas a cabo e o grao de participación na actividade do servizo, expedientes tramitados, etc..) de xeito tal que se retribuirá en expediente posterior, un complemento de produtividade, dacordo coas vixentes instrucións de plantilla no suposto de desempeño de acumulación de funcións de dous postos, en relación coa eficacia, calidade, logro de obxectivos e resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade do traballo.

INCIDENCIA ECONÓMICA E OBRIGATORIO SOMETEMENTO Á PRECEPTIVA FISCALIZACIÓN PREVIA

De conformidade co disposto no RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, poderá xenerar devengos retributivos posteriores en concepto de produtividade -de acreditarse o rendemento e a realización efectiva e satisfactoria das funcións que temporalmente se atribúen-.

Así, dacordo coas vixentes instrucións de plantilla para os supostos de acumulación de funcións de dous postos de traballo, en base os importes mensuais dos complementos de destino e específico dos postos, o importe máximo a aboar, no suposto de que a atribución temporal proposta acade os seis meses, será de 3944,76€-

Codg	Den	CD	CE	GR	Imp CD mensual
682	CONSERVADOR ZOO	25	401	A2	657,46 €

A Intervención Xeral emite informe en data 30/04/2019.

COMPETENCIA.

A competencia para resolver corresponde á Xunta de Goberno Local, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015 e 31/12/2016, a proposta da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal.

PROPOSTA DE ACORDO:

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, elévase ao órgano competente a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.-Atribuir provisionalmente o desempeño temporal de funcións do posto de “Conservador Vigozoo”, vacante na actualidade ao empregado municipal D A. Acuña Rodríguez, con número de persoal 83.261, adscrito ao posto “Veterinario Zoo”.

SEGUNDO.- Dispoñer que, transitoriamente e ata a resolución do proceso selectivo obxecto do Expte 33524-220, que deberá executarse con carácter urxente, o desempeño temporal de funcións que se realice terá carácter estritamente provisional ata a súa cobertura polos medios legalmente previstos , de xeito temporal ou definitivo ou se deixe sen efecto mediante acto administrativo posterior.

TERCEIRO.- Notificar a presente aos interesados, concelleiros/a-delegados/a das Áreas e Interventor Xeral ,para coñecemento e efectos.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

17(388).- APROBACIÓN DO CRITERIO PARA O CÁLCULO OBXECTIVO DO COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO EFECTIVO CON NÚMERO DE PERSOAL 13712. EXPTE. 33910/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 02/05/19, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes

1.- Segundo Resolucións de 16 de outubro de 2012 e 11 de decembro de 2013, dende o 17 de outubro de 2012 ata a data (Expte. 39664-212, 41941-212 e 59885-212), o funcionario con núm. de persoal 13712, esta a realizar as funcións de Xefe da Policía Local.

2.- En data 29/11/2013, o Intendente-Xefe en funcións, segundo Decreto de Alcaldía de 16/10/2012 solicita que a través da Área de Recursos Humanos e Formación se tramite unha proposta de Acordo para a Xunta de Goberno Local pola que se recoñeza o dereito a percibir as retribucións que correspondan, en concepto de produtividade, segundo as Instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos para o exercicio do ano 2010, e actualmente vixentes, polo exercicio das funcións de Xefe da Policía Local, dende o 17 de outubro de 2012 ata o 11 de decembro de 2013. (Expediente 39664/212).

En data 18/09/2014, o funcionario solicita de novo, que a través da Área de Recursos Humanos e formación se tramite unha proposta de Acordo para a Xunta de Goberno Local pola que se retribúa a maior dedicación e responsabilidade que supón o exercicio da Xefatura da Policía dende o 12 de decembro de 2013 ata a data do informe.

Na nómina de abril do ano 2016 abóase a cantidade de 10.808,56 € en concepto de produtividade no período comprendido entre o 17/10/2012 ao 30/11/2015.

3.- En data 19/6/2018, o funcionario D. F. Martinez Muñoz, con NP 13712 solicita que a través do Servizo de Recursos Humanos se tramite unha proposta de Acordo para a Xunta de Goberno Local pola que se lle recoñeza o dereito a percibir as retribucións que correspondan, en concepto de produtividade, segundo as vixentes Instrucción de plantilla, polo exercicio das funcións de Xefe da Policía Local, dende o 1 de novembro de 2015 ata a actualidade.

Motivación

1.- Segundo a vixente RPT, o servizo da Policía Local esta composto por 401 postos, distribuídos so seguinte xeito:

Posto	Núm. Efectivos	CD	CE	GR	Codg. Rtb	Escala (lei 4/2007)
SUPERINTENDENTE XEFE/A	1	28	615	A1	280	Superior
INTENDENTE	2	27	650	A1	54	Técnica
INSPECTOR/A PRINCIPAL	4	26	306	A2	84	Executiva
INSPECTOR/A	15	24	309	A2	99	Executiva
OFICIAL/XEFE EVAP	1	22	144	C1	103	Básica
OFICIAL INTENDENCIA	1	22	144	C1	313	Básica
OFICIAL/A	32	22	141	C1	126	Básica
POLICÍA EVAP	5	20	148	C1	135	Básica
POLICÍA	340	20	152	C1	134	Básica

Dos que na actualidade figuran vacantes o posto de Superintendente Xefe/a da Policía Local, cinco de Inspector/a, oito oficiais, un Policía EVAP e noventa Policías.

Dende a baixa por xubilación do funcionario adscrito ao posto 280 "Superintendente xefe da Policía Local" en data 12/12/2013, e anteriormente dende outubro de 2012, por ausencia do titular do posto, a xefatura do Corpo ven sendo desempeñada polo funcionario D. F. Martínez Muñoz, con NP 13712, con praza e posto de Intendente, Segundo Resolucións de 16 de outubro de 2012 e 11 de decembro de 2013, dada a necesidade da realización das funcións de xefatura indicadas na lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais de Galicia, no seu artigo 25.

Legislación aplicable

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Empregado Público.

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Legislativo 5/2015, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento legislativo posterior da mesma, debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na



Concello de Vigo

Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 (vixentes na actualidade), que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

En Sentenza do Tribunal Supremo de 23 de xullo do 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado.

Especificamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

A lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia establece no seu artigo 25 :

“Funcións

1. Sen prexuízo doutras funcións que se lles atribúan, de acordo coas disposicións vixentes, corresponderá aos funcionarios de cada escala, con carácter xeral, as seguintes:

- a) *Escala superior: a organización, dirección, coordinación e supervisión das distintas unidades e servizos do corpo.*
- b) *Escala técnica: a responsabilidade inmediata na planificación e execución dos servizos.*
- c) *Escala executiva: o mando operativo e a supervisión das tarefas executivas das unidades ao seu cargo.*
- d) *Escala básica: o cumprimento das funcións policiais propias do servizo. A realización de funcións planificadas polos seus superiores.*

2. Corresponderá, en todo caso, ao xefe do corpo as funcións atribuídas á escala superior, que deberán adecuarse ás particularidades de organización e dimensionamiento do persoal de persoal respectiva.

Así mesmo, no seu artigo 27:

O posto de xefatura exerce a máxima responsabilidade na Policía local e ostenta o mando inmediato sobre todas as unidades, seccións e servizos en que se organiza o corpo, baixo a superior autoridade do alcalde ou do concelleiro en quen delegue.

3. Corresponde ao xefe do corpo:

- a) *Transformar en ordes concretas as directrices recibidas do alcalde ou do membro da corporación en quen aquel delegue.*
- b) *Dirixir, coordinar e supervisar os servizos operativos do corpo, así como as actividades administrativas relacionadas directamente coas súas funcións, para asegurar a súa eficacia.*
- c) *Avaluar as necesidades de recursos humanos e materiais e formular as correspondentes propostas.*
- d) *Informar ao alcalde, ou ao cargo en quen este delegue, do funcionamento do servizo e do cumprimento dos obxectivos e ordes recibidas.*
- e) *Cumprir calquera outra función que lle atribúa o reglamento do corpo da Policía local.*

As vixentes instrucións de plantilla, recollen que, con cargo ao complemento de produtividade retribuirase o desempeño de postos de superior categoría:

“O especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia de su titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e complemento específico entre os dous postos. A estos efectos as vacacións consideraranse sempre como dun mes, independentemente da súa duración”

Dado que na RPT vixente non figura o posto de “Intendente Principal”, posto inmediatamente inferior ao de “Superintendente da Policía Local”, o funcionario D. F. Martínez Muñoz, con NP 13712, con posto e praza de Intendente esta a desempeñar as funcións establecidas no artigo 25 da lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia en canto as funcións a desempeñar polo posto de Xefe do corpo,



Concello de Vigo

Calculo do importe do complemento de produtividade

Dado que na RPT vixente non figura o posto de “Intendente Principal”, posto inmediatamente superior ao de “Intendente” e inferior ao de “Superintendente Xefe/ Policía Local” e a vista do establecido no artigo 25 anteriormente citado en canto as funcións a desempeñar polo posto de Xefe do corpo, tómase como referencia para o calculo sinalado o posto 280 “Superintendente Xefe/a Policía Local”

A diferenza retributiva mensual entre ambos postos no periodo no que se solicita o aboamento é o seguinte:

ANO	POSTO	CD	CE	DIFERENCIA MENSUAL
	SUPERINTENDENTE XEFE/A POLICIA LOCAL	832,30 €	2.822,83 €	
Decembro 2015	INTENDENTE POLICIA LOCAL	795,85 €	1.592,76 €	
		36,45 €	1.230,07 €	1.266,52 €
	SUPERINTENDENTE XEFE/A POLICIA LOCAL	840,73 €	2.851,86 €	
2016	INTENDENTE POLICIA LOCAL	803,81 €	1.608,69 €	
		36,92 €	1.243,17 €	1.280,09 €
	SUPERINTENDENTE XEFE/A POLICIA LOCAL	849,14 €	2.879,57 €	
2017	INTENDENTE POLICIA LOCAL	811,85 €	1.624,73 €	
		37,29 €	1.254,84 €	1.292,13 €
	SUPERINTENDENTE XEFE/A POLICIA LOCAL	864,01 €	2.929,96 €	
2018	INTENDENTE POLICIA LOCAL	826,06 €	1.653,21 €	
		37,95 €	1.276,75 €	1.314,70 €
2019	SUPERINTENDENTE XEFE/A POLICIA LOCAL	883,46 €	2.995,88 €	
	INTENDENTE POLICIA LOCAL	844,65 €	1.690,41 €	
		38,81 €	1.305,47 €	1.344,28 €

Dende o Servizo da Policía Local remiten doc. (trámite 21) asinado polo Oficial de Recursos da Policía Local que forma parte do expte. 59885/212 no que se informa das ausencias por permisos, vacacións e baixas por IT do funcionario no período considerado.

Nas instrucións sobre plantilla citadas anteriormente se regula que o persoal dos grupos A1 e A2 de titulación non poderán solicitar o aboamento do exceso de xornada realizada, senón que dito exceso de xornada será compensado con descansos.

Así mesmo, os importes aboados en concepto de produtividade corresponderíase coa realización de xornadas de dispoñibilidade, non contempladas nos acordos da Xunta de Goberno Local sobre Xornadas de reforzo para o persoal da Policía Local, para o posto de Superintendente Xefe da Policía Local ata a aprobación do Acordo Marco para a ampliación das xornadas laborais para o persoal da Policía Local, acordado pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de xuño de 2017, nas que se inclúen o posto de Superintendente da Policía Local (Expte 30140-220)

Por outra banda, e dado que o posto de Superintendente Xefe da Policía Local no está suxeito ao réxime de quendas establecido para os demais postos do Servizo da Policía Local, non sería compatible os aboamentos en concepto de nocturnidade e festividade co desempeño de dito posto xa que, na súa guía de funcións, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 20 de setembro de 2010, establece que, entre as súas funcións, correspóndelle:

- Acudir, en canto teña coñecemento, persoalmente, ao lugar de todo suceso grave ou calquera outro feito da mesma natureza que ocorra dentro do termo municipal, dispoñendo a prestación dos servizos e adoptando as medidas necesarias.
- Permanecer localizable, fora da súa quenda de traballo, a fin de que nos casos de emerxencia determinados polo servizo se poida incorporar ao mesmo coa máxima urxencia.
- Representar ao Corpo nos actos nos que este establecida dita representación.

Polo que no caso de ter que desempeñar as funcións propias do posto en xornada festiva ou horario nocturno, estas circunstancias estarían xa incluídas no importe do complemento específico correspondente ao posto de Superintendente xefe, tomado como referente para o cálculo económico do complemento de produtividade proposto.

En base ao exposto nos párrafos anteriores e tendo en conta o contido da sentenza nº 113 do 07/03/2018 do TSXG 151/17 do xulgado contencioso administrativo de Vigo, a cantidade proposta como complemento de produtividade para o funcionario solicitante será o resultado das diferenzas entre ambos postos (Codg 280 Superintendente xefe/a Policía Local e Codg 54 Intendente Policía local) debendo sere descontadas as cantidades percibidas en concepto de nocturnidade, festividade, exceso de xornada e produtividade por reforzos (ata a aprobación do Acordo Marco 2017)

No período comprendido entre o 01/12/2015 ata 28/02/2019, según os datos obrantes no programa de xestión de nómina, o funcionario foi retribuído polos seguintes conceptos:

CÓD. NÓMINA	CONCEPTO	DEC (2015)	2016	2017	2018	XAN / FEB 2019
220	Nocturnidad Festividad	358,08 €	91,60 €	809,33 €	916,72 €	52,13 €
242	Productividade	281,00 €	3.121,91 €	2.554,30 €		
871	Exceso xornada		89,03 €		3.733,83 €	231,22 €



Concello de Vigo

CÓD. NÓMINA	CONCEPTO	DEC (2015)	2016	2017	2018	XAN / FEB 2019
736	Atrasos Exc. Xornada			245,58 €		504,05 €
754	Atrasos Productv Grat.		281,00 €			
738	Atrasos Noct. / Festiv.		56,64 €		82,00 €	113,63 €
520	Gratific. Productividade			3.438,89 €		
		639,08 €	3.640,18 €	7.048,10 €	4.732,55 €	901,03 €
			TOTAL.....			16.960,94 €

2.- Con respecto a aplicación orzamentaria adecuada para a imputación do gasto, dado que aboaríase en concepto de produtividade , sería a 92001500000 "Productividade".

3.-Deste xeito, segundo as diferencias retributivas entre os postos, unha vez descontados os períodos correspondentes as vacacións dos anos 2015, 2016, 2017 e 2018 , dado que foron aboadas en concepto de produtividade e exceso de xornada (Conceptos nómina 220, 242, 520, 736, 738, 754 e 871) no período comprendido entre o 01/12/2015 ao 28/02/2019 a cantidade de 16.059,91 €, correspondería o aboamento dun complemento de produtividade por importe de **29.750,26 €**, sendo necesaria a aprobación por parte da Xunta de Goberno Local dos **criterios de referencia para o cálculo obxectivo do importe de complemento de produtividade proposto, consistente na diferenza retributiva existente entre os postos de Codg. Retributivo 280 "Superintendente Xefe da Policía Local" e Codg. retributivo 54 "Intendente Policía Local" das que se descontaran os importes aboados en concepto de produtividade por reforzos (ata a aprobación do Acordo Marco 2017) e gratificacións.**

ANO	CRITERIO	DIFERENCIA TOTAL	MESES TRABALLADOS	ABOADO	TOTAL A ABOAR
2015	DIFERENCIA ENTRE POSTOS	1.266,52 €	1	639,08 €	627,44 €
2016	DIFERENCIA ENTRE POSTOS	1.280,09 €	11	3.640,18 €	10.440,81 €
2017	DIFERENCIA ENTRE POSTOS	1.292,13 €	11	7.048,10 €	7.165,33 €
2018	DIFERENCIA ENTRE POSTOS	1.314,70 €	11	4.732,55 €	9.729,15 €
2019	DIFERENCIA ENTRE POSTOS	1.344,28 €	2	901,03 €	1.787,53 €
				16.960,94 €	29.750,26 €

Vistas as circunstancias anteditas, sendo emitido informe de fiscalización pola Intervención Xeral en data 30/04/2019, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO: Acordar a aprobación dos criterios de cálculo obxectivo para o outorgamento de complemento de produtividade os seguintes parámetros:

2. A diferenza retributiva existente entre os postos de Codig Retributivo 280 "Superintendente Xefe da Policía Local" e Codig retributivo 54 "Intendente Policía Local" das que se descontaran os importes aboados en concepto de produtividade pola realización de xornadas de reforzos (ata a aprobación do Acordo Marco 2017) e gratificacións.

SEGUNDO: Dese traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento."

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(389).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE SOLICITUDE DE SUBSANACIÓN DE ERRO NO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DAS VACANTES CON CARGO Á OEP 2018. EXPTE. 34007/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 06/05/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:



Concello de Vigo

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do día 18/12/2015, acordou aprobar “Os criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do concello de Vigo” Expte 26797-220.

II.- O punto III dos citados criterios leva por rúbrica “Funcionamento das listas de reserva” que dispón:

“As listas de reserva do Concello de Vigo teñen carácter público, ao abeiro do establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e figurarán publicadas no Portal de Transparencia debidamente actualizadas.

O nomeamento de funcionariado interino será acordado polo órgano municipal competente (Xunta de Goberno Local ou órgano en que delegue) previa tramitación de expediente xustificativo da necesidade e urxencia de efectuar o mesmo consonte aos supostos sinalados no apartado anterior, a proposta fundamentada do servizo administrativo correspondente, e coa conformidade da Concellería-delegada da Área concreta.

A incoación do expediente administrativo de nomeamento será realizada pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, titular das competencias de goberno en materia de recursos humanos e persoal.

As persoas integrantes das lista de reserva deberán reunir os requisitos legais e os termos e condicións establecidos nos presentes criterios para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, sendo ésta orde de incoación a referencia temporal ao efecto, rexéndose polo establecido no RD 2568/1986, do 28 de novembro.

A xestión das listas corresponderá a Recursos Humanos do Concello, estando á disposición dos interesados na web municipal www.vigo.org en cumprimento do establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en todo caso na data de entrada en vigor da norma indicada.

No momento de efectuar os correspondentes chamamentos, comezase pola primeira persoa da lista en función das calificacións obtidas, notificando á mesma mediante os medios contemplados na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e supletoriamente á dirección de correo electrónico aportada, con acuse de recibo, outorgándolle un prazo de 48 horas para que formalice a renuncia ou aceptación ao nomeamento ofertado segundo formulario tipo.

Asimesmo, será intentada a comunicación telefónica co aspirante, coa finalidade de acurtar os prazos de tramitación do nomeamento. Se non acusase recibo da notificación ou do correo electrónico, terase por efectuada a renuncia ao nomeamento e procederase ao chamamento ao seguinte da lista, sen que caiba alegar motivo xustificativo algún relativo ás causas da renuncia.

Cando se produza o cesamento dun integrante da lista por finalización das causas motivadoras do nomeamento, éste reincorporarase ao posto da lista que lle e corresponda por puntuación.

Para os supostos de empate entre aspirantes notificados para un nomeamento, se aplicará o principio de puntuación máxima obtida en cada exercicio.”

III.- Mediante instrución de servizo de data 26/02/2019 iniciouse expediente 33550-220

“Nomeamento interino por execución de programa temporal (programa de axudas extraordinarias a familias para gastos de aloxamento, subministros e alimentación – 2019) - catro auxiliares de administración xeral.

Dentro da tramitación do expediente de referencia, as solicitantes asinaron o 27/02/2019, escrito manifestan que desexaban optar ao referido nomeamento.

O acordo da xunta de goberno local nomeando as solicitantes como funcionarias interinas para o programa temporal de referencia e de data 14/03/2019.

IV.- As instrucións de servizo de datas 28/02/2019 e 25/03/2019 deron lugar á tramitación do expediente nº 33398-220 acumulado ao expte nº 33546-220 de nomeamento interino de tres auxiliares de administración xeral, con cargo ás vacantes da mesma denominación correspondentes á OEP 2018, baixo a modalidade prevista no artigo 10.1 a) do RDL 5/2015, de 30 de outubro, para distintos servizos.

Dentro da tramitación do expediente de referencia, as aceptacións das nomeadas son de 27/03/19 e 01/04/2019.

O acordo da xunta de goberno local nomeando as funcionarias interinas para ás coberturas das citadas vacantes é de 11/04/2019.

V.- En datas 16/04/2019 e 17/04/2019, as funcionarias interinas Sra. Collazo Saavedra, Sra. Miniño Valverde e Sra. Caride Nimes, presentaron escritos con nº doc. 190056867, 190056860, 190056868, 190056870, 190056779 e 190056777, contendo todos eles idénticos argumentos e petición.

VI.- Os criterios de xestión de listas de reserva están publicados no portal de transparencia do concello de Vigo.

NORMATIVA DE APLICACIÓN.

I.- Constitución Española.

II.- RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei do Estatuto Básico do Empleado Público.

III.- Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- As solicitantes interpoñen escrito no que solicitan que se subsane o erro no procedemento de adxudicación das vacantes con cargo á OEP 2018, por entender que por aplicación dos criterios de xestión das listas de reserva, lles correspondería ocupar a elas ás vacantes. Elo por consideran as asinantes que no momento do ofrecemento manifestaron unicamente que desexan optar ao nomeamento interino por execución de programa temporal, pero que estaban na situación de dispoñibles para a cobertura das vacantes.

Resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítase ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica *a sensu contrario*.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

II.- Doutrina dos actos propios.-

Con carácter previo parece necesario lembrar o principio de que ninguén pode ir en contra dos seus propios actos é unha expresión singular do principio xeneral de boa fe, xa que non pode reputarse ben intencionado quen se contradí e pretende “dicir digo, onde dixese Diego”.

Tamén garda relación coa prohibición do abuso de dereito (artigo .6.2 Código Civil) xa que o dereito exercido por quen actúa de tal maneira debe reputarse abusivo.

A Sentencia da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo de 18 de outubro de 2012, recorda este principio “Al respecto, resulta oportuno recordar que, en relación con el principio de actos propios, en la sentencia de esta Sala de 5 de enero de 1999 (RC 10679/1990), dijimos:

« [...] En la S.T.C. de 21 de abril de 1988, nº 73/1988 , se afirma que la llamada doctrina de los actos propios o regla que decreta la inadmisibilidad de venire contra factum proprium surgida originariamente en el ámbito del Derecho privado, significa la vinculación del autor de una declaración de voluntad generalmente de carácter tácito al sentido objetivo de la misma y la imposibilidad de adoptar después un comportamiento contradictorio, lo que encuentra su fundamento último en la protección que objetivamente requiere la confianza que fundadamente se puede haber depositado en el comportamiento ajeno y la regla de la buena fe que impone el deber de coherencia en el comportamiento y limita por ello el ejercicio de los derechos objetivos. El principio de protección de la confianza legítima ha

sido acogido igualmente por la jurisprudencia de esta Sala del Tribunal Supremo (entre otras, en las sentencias de 1 de febrero de 1990 (f.º.jº. 1º y 2º), 13 de febrero de 1992 (f.º.jº. 4º), 17 de febrero, 5 de junio y 28 de julio de 1997. Un día antes de la fecha de esta sentencia se ha publicado en el BOE la Ley 4/1999, de modificación de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre. Uno de los artículos modificados es el 3º, cuyo nº 1, párrafo 2º, pasa a tener la siguiente redacción: "Igualmente, deberán (las Administraciones Públicas) respetar en su actuación los principios de buena fe y de confianza legítima", expresándose en el Apartado II de la Exposición de Motivos de la citada Ley lo siguiente: "En el título preliminar se introducen dos principios de actuación de las Administraciones Públicas, derivados del de seguridad jurídica. Por una parte, el principio de buena fe, aplicado por la jurisprudencia contencioso-administrativa incluso antes de su recepción por el título preliminar del Código Civil. Por otra, el principio, bien conocido en el derecho procedimental administrativo europeo y también recogido por la jurisprudencia contencioso-administrativa, de la confianza legítima de los ciudadanos en que la actuación de las Administraciones Públicas no puede ser alterada arbitrariamente ».

Y en la sentencia de esta Sala de 16 de septiembre de 2002 (RC 7242/1997), se afirma:

« Además, la doctrina invocada de los "actos propios" sin la limitación que acaba de exponerse podría introducir en el ámbito de las relaciones de Derecho público el principio de la autonomía de la voluntad como método ordenador de materias reguladas por normas de naturaleza imperativa, en las que prevalece el interés público salvaguardado por el principio de legalidad; principio que resultaría conculcado si se diera validez a una actuación de la Administración contraria al ordenamiento jurídico por el sólo hecho de que así se ha decidido por la Administración o porque responde a un precedente de ésta. Una cosa es la irrevocabilidad de los propios actos que sean realmente declarativos de derechos fuera de los cauces de revisión establecidos en la Ley (arts. 109 y 110 de la Ley de Procedimiento Administrativo de 1958, 102 y 103 de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y Procedimiento Administrativo Común, Ley 30/1992, modificada por Ley 4/1999), y otra el respeto a la confianza legítima generada por actuación propia que necesariamente ha de proyectarse al ámbito de la discrecionalidad o de la autonomía, no al de los aspectos reglados o exigencias normativas frente a las que, en el Derecho Administrativo, no puede prevalecer lo resuelto en acto o en precedente que fuera contrario a aquéllos ».

Esa doutrina dos actos propios xoga en dobre sentido, para o particular e para a Administración, como expresión da boa fe expresada no artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro da Lei do Réxime Xurídico do Sector Público.

III.- Criterios de xestión das listas de reserva.

Os criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do concello de Vigo, no punto III adicado ao "Funcionamento das listas de reserva", entre outros aspectos, establecen que: *A incoación do expediente administrativo de nomeamento será realizada pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, titular das competencias de goberno en materia de recursos humanos e persoal.*



Concello de Vigo

As persoas integrantes das lista de reserva deberán reunir os requisitos legais e os termos e condicións establecidos nos presentes criterios para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, sendo ésta orde de incoación a referencia temporal ao efecto, rexéndose polo establecido no RD 2568/1986, do 28 de novembro.

A xestión das listas corresponderá a Recursos Humanos do Concello, estando á disposición dos interesados na web municipal www.vigo.org en cumprimento do establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en todo caso na data de entrada en vigor da norma indicada.”

Igualmente existe unha Comisión de seguimento da utilización das listas, na que participa a representación sindical dos traballadores, estando encargada das incidencias relacionadas coa xestión das listas.

En acta de reunión de data 17/11/2017, se recolle a toma de coñecemento por parte de comisión, do criterio de xestión concretado en: “*Se ofrecen os chamamentos que supoñan unha mellora de traballo (entendendo por mellora, sempre que implique 6 meses ou mais de traballo). Non se ofrecen as melloras de traballo ás persoas que estean a desenvolver programas de traballo temporal*”. A adopción de este criterio ven xustificada na inversión que realiza o concello, en formación especializada aos aspirantes nomeados para execución de programas de carácter temporal. Por motivos de eficiencia, non se lles ofrece outro nomeamento ata finalizar o programa.

IV.- Aplicación ao caso concreto.

De todo o anteriormente exposto, resulta que a data de sinatura electrónica da concellaría encargada de xestión municipal, é a data que determina o inicio do expediente, o momento a ter en conta para efectuar os chamamentos ás persoas integrantes das listas segundo o orden establecido e a data de referencia para a comprobación dos requisitos.

No caso que nos ocupa temos que, mediante instrución de servizo de data 26/02/2019 iniciouse expediente 33550-220 “Nomeamento interino por execución de programa temporal (programa de axudas extraordinarias a familias para gastos de aloxamento, subministros e alimentación – 2019) - catro auxiliares de administración xeral. Neste expediente, as solicitantes asinaron o 27/02/2019, escrito no que manifestan que desexaban optar ao referido nomeamento. Dende este momento, ao manifestar a súa opción, as asinantes están vinculadas á mesma por aplicación da teoría dos actos propios.

O expediente polo que se procede ao nomeamento interino para a cobertura de vacante, foi iniciado con posterioridade. Así as instrucións de servizo de datas 28/02/2019 e 25/03/2019 deron lugar á tramitación do expediente nº 33398-220 acumulado ao expte nº 33546-220 de nomeamento interino de tres auxiliares de administración xeral, con cargo ás vacantes da mesma denominación correspondentes á OEP 2018, baixo a modalidade prevista no artigo

10.1 a) do RDL 5/2015, de 30 de outubro, para distintos servizos. Dentro da tramitación do expediente de referencia, as aceptacións das nomeadas son de 27/03/19 e 01/04/2019.

Polo exposto procede a desestimación do solicitado, xa que logo non existe o erro alegado polas asinantes do escrito presentado. Iniciado o expediente de cobertura de vacantes con posterioridade, e habendo elas xa manifestado a súa opción, se procedeu ao chamamento das persoas que correspondía segundo os criterios existentes e que constan no fundamento anterior de este informe.

En atención a todo o exposto, e visto o Recurso interposto e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Desestimar, en atención ao informe proposta que antecede, as solicitudes formuladas polas funcionarias interinas Sra. Collazo Saavedra, Sra. Miniño Valverde e Sra. Caride Nimes; nº doc. 190056867, 190056860, 190056868, 190056870, 190056779 e 190056777.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ás solicitantes, ao Comité de Persoal e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

19(390).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS AXUDAS DE ESTUDOS 2018-2019 (FAS). EXPTE. 34021/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 02/05/19, dáse conta do informe-proposta de data 30/04/19, asinado pola xefa da área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegadode Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

A Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, remite acordo de data 26 de abril de 2018, sobre concesión de axudas estudos 2018-2019, aos traballadores que figuran no mesmo, de conformidade co establecido na convocatoria de ditas axudas aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de 21/02/2019.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, prorrogados para o presente ano.

II.- Artigos 29, 30 e 31 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo.

III.- Bases de Execución do Orzamento Municipal do Concello de Vigo para o exercicio económico 2019.

IV.- Artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. Imputación do gasto: clasificación económica 22101620400-Fondo Social dos orzamentos municipais para o ano 2018.

V.- O Regulamento rector do Fondo de Acción Social (FAS) establece no seu artigo 5 as funcións e competencias da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) preceptuando que corresponde á mesma:

1.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social, achégase certificación da Xunta de Goberno Local de data 16/04/2013, de aprobación de ditas bases rectoras.

2.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das convocatorias concretas, de carácter ordinario ou extraordinario, susceptibles de ser aprobadas dentro de cada exercicio orzamentario.

3.- Recepción, estudo e avaliación das solicitudes de axudas presentadas, con formulación da proposta de outorgamento individualizado ao órgano municipal competente.

4.- Arquivo e custodia da documentación presentada polos solicitantes na sede física correspondente, garantindo a posta a disposición da mesma aos órganos responsables da fiscalización e control orzamentario e contable, así como da Corporación Municipal e do persoal municipal, ostentando a titularidade dos ficheiros de datos sometidos á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.

5.- Elaboración de memoria anual relativa á actividade da propia Comisión e á xestión administrativa e orzamentaria do Fondo de Acción Social (FAS) aos efectos de dar conta do mesmo ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal, garantindo a súa difusión entre o persoal municipal.

6.- Elevación ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal de propostas de mellora, reordenación ou reorganización dos diferentes programas e actuacións contidos no presente regulamente, dirixidas á mellora das condicións sociais dos efectivos públicos municipais.

7.- Planificación, calendarización e desenvolvemento efectivo das actuacións necesarias para a execución dos programas do FAS, coa obriga de manter permanentemente informados de tal extremo ao órgano municipal competente e ao persoal municipal.

8.- En xeral, calquera outra función que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos relacionados coa xestión do Fondo de Acción Social (FAS) tendentes á mellora das condicións sociais do persoal municipal.

VI.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local.

VII.- En canto á imputación orzamentaria e contable do gasto, foi remitido o expediente de convocatoria de ditas axudas (expte. 33475-220) realizándose informe de fiscalización, así como rc nº 12119, por importe de 120.000,00 euros, con cargo a clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro.- Aprobar as axudas de estudos 2018-2019 propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo do 26/04/2019 por un importe total de **99.340,00 €** (noventa e nove mil trescentos cuarenta mil euros), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos seguintes empregados públicos municipais que se indica co importe que se especifica e en función a distribución que se indica:



Concello de Vigo

CLAVES	TRAMO 5	TRAMO 4	TRAMO 3	TRAMO 2	TRAMO 1
CLAVE 1	30€	40€	70€	130€	160€
CLAVE 2	40€	50€	100€	170€	190€
CLAVE 3	80€	90€	180€	250€	300€

CLAVE 1

Garderías e preescolar

CLAVE 2

Primaria, secundaria, FP., etc.

CLAVE 3

Universidade e FP de grao superior

Nº PER	APELLIDO 1	APELLIDO 2	TRAMO	CLAVES	EUROS
78893	ABALDE	COMESAÑA	3	2+3	280
15102	ABALDE	POSADA	3	3	180
21663	ABALDE	POSADA	1	2+2	380
76511	ACUÑA	REYES	1	1+1	320
83261	ACUÑA	RODRIGUEZ	4	2	50
79494	AGUIAR	CASTRO	1	2	190
76564	AGRA	ABALDE	1	3	300
60913	ALBERTE	OTERO	4	2+1	90
80472	ALBERTOS	BENAYAS	5	2+2	80
79850	ALFAYATE	RODRIGUEZ	5	2	40
17242	ALONSO	ALONSO	2	3	250
83586	ALONSO	ARESES	1	2+1	350
78150	ALONSO	CACHEIRO	5	2	40
60504	ALONSO	DE LA CAMPA	1	2+2	380
69931	ALONSO	DE LA CAMPA	1	3	300
79364	ALONSO	DUARTE	3	1+2	170
82161	ALONSO	IGLESIAS	1	1+1	320
79396	ALONSO	POSADA	2	1+2	300

Nº PER	APELLIDO 1	APELIDO 2	TRAMO	CLAVES	EUROS
79394	ALONSO	REGUEIRO	1	2	190
13764	ALONSO	RODRIGUEZ	3	2	100
79370	ALONSO	RODRIGUEZ	1	3+2	490
22480	ALONSO	VILA	3	3+2	280
20600	ALVAREZ	DIAZ	3	3	180
76410	ALVAREZ	DOMINGUEZ	4	3+2	140
79538	ALVAREZ	OUTEIRO	5	1	30
80590	ALVAREZ	PENA	3	1	70
18709	ALVAREZ	PRIETO	1	2	190
76506	ALVAREZ	SOAJE	4	2+3+3	230
20920	ALVAREZ	TORRES	4	2+3	140
21686	ALVAREZ	VAZQUEZ	3	2+2	200
78716	AMBOAGE	GARCIA	4	3+2	140
78823	AMOEDO	CABALEIRO	1	2	190
22467	AMOEDO	MOREIRA	1	2+2	380
80892	AMOR	RIO	3	2+2	200
82986	ANDRADE	TELLO	4	2+2	100
82166	ANTAÑON	SOBRADO	5	2+2	80
79103	ANTEPAZO	BRUN	4	2	50
23277	ARANGO	FERNANDEZ	1	2	190
23886	ARAUJO	SANCHEZ	3	2	100
77022	ARBONES	LAGO	4	2	50
78745	ARGIBAY	CUSI	3	1+1	140
22786	ARIAS	RODRIGUEZ	3	3	180
79925	ARLANDIS	MARRA	4	2+2	100
83267	ARMADA	PEREIRA	2	3+3	500
21717	BALEA	GARCIA	1	3	300
79572	BARBARA	RODRIGUEZ	5	2+2+2	120
83600	BARCIELA	LEDO	3	2+2+2	300
76431	BARREIRA	PAZOS	3	2+2	200
60902	BARROS	ALONSO	1	2	190
79355	BARROSO	PARADA	3	2	100
79373	BASTOS	BASOA	3	1+2	170
17360	BASTOS	ROMAN	3	3	180
8355	BAUTISTA	FARALDO	1	2	190
79136	BEA	PUENTES	3	2+2+2	300



Concello de Vigo

Nº PER	APELLIDO 1	APELIDO 2	TRAMO	CLAVES	EUROS
83605	BELLO	GÓMEZ	3	2+1	170
83270	BELTRAN	MUÑOZ	1	3	300
83590	BEN	BLANCO	4	2	50
15059	BEN	COUTO	1	2	190
79381	BERGES	MARTINEZ	3	2+1	170
78966	BERROS	PEREZ	5	2+2	80
77323	BILBAO	ECHEGARAY	2	3+3+3	750
78251	BLANCO	FUENTES	2	2+2	340
80596	BLANCO	PEREZ	4	2+1	90
17176	BORRAJO	RODRIGUEZ	4	2	50
14284	BOUZAS	NOVAS	5	3	80
79109	BUGALLO	CORRALES	3	2+2+1+1	340
83400	BUJAN	OTERO	2	3	250
61104	CAAVEIRO	FERNANDEZ	1	2+2	380
81945	CABALEIRO	NOVELLE	4	3+1	130
81958	CABALEIRO	NOVELLE	4	3	90
80660	CABEZA	PEREIRO	4	2+2+2	150
A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 33.600 € (trinta e tres mil seiscentos euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 7.200 € (21,43 %)
- Xunta de Galicia: 2.500 € (7,44 %)
- Recursos propios da entidade: 23.900 € (71,13 %)

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

A FEIRA DO LIBRO NOVO DE VIGO terá lugar do 27 de xuño ao 6 de xullo de 2019.

A FEIRA DO LIBRO ANTIGO E DE OCASIÓN DE VIGO terá lugar do 20 de xullo ao 4 de agosto de 2019.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D^a. Pilar Rodríguez Álvarez, presidenta da mesma.
- 2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3.Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 5.Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- 6.Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.

7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (7.200 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.



Concello de Vigo

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 13 de novembro de 2019.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.



Concello de Vigo

- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2019 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV



Concello de Vigo

da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2019, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ANEXO ORZAMENTO DO PROGRAMA FEIRAS DO LIBRO DE VIGO 2019

1.- GASTOS:

Persoal de apoio e xestión nas feiras	1.000
Aluguer de casetas e estruturas	24.000 €
Luz, vixilancia e son	6.000 €
Actividades	2.000 €
Imprenta, distribución e difusión	400 €
Aval	200 €

TOTAL GASTOS 33.600 €

2.- INGRESOS:

Concello de Vigo	7.200 €
Xunta de Galicia	2.500 €
Recursos propios	23.900 €

TOTAL INGRESOS 33.600 €



Concello de Vigo

23(394).- AUTORIZACIÓN Á FUNCIONARIA CON NP 78436 PARA ASISTENCIA Á MOSTRA DE TEATRO GALICIA ESCENA PRO 2019, DO 10 AO 13 DE XUÑO, EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, EN COMISIÓN DE SERVIZO. EXPTE. 2637/330.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 25/04/19, o informe de fiscalización do 30/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 22/04/19, asinado pola técnica media de Actividades Culturais e Educativas, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro de Cultura, que di o seguinte:

O concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, resolveu que pola Área de Cultura se iniciase o expediente necesario para encomendar á funcionaria Marta Núñez Aboy a asistencia en Comisión de Servizo á Mostra de Teatro Galicia Escena Pro 2019 que terá lugar do 10 ao 13 de xuño, en Santiago de Compostela, en comisión de servizo.

A citada funcionaria, técnica de actividades culturais e educativas, ven desempeñando funcións de programación de música, teatro e danza que desenvolve ao longo do ano o servizo de Cultura, así como a programación estable de artes escénicas que se desenvolve no Auditorio Municipal. Como consecuencia deste feito, a citada funcionaria realiza funcións de xestión da programación de artes escénicas relacionadas directamente coa mostra á que se lle encomenda a citada comisión de servizo e que terá lugar en Santiago de Compostela, entre os días 10 e 13 de xuño de 2019.

No día de hoxe están confirmadas as datas da mostra pero non os horarios de exhibición, que se sóen anunciar uns días antes, pero ante o circuito polo que ten que pasar o presente expediente de autorización cómpre comezar a tramitalo canto antes. Aínda así, pola experiencia doutros anos a feira no día da inauguración sóe comezar ás 10 horas e finalizar o último día sobre as 2 horas da madrugada, polo que xa estaríamos no día 14 de xuño. Así pois compriría realizar unha autorización máxima (que se xustificará á volta) de saída o propio día 10 de xuño, con anterioridade ás 10 horas e o regreso como máximo o día 14 de xuño non posterior ás 15 horas.

Ao non tratarse dun curso, encontro ou foro que se poida considerar como formación, senón dunha feira na que se visualizan ofertas de artes escénicas co obxectivo de realizar a posterior programación do servizo de Cultura, debería considerarse como unha viaxe oficial en comisión de servizo.

Estímanse pois uns gastos máximos que se xustificarán posteriormente e que previsiblemente serán inferiores que os estimados no presente informe:

- 149,60 € en concepto de 4 dietas de manutención.
- 263,88 € en concepto de 4 dietas de aloxamento.
- 200,00 € en concepto de gastos de transporte (gasoliña, posibles peaxes, parking, etc.).

As dietas se corresponden coa lexislación vixente correspondente aos grupos A2, ao que pertence a citada funcionaria.

Polo exposto, e coa conformidade do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, do concelleiro-delegado da Área de Cultura e da concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

1. Encomendar á funcionaria Marta Núñez Aboy, con nº de persoal 78436, a asistencia á Mostra de Teatro Galicia Escena Pro 2019 entre os días 10 e 13 de xuño de 2019, en comisión de servizo por tratarse dunha viaxe oficial.
2. Autorizar a saída o día 10 de xuño anterior ás 10 horas e o regreso o día 14 de xuño non máis tarde das 15 horas.
3. Autorizar a utilización de vehículo particular para realizar a viaxe e desprazamentos por Santiago de Compostela.
4. Autorizar os seguintes gastos: 413,48 € en concepto de 4 dietas de manutención e aloxamento, con cargo á partida 3340.230.20.00 “dietas de personal” e 200 € en concepto de transporte e locomoción, con cargo á partida 3340.231.20.00 “locomoción do persoal non directivo”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(395).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE GAS NATURAL PARA OS COLEXIOS PÚBLICOS, ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, PAZO DE CONGRESOS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 261/441.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 03/05/19 e o informe de fiscalización do 06/05/19, dáse conta do informe-proposta de data 02/05/19, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Concello de Vigo

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- Ao abeiro do previsto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2.014/23/UE e 2.014/24/UE (LCSP), emítese Informe de necesidade e idoneidade asinado polo Xefe do Servizo administrativo e control orzamentario da área de Fomento, e en data 07/03/2019 por parte do Concelleiro de Fomento, Limpeza e Contratación, resolverse a autorización do inicio do expediente para a contratación do “SUBMINISTRO DE GAS NATURAL PARA OS COLEXIOS PÚBLICOS, ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, PAZO DE CONGRESOS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO”, e encomendar a redacción dos informes técnicos necesarios derivados da tramitación deste expediente a Enxeñeira técnica Industrial Susana González Ramírez adscrita á Área de Servizos Xerais.

2.-En base ao referido Informe que xustifica adecuadamente a necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, no uso das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local, de 19 de xuño de 2015), acordou o inicio da contratación a medio de Decreto de data 07/03/19.

4.- No expediente inclúese a seguinte documentación:

a).- Informe de necesidade e idoneidade da contratación asinado en data 07/03/19 polo polo Xefe do Servizo administrativo e Control orzamentario.

b).- Decreto do segundo Tenente de Alcalde e concelleiro delegado das Áreas de Fomento, Limpeza e Contratación de data 07/03/19 acordando “iniciar o expediente para a contratación do SUBMINISTRO DE GAS NATURAL PARA OS COLEXIOS PÚBLICOS, ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, PAZO DE CONGRESOS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO.

c).- Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeira Técnica Industrial en data 15 de marzo de 2019.

d).- Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP, asinada pola Enxeñeira Técnica Industrial, o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario e a Xefa de Educación , conformada polos concelleiros delgados de educación e fomento, con data última de firmas de 30 de abril de 2019.

e).- Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de contratación de data 2 de maio de 2019.

f).-Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 2 de maio de 2019.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- O artigo 116.1 LCSP establece que a celebración de contratos polas Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que

se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da Lei.

De conformidade coa Disposición Adicional Segunda, apartado 4 da Lei de Contratos do Sector Público, nos Municipios de Gran Poboación as competencias do órgano de contratación exerceranse pola Xunta de Goberno Local, calquera que sexa o importe do contrato ou a duración do mesmo.

En virtude da Resolución de data 19 de xuño de 2.015, acordouse a delegación do Alcalde na Xunta de Goberno Local, acordándose na mesma data a delegación da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros delegados de Área, delegando a competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten nas súas respectivas áreas de competencia. A referida Resolución de 9 de xuño de 2.015, foi modificada por Resolución de Alcaldía de 9 de xullo de 2.018.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o contrato.

Terceiro.- De conformidade co artigo 116 LCSP, o contrato foi iniciado polo órgano de contratación motivando a necesidade segundo o establecido no artigo 28 do texto legal.

Cuarto.- O expediente xustifica suficientemente a necesidade e idoneidade do contrato segundo o artigo 28 e 116.4 LCSP; a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custos laborais (artigo 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145 LCSP); a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP; así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); a elección do procedemento aberto segundo o establecido no artigo 156 LCSP e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP) así como o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 21 LCSP.

Quinto.- Consta na memoria xustificativa da contratación elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos no artigo 7.3 da L.O. 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do Concello. A proposta atópase contemplada no orzamento aprobado inicialmente polo Pleno para o ano 2.019.

Sexto.- É preceptiva a previa aprobación do expediente o informe da titular da asesoría xurídica (Disposición Adicional Tercera.8 da LCSP e Disposición Adicional oitava.e) da Lei 7/85 de 2 abril de Bases de Réxime Local; así como a incorporación do certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación de conformidade coa Disposición



Concello de Vigo

Adicional Segunda apartado 4 da LCSP, correspóndelle á Xunta de Goberno Local nos Municipios de Gran Poboación na súa calidade de órgano de contratación.

Polo exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, documento contable e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria, do contrato de SUBMINISTRO DE GAS NATURAL PARA OS COLEXIOS PÚBLICOS, ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, PAZO DE CONGRESOS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares asinado polo Enxeñeira Técnica Industrial en data 15 de marzo de 2019.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 2 de maio de 2019.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente o cal ascende a un máximo TRESCENTOS OITO MIL SETECENTOS ONCE EUROS CON DEZ CÉNTIMOS (308.711,10 €) IVE engadido, sendo o importe do IVE de CINCOENTA E TRES MIL CATROCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (53.477,96 €).

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo para o ano 2019, 2020 e 2021, de acordo as seguintes aplicacións orzamentarias e créditos:

		2019	2020	2021	TOTAL
3230.221.02.00	CENTROS DOCENTES E GARDERÍAS:	15.700,92	41.318,22 €	25.617,29 €	82.636,43 €
9200.221.02.00	PAZO DE CONGRESOS/AUDITORIO MAR DE VIGO-DEPENDENCIAS MUNICIPAIS:	41.267,42 €	108.598,47 €	67.331,06 €	217.196,95 €
9202.221.02.00	PARQUE CENTRAL DE SERVICIOS- SANTA CRISTINA:	1.686,77 €	4.438,86 €	2.752,09 €	8.877,72 €
		58.655,11 €	154.355,55 €	95.700,44 €	308.711,10 €

O prezo estimado do contrato ascende a 561.292,91 (CINCOENTOS SESENTA E UN MIL

DOUSCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E UN CÉNTIMOS) €.

Quinto.- Abrir o procedemento de adxudicación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(396).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DO INICIO DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE “IMPLANTACIÓN DA VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ”. EXPTE. 117/441.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 07/05/19, asinado pola a técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e Orzamentario da Área de Fomento, o xefe dos Servizos Xurídicos de Servizos Xerais, e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

Antecedentes.

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 18 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

«Aprobar o proxecto de “IMPLANTACIÓN DA VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Alberto Moreno Pike, cun orzamento base de licitación, máis IVE, de UN MILLÓN CATROCENTOS MIL EUROS (1.400.000,00 €) asinado en xullo de 2018 e entregado en data outubro de 2018».

2.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 31 de xaneiro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar á UTE PRACE SERVICIOS E OBRAS, S.A. - EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRÍGUEZ, S.L. o procedemento aberto mixto para a contratación das obras de “Implantación de vía verde sobre antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzáiz” e o mantemento das zonas verdes, do mobiliario urbano e das instalacións eléctricas (117-441) coas seguintes condicións:

a) O prezo total do contrato é de 1.135.819,99 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 197.125,78 euros.

b) Propón un incremento do período inicial do servizo de mantemento de zonas verdes e mobiliario urbano de 4 trimestres (6 trimestres en total).



Concello de Vigo

c) Propón un incremento do período inicial do servizo de mantemento das instalacións eléctricas de 4 trimestres (6 trimestres en total)".

3.- En data 5 de febreiro de 2019 o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza resolveu nomear como titulares da Dirección Facultativa das citadas obras á Enxeñeira Industrial Dña. BEGOÑA ARRANZ GONZÁLEZ e ao Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.

4.- Con data 13 de febreiro de 2019 asinouse o acta de comprobación do replanteo.

5.- Con data 6 de maio de 2019, a Dirección facultativa da obra emite informe solicitando o inicio do expediente de modificación do proxecto de "IMPLANTACIÓN DA VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ", coa posibilidade de modificación da base económica inicial do proxecto.

Fundamentos técnicos e xurídicos

I.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece no seu artigo 190 que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezan o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta (artigo 203 LCSP), dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e para os efectos sinalados na Lei.

II.- Neste caso que nos ocupa, a necesidade da modificación do proxecto en cuestión, xustifícase pola Dirección facultativa da obra no seu informe de data 6 de maio de 2019. No mesmo indícase o seguinte:

"No ámbito de actuación entre Urzáiz e o pk 0+000, posteriormente a licitación da obra de referencia e previamente a firma da acta de comprobación de replanteo, deron comezo as obras do Centro Comercial Vialia que presentan un ámbito de actuación compartido no citado tramo, como se deixou constancia na propia acta de comprobación de replanteo.

Unha vez realizado o replanteo da obra comezáronse os traballos de acondicionamento previo na mesma, procedendo desbrozar e limpar o primeiro tramo do ámbito de actuación, dende Urzáiz ata o pk 0+900 aproximadamente.

Tralos axustes realizados na nova obra do Centro Comercial, comprobouse que, coas disposicións propostas actuais, existe solape entre o trazado da vía verde e os axustes do novo aparcamento proposto na obra do Centro Comercial, polo que tras diversas reunións mantidas cos responsables de ADIF e das actuacións do Centro Comercial Vialia,

considerase necesario o axuste do trazado da vía verde lixeiramente no tramo citado e a adecuación as novas condicións de contorno da actuación do centro comercial e a súa interacción con esta e coa rúa Vía Norte.

(...)

Polo exposto anteriormente, as variacións con respecto ao proxecto aprobado, que motivan esta proposta unha vez realizados os predeseños específicos cabe concluír que é necesario incorporar novas unidades que poderían modificar a base económica inicial do proxecto.

As citadas modificacións suscitadas, están recollidas nas circunstancias descritas no art. 204 da “Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014” e no PCAP que rexe a contratación das obras, Anexo I FOLLA DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO (FEC) Punto 14 MODIFICACIÓN DO CONTRATO, Apartado C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN: Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.

As citadas modificacións estimase non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e son de interese para unha adecuada solución do obxecto da obra contratada, sendo modificadas en xeral pola aparición de elementos que non puideron ser previstas no proxecto inicial. Así mesmo, considérase que o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non altera o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria deste proxecto de obra e polo tanto non incorpora unha presentación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

As modificacións que se plantexan non alteran as condicións de adxudicación e licitación recollidas no PCAP que rexen a contratación das obras.

Os prezos contraditorios que se proporán, consecuentes á solución técnica adoptada, referiranse á data de licitación calculados sobre a base do proxecto orixinal aprobado para a adxudicación da obra, en todo o que se refire aos prezos unitarios de man de obra, materiais e maquinaria, e a os custos indirectos dos prezos descompostos.

En tanto o órgano de contratación adopte o acordo que proceda, esta dirección facultativa entende necesario propoñer unha moratoria no prazo de execución da obra.”

III.- As modificacións atópanse, en principio e sen prexuízo do seu análise unha vez elaborado o proxecto modificado, tal e como se indica no informe da dirección facultativa,



Concello de Vigo

nos supostos do artigo 204 da LCSP e no apartado 14 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do Contrato, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 22 de novembro de 2018, que prevé a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

- Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección, condicións xeotécnicas, estado das estruturas, impermeabilizacións, soleiras e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.
- Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto

De conformidade co disposto no devandito artigo 204 LCSP e no Prego, as modificacións en ningún caso poderán superar o 20% do prezo do contrato.

IV.- O artigo 242 da LCSP regula a tramitación das modificacións no caso dos contratos de obras, establecendo no seu apartado 4 o seguinte: “cando o Director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto e se cumpran os requisitos que a tal efecto regula a Lei, recabará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se sustanciará coas seguintes actuacións:

- a.- Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
- b.- Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de 3 días.
- c.- Aprobación do expediente polo órgano de contratación, así como dos gastos complementarios precisos.”

V.- Competencia.- Constando por tanto petición da Dirección facultativa ao órgano do contratación tal e como sinala o artigo 242.4 da LCSP, procede elevar a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da Lei de Contratos do Sector Público.

Por isto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Autorizar o inicio do expediente de modificación do proxecto de obras de **“IMPLANTACIÓN DA VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ”**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Alberto Moreno Pike.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(397).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DO INICIO DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE “MELLORA O ENTORNO DA PRAZA AMÉRICA”. EXPTE. 95/441.

Dáse conta do informe-proposta de data 07/05/19, asinado pola técnica de Xestión Feder, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe dos Servizos Xurídicos da Area de Servizos Xerais, e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

Antecedentes.

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 24 de agosto de 2018, adoptou o seguinte acordo:

«Aprobar o proxecto de “MELLORA DO ENTORNO DA PRAZA AMÉRICA”, redactado pola Arquitecta, Dna. Iria Urdampilleta Pérez, cun orzamento base de licitación, máis IVE, de UN MILLÓN NOVECIENTOS MIL EUROS (1.900.000,00 €) e data 29 de xuño de 2018 e sinatura dixital de data 13 de agosto de 2018».

2.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 27 de decembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Mellora do entorno da praza América” (95-441) por un prezo total de 1.411.890,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 245.038,76 euros. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

3.- En data 2 de xaneiro de 2019 o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza resolveu nomear como titulares da Dirección Facultativa das citadas obras ao Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. XACOBE PAZ SALGADO e ao Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS”.

4.- Con data 9 de xaneiro de 2019 asinouse acta de comprobación do replanteo.

5.- Con data 6 de maio de 2019, a Dirección facultativa da obra emite informe solicitando o inicio do expediente de modificación do proxecto de “MELLORA DO ENTORNO DA PRAZA AMÉRICA”, coa posibilidade de modificación da base económica inicial do proxecto.

Fundamentos técnicos e xurídicos

I.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece no seu artigo 190 que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os



Concello de Vigo

contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta (artigo 203 LCSP), dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e para os efectos sinalados na Lei.

II.- Neste caso que nos ocupa, a necesidade da modificación do proxecto en cuestión, xustifícase pola Dirección facultativa da obra no seu informe de data 6 de maio de 2019. No mesmo indícase o seguinte:

“O proxecto a executar recolle nova rede de drenaxe no ámbito de actuación. No tramo entre Gran Vía e a rúa Coruña se inclúe solución para dar cabida as previsión do Plan Director de Saneamento de desaugar colector de diámetro 1.500 mm. Para iso, entre o límite de actuación próximo a Gran Vía e o paso inferior en túnel existente se proxecta taxea de 3000x600 mm (de sección equivalente ao futuro colector de 1.500 mm que baixe pola Gran Vía), se atravesa o túnel mediante tres colectores en paralelo de sección 900 mm cada un, pola parte superior da estrutura soterrada, continuando ata interceptar ao colector existente na rúa Coruña co colector existente de 1.800 mm de diámetro.

Unha vez comezada a obra, e comezada a escavación por enriba do túnel existente, comprobouse que coa altura dispoñible para o paso da citada taxea, considerando a menor pendente posible para que circule as augas con garantía, esta taxea se desenrolaría fora do ámbito de actuación en Gran Vía, practicamente na cota de superficie actual, sen resguardo, o que faría inviable a súa posta en funcionamento, ademais de interceptar liña de media tensión detectada tamén fora do ámbito de actuación.

Debido a isto é necesario a redefinición da rede de pluviais proxectada no entorno do paso inferior, no tramo entre Gran Vía e Rúa Coruña, aproveitando as redes existentes de fecais, e os cruces de tubaxes existentes baixo a lousa do paso inferior, de modo que se manteñan as previsións de desaugue do Plan Director de Saneamento e sexa viable tanto xeometricamente como a súa execución con seguridade.

(...)

Polo exposto anteriormente, as variacións con respecto ao proxecto aprobado, que motivan esta proposta unha vez realizados os predeseños específicos cabe concluír que será necesario incorporar novas unidades que poderían modificar a base económica inicial do proxecto.

As citadas modificacións suscitadas, están recollidas nas circunstancias descritas no art. 204 da “Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014” e no PCAP que rexe a contratación das obras, Anexo I FOLLA DE ESPECIFICACIONES DO CONTRATO (FEC)

Punto 14 MODIFICACIÓN DO CONTRATO, Apartado C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN: Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas, estado das estruturas e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.

As citadas modificacións estimase non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e son de interese para unha adecuada solución do obxecto da obra contratada, sendo modificadas en xeral pola aparición de elementos que non puideron ser previstas no proxecto inicial. Así mesmo, considérase que o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non altera o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria deste proxecto de obra e polo tanto non incorpora unha presentación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

As modificacións que se plantexan non alteran as condicións de adxudicación e licitación recollidas no PCAP que rexen a contratación das obras.

Os prezos contraditorios que se proporán, consecuentes á solución técnica adoptada, referiranse á data de licitación calculados sobre a base do proxecto orixinal aprobado para a adxudicación da obra, en todo o que se refire aos prezos unitarios de man de obra, materiais e maquinaria, e a os custos indirectos dos prezos descompostos.

En tanto o órgano de contratación adopte o acordo que proceda, esta dirección facultativa entende necesario propoñer unha moratoria no prazo de execución da obra.”

III.- As modificacións atópanse, en principio e sen prexuízo do seu análise unha vez elaborado o proxecto modificado, tal e como se indica no informe da dirección facultativa, nos supostos do artigo 204 da LCSP e no apartado 14 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do Contrato, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 18 de setembro de 2018, que prevé a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

- Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas, estado das estruturas, impermeabilizacións, soleiras e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.
- Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto

De conformidade co disposto no devandito artigo 204 LCSP e no Prego, as modificacións en ningún caso poderán superar o 20% do prezo do contrato.



Concello de Vigo

IV.- O artigo 242 da LCSP regula a tramitación das modificacións no caso dos contratos de obras, establecendo no seu apartado 4 o seguinte: *“cando o Director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto e se cumpran os requisitos que a tal efecto regula a Lei, recabará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se sustanciará coas seguintes actuacións:*

- a.- Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.*
- b.- Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de 3 días.*
- c.- Aprobación do expediente polo órgano de contratación, así como dos gastos complementarios precisos”.*

V.- Competencia.- Constando por tanto petición da Dirección facultativa ao órgano do contratación tal e como sinala o artigo 242.4 da LCSP, procede elevar a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da Lei de Contratos do Sector Público.

Por isto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Autorizar o inicio do expediente de modificación do proxecto de obras de **“MELLORA DO ENTORNO DA PRAZA AMÉRICA”**, redactado pola Arquitecta Dna. Iria Urdampilleta Pérez.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(398).- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DA LICENZA DE TAXI Nº 19. EXPTE. 1986/449.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 30/04/19, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

O día 25 de xuño de 2018 entra no rexistro Xeral do Concello de Vigo un informe do Servizo de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Vivenda - Xefatura Territorial de Pontevedra, en contestación á solicitude realizada polo Concello de Vigo, no que se comunica que a autorización VT nº **05796111**, adscrita ó vehículo **7210 FBP** causou baixa de forma definitiva, por non visar dende o **28 de febreiro de 2014**.

Segundo consta nos datos obrantes neste Área de Transportes, o vehículo **7210 FBP**, marca **SEAT TOLEDO 1.9 TDI**, figura adscrito á licenza de taxi nº **19**, sendo o seu titular D. ALBERTO SÁNCHEZ ALONSO.

Na data 16 de xullo de 2018 dítase unha resolución que establece o seguinte:

PRIMEIRO.- INICIAR EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE CADUCIDADE da licenza de taxi nº 19, da que e titular D. ALBERTO SÁNCHEZ ALONSO, por carecer da Tarxeta de Transportes.

SEGUNDO .-CONCEDER trámite de audiencia ó titular da licenza D. ALBERTO SANCHEZ ALONSO, durante un prazo de 10 días, contados a partir do seguinte ó da notificación desta Resolución, a fin de presentar as alegacións que teña por convenientes.

Inténtase a notificación os días 20 e 23 de xullo de 2018, de conformidade co previsto na lexislación sobre procedemento administrativo común; e o 31 do mesmo mes so Servizo de Correos devolve a notificación ó servizo de Transportes do concello de Vigo.

Na data 28 de xaneiro de 2019 publícase no BOE, de conformidade co artigo 44 da Lei 30/2015, un extracto, a fin de comunicarlle ó interesado a incoación do expediente, debendo comparecer nun prazo de 20 días para acceder ó contido íntegro do mesmo, ó non poder comunicar a citada incoación mediante correo certificado, por ser devolta a comunicación polo servizo de Correos.

O interesado non compareceu no prazo previsto, e non presentou as alegacións oportunas, polo que se ten por realizada a notificación

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Considerando, que o artigo 4, punto 3, da Lei 4/2013 de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, as licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi estarán vinculadas e a súa obtención efectuarase mediante o procedemento coordinado de outorgamento regulado no artigo 16 da presente lei.

Considerando que de conformidade co disposto no artigo 5 da Ordenanza Municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo aprobada polo Pleno da Corporación na data 9 de febreiro de 2015 e publicado no BOP de data 11 de marzo de 2015 (modificada por acordo plenario de data 5 de setembro de 2018 e en vigor a partir do 17 de outubro de 2018), a prestación do servizo de taxi esta suxeita a previa obtención da licenza municipal de taxi e da autorización interurbana de taxi .

Considerando que o artigo 14 da Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxis na cidade de Vigo, establece que se declarara a caducidade das licencias, nos casos de incumprimento polo titular das condicións que xustificaron o seu outorgamento, circunstancia que se da en el presente caso al carecer o titular da licenza dun dos títulos que xustificaron o seu outorgamento.

Considerando o disposto no artigo 4 da citada Ordenanza, é competencia da Xunta de Goberno Local o coñecemento e resolución dos expedientes sancionadores que conleven a sanción de declaración de caducidade da licenza municipal ou do permiso municipal de condutor.

Considerando que de conformidade co Decreto de delegación de competencias de data 19 de xuño de 2015 as competencias en materia de taxis corresponden á Concelleira Delegada da Area de Transportes e Proxectos Estatais e Europeos .



Concello de Vigo

Considerando que de conformidade co disposto no artigo 49 da citada Ordenanza, poderase declarar a **caducidade da licenza municipal** por incumprir as condicións que xustificaron o seu outorgamento.

Polo até aquí exposto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO .- **Declarar a caducidade da licenza municipal de taxi nº 19** da que é titular D. ALBERTO SÁNCHEZ ALONSO por carecer de autorización VT, ó non visala dende o **28 de febreiro de 2014**, causando baixa de forma definitiva a autorización VT nº **05796111**, adscrita ó vehículo **7210 FBP** comunicado polo Servizo de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Vivenda - Xefatura Territorial de Pontevedra o 25 de xuño de 2018.

SEGUNDO.- Notificar o presente Acordo ó titular D. ALBERTO SÁNCHEZ ALONSO requeríndolle no prazo de 10 días, contados a partir da citada notificación, para que entregue na oficina do servizo de Transportes do Concello de Vigo (sita na pranta 11 do Edificio Administrativo) a licenza municipal, e proceda a retirar todos os distintivos dos que dispoña o vehículo.

Unha vez entregado o solicitado, o interesado non poderá prestar servizo de taxi como titular da licenza de taxi nº 19.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(399).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A XUNTA DE GALICIA PARA O ACTO DE APERTURA DO “FESTIVAL POÉTICO PIROMUSICAL CIDADE DE VIGO-VILA DE BOUZAS 2019” DECLARADA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA. EXPTE. 7388/104.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe xurídico do 03/05/19, dáse conta do informe-proposta de data 02/05/19, asinado pola técnica do Servizo de Turismo, a concelleira-delegada de Turismo, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

INFORME:

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O APOIO, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA FESTA DECLARADA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA, Á XUNTA DE GALICIA, ANO 2019.

De conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como

competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, recolle no título VII, referente á promoción e fomento do turismo, un capítulo específico sobre as medidas de promoción e fomento no que se inclúe o artigo 93, que prevé a declaración de festas de interese turístico de Galicia e que sinala que a declaración farase segundo se determine reglamentariamente en función, entre outros, da antigüidade, da singularidade e do arraigo, así como das actividades promocionais que desenvolvan.

Mediante a Resolución 12 de abril de 2004 se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia de 2 de abril de 2004, que declara festa de Galicia de interese turístico, á festa do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas.

A festa do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas conta cun grande arraigo popular no seu contorno. Celébranse distintos actos, entre os que destacan o pregón, a regata internacional de faluchos (embarcacións tradicionais de vela latina), a procesión e o Festival Poético Piro-Musical "Cidade de Vigo - Vila de Bouzas".

Dende o servizo de Festas, apróbase cada ano un convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a cofradía do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas, para a organización do acto de apertura do festival poético piromusical de Bouzas, que cargarse á partida 3380.489.0011 do Servizo de Festas. O Concello comprométese a conceder una subvención por importe de 8.100€ co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización do acto "Convenio Comisión Festas de Bouzas"

En data 15 de abril de 2019 a Axencia de Turismo de Galicia publica, no DOGA N°73, a RESOLUCIÓN do 5 de abril de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2019.

PROPOSTA

1. Autorizar a solicitude de subvencións para o acto de apertura do "Festival poético piromusical cidade de Vigo-Vila de Bouzas 2019", ao abeiro da convocatoria da Axencia de Turismo de Galicia por importe de 4.500€ a concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia, Resolución de 5 de abril de 2019, DOG N°73 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico para Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.

2. O Concello de Vigo financiará a totalidade dos 8.100€ que importa o acto I: Apertura do Festival poético piromusical cidade de Vigo-Vila de Bouzas 2019.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

29(400).- APROBACIÓN INICIAL DO DOCUMENTO DE DELIMITACIÓN DA REDE SECUNDARIA DE FAIXAS DE XESTIÓN DA BIOMASA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 104/105.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 08/05/19, asinado pola arquitecta da Oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, o xefe da Área de Servizos Xerais, a xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía, o xefe do Servizo de Medio Ambiente Sanidade e Consumo, e polo concelleiro delegado de Parques Xardíns, que di o seguinte:

1- ANTECEDENTES

En sesión extraordinaria e urxente de data 11 de outubro de 2018, a Xunta de Goberno Local acordou impulsar o procedemento para a elaboración do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais (en adiante, PMPDIF), a cuxos efectos se constituíu unha Comisión Técnica de Seguimento do Plan, ó tempo que se designaba responsable da dirección e coordinación do proceso de elaboración e aprobación deste ó concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos (expte. 104/105).

Con data 11/03/19, o concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, resolveu adxudicar o contrato menor de servizos para a redacción do PMPDIF a favor da entidade Cartoplan Atlántico, S.L. (expte. 11861/446).

Con data de entrada no Rexistro Electrónico deste Concello do 7 de maio de 2019, a adxudicataria achegou o “Documento de delimitación da rede secundaria de faixas de xestión da biomasa” (doc. 190066631).

2- ANÁLISE DO DOCUMENTO.

O documento foi redactado pola enxeñeira de montes, María Carmen Martínez Santorio, e polo enxeñeiro agrónomo, José Antonio González Ferreira, da entidade Cartoplan Atlántico, S.L., e asinado electrónicamente en data 06/05/2019.

2.1- Contido do documento

O contido do documento obxecto deste informe proposta é o seguinte:

I).- MEMORIA XUSTIFICATIVA.

1.- ANTECEDENTES E XUSTIFICACIÓN.

2.- OBXECTIVOS.

3.- ÁMBITO TERRITORIAL .

4.- DESCRICIÓN DO ÁMBITO FORESTAL.

4.1.- Recursos forestais.

4.2.- Definición do Monte.

5.- PLANEAMENTO URBANÍSTICO MUNICIPAL.

6.- XESTIÓN DA BIOMASA.

7.- REDES DE FAIXAS DE XESTIÓN DE BIOMASA.

7.1.-Definición e Tipos.

7.2.- Redes Secundarias de Faixas de Xestión de Biomasa.

7.3.- Delimitación das Redes Secundarias de Faixas de Xestión de Biomasa .

II).- PLANOS

Plano no 1: Localización. (A1 . 1:30.000; A3 1:60.000). (1 folia)

Plano no 2: Planeamento (PGOU 93). (A1 . 1:30.000; A3 1:60.000). (1 folia)

Plano no 3: Delimitación do Monte e Área de Influencia. (A1 . 1:30.000; A3 1:60.000).
(1 folia)

Plano no 4: Rede Secundaria de Faixas de Xestión da Biomasa. (A1 1:1.000; A3 1:2000).
(267 follas onde existe rede secundaria de faixas de xestión, das 371 follas que compoñen a totalidade do termo municipal)

III).- ANEXOS

ANEXO I.– RELACIÓN DE PARCELAS CATASTRAIS INCLUÍDAS NA REDE
SECUNDARIA DE FAIXAS DE XESTIÓN DA BIOMASAS.



Concello de Vigo

2.2.- Valoración dos aspectos técnicos do documento

En relación coa delimitación do monte e a súa zona de influencia

O documento reflicte a delimitación do monte ou terreos forestais do municipio de Vigo atendendo ó inventario nacional forestal, clasificación de montes veciñais en man común e o que resulta da aplicación da definición de monte da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (en adiante, LPDIFG), Lei 43/2003, de montes e a Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

Por outra banda, o documento, tamén, reflicte a zona de influencia forestal axustada á lexislación en materia de incendios forestais.

En relación coa clasificación urbanística e os núcleos de poboación

A delimitación da rede de faixas secundarias, onde é obrigatorio a xestión da biomasa forestal, ten como obxectivo evitar o crecente risco de incendio no interface urbano-forestal (a zona de influencia forestal segundo LPDIFG). Deste xeito establécense, neste conxunto de parcelas lineais do territorio, as medidas necesarias para controlar e garantir a eliminación da biomasa forestal de alto valor combustible co obxectivo de diminuír o risco de incendio que poida afectar aos núcleos de poboación.

Segundo o artigo 2.1 da LPDIFG, non terán a consideración de monte ou terreo forestal o solo urbano, o de núcleo rural e o urbanizable. A zona de influencia forestal (art. 2.13 da LPDIFG) está constituída por unha franxa de 400 metros lindeira aos terreos forestais, excluindo o solo urbano, de núcleo rural e o urbanizable.

Tal e como establece o artigo 21 da LPDIFG, nos espazos definidos como redes secundarias de xestión da biomasa, os suxeitos responsables deben xestionar a biomasa vexetal nunha franxa perimetral de 50 metros dende o límite do solo urbano, de núcleo rural e urbanizable. Todo isto sen prexuízo do disposto na disposición transitoria quinta da dita lei, xa que a xestión da biomasa non resulta preceptiva no entorno do solo urbanizable hasta que este se atope desenvolvido mediante o seu correspondente plan parcial e se aprobe definitivamente o seu proxecto de urbanización.

A teor do anteriormente exposto, resulta necesario delimitar o solo urbano, de núcleo rural e o urbanizable, é dicir, o conxunto dos terreos que forman os núcleos de poboación do municipio. Xa que logo, atenderemos á clasificación urbanística do solo que se establece no plan xeral vixente no Concello de Vigo.

O planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993 (a súa aprobación definitiva foi publicada no DOG nº 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P. nº 133, o 14 de xullo de 1993). Trátase en realidade do denominado *Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA* (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia).

É dicir, o PXOU 1993 foi redactado no marco da LASGA (Lei 11/85), e non se adecúa á lexislación urbanística vixente (Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia (LSG) e o seu Regulamento de desenvolvemento (RLSG)); polo tanto, a súa clasificación urbanística non se axusta ás clases de solo vixentes na actualidade.

O plan xeral vixente ten a consideración de instrumento de planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da LSG e non adaptado á LOUGA (Lei 9/2002), porén, na actualidade, conserva a súa vixencia consonte ás regras establecidas na Disposición transitoria primeira, apartado 2, da LSG:

“a) Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado. Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.b) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano non consolidado.

b) Ao solo urbanizable delimitado, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo urbanizable.

Ao solo urbanizable non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico.

Malia o anterior, ao solo urbanizable delimitado, non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico con planeamento de desenvolvemento aprobado inicialmente antes da entrada en vigor desta lei, aplicaráselle o réxime do solo urbanizable previsto nela.

Así mesmo, ao solo urbanizable delimitado, non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico con planeamento de desenvolvemento aprobado definitivamente antes da entrada en vigor desta lei, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.

c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.

d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico”.

Segundo a dita Disposición Transitoria, establécense as seguintes equivalencias entre as clases de solo vixentes na actualidade e as que establece o planeamento municipal:

- O solo urbano correspóndese co solo urbano (SU) do PXOU 1993, a excepción do solo urbano incluído nas delimitacións de núcleos rurais existentes de recente formación e os tradicionais.
- O solo de núcleo rural, que non existe como tal no PXOU 1993, correspóndese coas delimitacións de núcleo rural existente de recente formación e tradicionais (tanto as delimitacións en solo urbano (SU) como as de solo non urbanizable (SNU)).
- O solo urbanizable correspóndese co solo urbanizable programado (SUP) no PXOU 1993, así como o solo urbanizable non programado (SUNP) con planeamento de desenvolvemento aprobado. Dentro deste último caso atópanse o polígono residencial de Navia, o parque comercial de Gandariña ou a Cidade Universitaria.



Concello de Vigo

- O solo rústico correspóndese co solo non urbanizable e co solo urbanizable non programado sen planeamento de desenvolvemento aprobado.

Estas equivalencias vense reflectidas na delimitación do solo urbano, de núcleo rural e urbanizable da documentación da rede de faixas secundarias de xestión da biomasa.

Na rede de faixas secundarias de xestión é obrigatorio xestionar a biomasa dentro da zona de influencia de 400 metros, e nunha franxa perimetral de 50 metros arredor das edificacións destinadas ás persoas, as vivendas illadas, urbanizacións, vertedoiros, cámpings, gasoleiras e instalacións industriais (artigo 21.b da LPDIFG).

O fenómeno da *periurbanización*, é dicir, a expansión da cidade cara ás parroquias periféricas, caracteriza o municipio de Vigo. Xa que logo, no termo municipal a zona de influencia situada a menos de 400 metros do monte, e fóra do solo urbano, de núcleo rural e urbanizable -o interface urbano-forestal-, está fortemente antropizada.

Isto supón que na rede de faixas secundarias, para as obrigas derivadas do artigo 21.b da LPDIFG, se considere unha superficie bastante elevada desta zona de influencia – o que se reflicte no documento de delimitación da rede secundaria de faixas de xestión da biomasa -, xa que nela atópanse unha gran cantidade de edificacións, na súa maioría destinadas ás persoas, que constitúen case núcleos de poboación contiguos ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable.

En relación coas vivendas illadas

A antedita periurbanización do territorio no termo municipal, ponse de manifesto pola escasa presenza de vivendas illadas situadas a mais de 400 metros do monte en solo rústico. Malia o anterior, consideráronse unhas edificacións illadas destinadas a persoas nas parroquias periféricas e situadas a mais de 80 metros do núcleo de poboación mais cercano, o cal se pode ver reflectido na rede de faixas.

En relación coa superficie incluída na delimitación da rede secundaria

O resultado da intersección da rede secundaria de faixas de xestión e o parcelario catastral, resúmese en:

Número de parcelas incluídas na rede secundaria de faixas de xestión:

Total parcelas incluídas	34.083
Parcelas Rústicas	31.156
Parcelas Urbanas	2.927

Superficie de parcelas incluídas na rede secundaria de faixas de xestión:

Total superficie incluída	1.988,72 Ha.
Superficie Parcelas Rústicas	1.816,60 Ha.
Superficie Parcelas Urbanas	172,72 Ha.

Por todo o exposto, o documento define graficamente a delimitación concreta da rede secundaria de faixas de xestión da biomasa forestal que constitúe o conxunto de parcelas lineais do municipio estratexicamente situadas para evitar o risco de incendios que poidan afectar ós núcleos de poboación conforme á citada LPDIFG.

3.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

3.1.- Competencia municipal.-

Entre a competencias que o art. 7 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (LPDIFG) atribúe ás entidades locais, está a elaboración e aprobación do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais (PMPDIF), consonte ó previsto nas lexislacións galegas de prevención e extinción de incendios e de montes e cuxa elaboración, execución e actualización ten carácter de obriga (art. 16.4 LPDIFG).

O art. 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, establece como servizo mínimo de prestación obrigatoria nos concellos con poboación superior a 20.000 habitantes a prevención de incendios.

3.2. O Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais.

Este planeamento configúrase como un plan especial para facer fronte ás emerxencias derivadas dos riscos dos incendios forestais e que, no nivel municipal, integrará nos plans de emerxencia municipais as actuacións de prevención e defensa contra os incendios forestais do municipio (art. 13 LPDIFG).

De conformidade co art. 16 da LPDIFG, a estrutura do plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais debe ser a establecida mediante orde da consellería competente en materia forestal -a día de hoxe non foi ditada a referida orde- e seguindo as directrices fixadas na normativa en materia de emerxencias. Incluirá, al menos, as pistas, vías, camiños, estradas e montes de titularidade municipal, a definición das redes de faixas secundarias, así como, a análise da propiedade destas redes de faixas.



Concello de Vigo

Este planeamento pode incluír ordenanzas de prevención de incendios concordantes co obxecto da lei en solo urbano, núcleo rural e urbanizable situado a menos de 400 metros do monte.

O documento obxecto deste informe é a “Delimitación das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa do Concello de Vigo” e que formará parte do PMPDCIF.

3.3.- Rede secundaria de faixas de xestión da biomasa.-

Neste contexto, revisten especial importancia as redes de faixas de xestión da biomasa, que a Lei define como “o conxunto de parcelas lineais do territorio estratexicamente situadas, onde se garante o control e eliminación total ou parcial da biomasa forestal, mediante técnicas silvícolas idóneas, co obxectivo principal de reducir o risco de incendios” (art. 2.15 LPDIFG), polo tanto, instrumento fundamental en materia de prevención e defensa contra incendios forestais.

A xestión da biomasa que existe nos terreos forestais e zonas de influencia forestal realízase a través destas faixas, que o art. 20 da referida Lei divide en primarias, secundarias e terciarias. Correspóndelle ás entidades locais a xestión das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa (art. 7.e da LPDIFG), ás que a Lei lle atribúe como función prioritaria a “protección dos núcleos poboacionais, as infraestruturas, os equipamentos sociais, as zonas edificadas, os parques e os polígonos industriais”, así como, as faixas laterais de redes viarias da súa titularidade.

As referidas redes de faixas secundarias, cuxa xestión é de competencia municipal, deben quedar definidas no planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais (art. 16.2 LPDIFG).

3.4.- Procedemento aprobación.-

Polo que respecta ó procedemento de elaboración e aprobación do Plan, a única previsión legal ao respecto é que a súa aprobación debe ir precedida de informe preceptivo e vinculante da dirección xeral competente en materia forestal. Polo que, sen prexuízo desta especialidade, este procedemento tramitarase con suxeición á Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP), así como, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).

Examinadas as diversas normas de protección ambiental, Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, Real decreto legislativo 1/2016, de 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, o documento obxecto deste informe e o PMPDIF en redacción non están suxeitos nin a avaliación ambiental estratéxica, nin a avaliación de impacto ambiental, nin a autorización ambiental integrada.

O referido documento ten por obxecto a protección do medio e, en especial, a protección civil fronte os incendios e as referidas normas eximen de autorización ambiental aqueles plans, programas, proxecto cuxo único obxectivo sexa a protección civil en casos de emerxencia.

Examinada, tamén, a Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente e, en concreto, os establecido nos artigos 16, 17 e 18 da referida norma tampouco se observa que os referidos documentos teñan que someterse as consultas públicas que sinala a esta lei para a súa elaboración, tendo en consideración que os documentos non inclúen ningunha disposición de carácter xeral -ordenanza- que obrigaría a observar ditos trámites.

O art. 21.1 da LPDIFG obriga ás persoas que conforme a esta resulten responsables, e nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa, a xestionar a biomasa vexetal na franxa legalmente establecida:

“(...) franxa de 50 metros:

- *a) Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria quinta*
- *b) Arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, vertedoiros de lixo, cámpings, gasoleiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte*
- *c) Arredor das edificacións illadas destinadas ás persoas en solo rústico situadas a mais de 400 metros do monte”.*

Dispón o art. 22.1 da LPDIGFG que a execución da xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas de xestión de biomasa, incluída, de ser o caso, a retirada de especies arbóreas prohibidas, debe levarse a cabo polos seu responsables antes de que finalice o mes de maio de cada ano, obriga que, segundo a DT3ª da Lei, opera nos termos expostos aínda que non se teñan definidas as redes secundarias de faixas de xestión da biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Á vista da imposibilidade de ter aprobado o documento íntegro do PMPDIF antes do prazo de esixibilidade daquelas obrigas legais, a fin de que os responsables poidan identificar as parcelas incluídas na rede secundaria de faixas de xestión de biomasa sobre as que debe levarse a cabo a xestión da biomasa e, no seu caso, achegar as alegacións que consideren pertinentes, considérase axeitado proceder á aprobación inicial do “documento de delimitación da rede secundaria de faixas de xestión da biomasa”, que tralo estudo e resolución das alegacións achegadas se incorporará ó documento definitivo do PMPDIF para o seu sometemento ó preceptivo e vinculante informe autonómico.



Concello de Vigo

Por tanto, o “Documento de Delimitación de Redes Secundarias de Faixas de Xestión da Biomasa do Concello de Vigo” ten substantividade propia xa que concreta, en aplicación da LPDCIFG, os terreos que quedan incluídos nestas redes secundarias e nos que existe a obriga de xestionar a biomasa polas persoas que resultan responsables, polo que ao abeiro do artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas entendemos que procede sometelo ó trámite de información pública para que todos os interesados poidan formular as alegacións, observacións ou suxestións que estimen procedentes.

Deste xeito abrirase un prazo de información pública durante 20 días hábiles, a contar dende a publicación do correspondente anuncio no BOP de Pontevedra, co obxecto de que os responsables poidan identificar as parcelas suxeitas ás obrigas da LPFIFG e a fin de que as persoas que o desexen poidan formular alegacións, observacións e suxestións.

A tales efectos, o documento publicarase na páxina web do Concello de Vigo (<http://www.vigo.org>) e no seu Portal de Transparencia e estará a disposición do público en xeral nas dependencias da Casa Consistorial do Concello de Vigo, sita na praza do Rei, 1, CP 36202, Vigo. Así mesmo, inxeriranse anuncios nos xornais locais para garantir a súa máxima difusión.

Todo isto, sen prexuízo doutras fórmulas de difusión do documento que se consideren necesarias e oportunas para garantir o seu xeral coñecemento e posibilitar a achega de alegacións.

Sen prexuízo da posterior remisión do documento íntegro do PMPDIF á dirección competente en materia forestal para a emisión de informe, daráselle traslado da resolución de aprobación inicial do documento de delimitación da rede secundaria de faixas de xestión da biomasa para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3.5. Órganos competentes.-

O art. 16.4 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (LPDIFG), atribúelle ós alcaldes a coordinación e xestión do planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais. A elaboración, execución e actualización teñen carácter de obrigatorias, competencia do alcalde en virtude o art. 124.4.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

De conformidade coa resolución de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015, correspóndelle á **Xunta de Goberno Local** “a aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña ou promoción de actividades e/ou servizos de competencia municipal (...)”.

Mediante acordo da XGL de data 11 de outubro de 2018 atribuíuse ó concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos a dirección e coordinación do proceso de elaboración e aprobación do plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais. Así mesmo, mediante resolución de delegación de competencias da Alcaldía de data 12 de abril de 2019, o concelleiro delegado desta área ostenta as competencias de elaboración, coordinación e xestión deste planeamento.

Por todo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: APROBAR INICIALMENTE o “**Documento de delimitación da rede secundaria de faixas de xestión da biomasa do Concello de Vigo**”, asinado polos técnicos competentes da entidade Cartoplan Atlántico, S.L. en data 6 de maio de 2019, por encargo da Concellería delegada da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos ao abeiro do acordo da XGL de data 11/10/18.

SEGUNDO: SOMETER o “**Documento de delimitación da rede secundaria de faixas de xestión da biomasa do Concello de Vigo**”, ó trámite de **INFORMACIÓN PÚBLICA** polo prazo de **20 DÍAS HÁBILES**, a contar dende a publicación do correspondente anuncio no BOP de Pontevedra, a fin de que as persoas que o desexen poidan formular as correspondentes alegacións, observacións e suxestións. Isto sen prexuízo, no seu caso, da publicación de anuncios nos xornais locais a fin de garantir a súa máxima difusión.

TERCEIRO: PUBLICAR o “**Documento de delimitación da rede secundaria de faixas de xestión da biomasa do Concello de Vigo**” na na páxina web do Concello de Vigo (<http://www.vigo.org>), así como, no seu Portal de Transparencia, quedando, así mesmo, a disposición do público en xeral nas dependencias da Casa Consistorial do Concello de Vigo, sita na praza do Rei, 1, CP 36202, Vigo.

CUARTO: O “**Documento de delimitación da rede secundaria de faixas de xestión da biomasa do Concello de Vigo**”, será o documento de referencia aos efectos de que os responsables cumpran coas súas obrigas de xestión da biomasa conforme ao art. 21 e no prazo previsto no art. 22 da LPDIFG (antes do 31 maio de cada ano), esixible ex DT3ª LPDIFG. O incumprimento desta obriga poderá dar lugar á execución forzosa de forma subsidiaria polo Concello de Vigo e a cargo do obrigado que deberá abonar os custes da xestión, sen prexuízo do que resulte do procedemento sancionador.



Concello de Vigo

QUINTO: DAR TRASLADO da presente resolución á Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Consellería de Medio Rural a efectos do seu coñecemento e efectos oportunos.

SEXTO: COMUNICAR o presente acordo aos servizos municipais interesados, Área de Seguridade e Mobilidade, Área de Fomento, Servizo Municipal de Patrimonio, Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, Xerencia Municipal de Urbanismo e á Concellería de Xestión Municipal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(401).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez